

*Dese pau teño eu unha gaita. A fraseoloxía na obra de Manuel Leiras Pulpeiro*¹

Dese pau teño eu unha gaita. Phraseology in the work of Manuel Leiras Pulpeiro

Ramón Anxo Martínez Seixo

Escola Oficial de Idiomas de Vigo (España)

ORCID: 0000-0003-3035-8276

monchouseixo@edu.xunta.gal

Resumo: Nesta recadádiva, reeditamos e explicamos as unidades fraseolóxicas que Manuel Leiras xuntou en dous dos seus traballos alén das utilizadas por el na súa obra literaria.

Palabras clave: Manuel Leiras Pulpeiro, fraseoloxía galega, literatura galega, área mindoniense.

Abstract: *In this catalogue we reedit and explain the phraseological units that Manuel Leiras brought together in two of his works in addition to those used by himself in his work.*

Key words: *Manuel Leiras Pulpeiro, Galician phraseology, Galician literature, Mindonian Area.*

1. Introducción

Manuel Leiras Pulpeiro foi un escritor galego que se distinguiu polo emprego de fraseoloxía na súa obra. Se o comparamos cos tres autores máis importantes do Rexurdimento, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros, podemos dicir que, cuantitativamente, os supera nese aspecto aos tres xuntos. O mindoniense naceu nove anos máis tarde que o máis vello dos tres —Pondal, 1835— e pertence, seguindo a Carballo Calero (1981: 401), ao grupo dos diádocos ou compañeiros, que son os que están máis preto no tempo dos tres mestres; así, os seus primeiros poemas publicados datan de 1884. Mais de por parte, o noso autor preocupouse por recoller refráns, cantigas

¹ Data de recepción: 08.07.24. Data de aceptación: 18.09.24.

e expresións da súa veciñanza. Foi, se cadra, o exercicio da súa profesión de médico o que lle permitiu identificarse coa vida da xente labrega e coñecer admirabelmente a fala da súa terra, e, en concreto, o que hoxe denominamos a fraseoloxía.

Propuxémonos, neste traballo, presentar e explicar as unidades fraseolóxicas que el empregou na súa obra literaria e tamén as que recolleu e explicou nos seus traballos. O máis importante destes últimos é o que X. L. Franco Grande denominou, na súa única edición até a actual, «Frases», e que nós denominamos FLP. O segundo dos traballos de Manuel Leiras que teremos en conta é o que Franco denomina «Vocabulario enviado por Leiras Pulpeiro á Academia Galega». Neste vocabulario (27 páxs), o noso autor anotou un número importante de palabras e un número menor de unidades fraseolóxicas que enviou á Real Academia Galega (RAG) en seis entregas, a segunda datada en 1911. As dúas obras a que nos referimos están incluídas na súa *Obra completa* publicada en 1970² por Franco Grande, mais, con respecto ao «Vocabulario», que nós chamaremos VLP, seguimos a edición de Ignacio Pérez Pascual e Cleofé Tato García publicada en *Verba* en 1986, máis rigorosa que a de Franco.

1.1. O autor

Manuel Leiras naceu en Mondoñedo en 1854. En 1877, con vinte e tres anos, licenciouse en Medicina e Cirurxía na Universidad Central (España). Exerceu a súa profesión de médico na súa vila, onde foi poeta do seu pobo, republicano federal e esperantista. En 1905, proposto para membro numerario da RAG, non aceptou o nomeamento. Morreu en 1912. Foi unha personalidade recoñecida e respectada na súa época como unha gran figura ética. Xesús Alonso Montero (1983) dinos del o seguinte: «Poeta anticlerical, musa solidaria, cidadán pouco convencional, médico dos pobres, republicano avanzado, o seu vivir foi un “test” constantemente proposto a un medio humano gobernado polos ricos, influído polo Clero e convencional dabondo».

1.2. A obra literaria

Alén duns cantos poemas en diferentes revistas e xornais, Manuel Leiras só publicou en vida o poemario *Cantares gallegos* (1911). Será en 1930 cando a Editorial Nós publique a maioría das súas composicións, mais non a totalidade, que será nas edicións de Alonso Montero (1983) e de Reimunde Noreña (1984). Cómpre salientar tamén, no eido da etnografía, o moi interesante traballo da autoría de Leiras que Ramón Reimunde achou na RAG e que editou e titulou *Costumes antigos en Galiza* (1998).

² Este volume consta dun estudo del mesmo titulado «Lingua e poesía de Leiras» e o que chama «Obra completa». Nesta, inclúe as súas poesías, dúas coleccións de refráns (na primeira, os publicados na revista *Galicía*, que son 9 páxinas, e, na segunda, outros non publicados, que son outras 13 páxinas), as mencionadas «Frases» e un conxunto de adiviñas (4 páxinas), amais do «Vocabulario» tamén mencionado.

O texto orixinal é en castelán, mais inclúe moito léxico e fraseoloxía galegos (sobre todo refráns). Como nos explica X. M. G. Reboredo, que o volveu editar en 2013, o texto consiste nas respostas de Mondoñedo para a *Información sobre costumbres de nacimiento, casamiento y muerte: encuesta del Ateneo de Madrid* (1901-1902). A obra que acabamos de citar non foi tida en conta para este traballo, mais si tivemos en conta tres textos que achamos na RAG entre os papeis de Leiras (*Conto do barqueiro* [en adiante, CDB]³, *O que ten eiba sempre lle reina* [OQTE]⁴, *Conto* [CSR]⁵). Citarémoslos pola nosa versión, mais quen queira comprobar calquera pormenor pode acudir á edición destes textos de Reimunde (1998: 127–132).

1.3. As frases de Leiras Pulpeiro

A única edición de que dispuñamos até agora do traballo de recollida de frases de Leiras Pulpeiro (FLP) é a que fixo Franco Grande dentro da *Obra completa* publicada pola editorial Galaxia en 1970. Son 13 páxinas, da 401 á 415. Franco comenta nese libro que todo o que, na súa edición, vén despois das poesías («Frases, adivinanzas, adagios y cantares», «Consejos y refranes no publicados», «Frases», «Adivinanzas» e «Vocabulario»), debía estar disposto para a súa publicación no segundo tomo das obras de Leiras pola Editorial Nós (1930).

O motivo polo que editamos esta interesantísima recolla agora é por causa da pouca difusión que –coidamos– tivo, mais tamén porque a edición de Franco contén algúns erros. Para a nosa edición («Apéndice II» deste traballo), tivemos en conta diferentes materiais que se encontran nas bibliotecas Penzol de Vigo e a da RAG, na Coruña. Todo parece indicar que Franco copia, para a súa edición, o texto mecanografado (M-c) que, segundo el, ten a familia, ao que lle fai correccións (*partil-as peras > partir as peras*). Á súa vez, existe unha versión manuscrita (M-b) que non está completa e que acaba na expresión *¡Mau, marela!*. Supostamente, sería a fonte de M-c. Esta versión está escrita cunha letra clara que non é a de M. Leiras. Esta versión manuscrita en limpo viría, aínda, dunha especie de rascuño, este si coa letra, máis difícil, de Leiras, na que están marcadas, unhas, e riscadas, outras, as frases. Estes casos marcados, en xeral, son os que chegan á versión final. Neste manuscrito inicial (M-a), hai frases que non foron pasadas a limpo nin publicadas e algunhas están repetidas varias veces. Para a nosa edición, revisamos cada frase nas diferentes versións e restituímos nalgunhas a forma inicial, alén de corrixirmos os erros que aparecen. Os detalles pódense ver nas notas da nosa edición.

É interesante destacar que Manuel Leiras, tanto no traballo que estamos a comentar (FLP) como en VLP, explica sempre en castelán as unidades fraseolóxicas (UF), os xiros ou o vocabulario (*Pra aló vai – Poco más da, casi es lo mismo. Lleva el mismo*

³ *vid.* Reimunde (1998: 127).

⁴ *vid.* Reimunde (1998: 128).

⁵ *vid.* Reimunde (1998: 130).

camino); e que, ademais, en moitas ocasións, procura un equivalente nese idioma (*Roel-o chito – Tascar el freno; Sei con que bois aro – Conozco el paño*). Desta maneira, proporcionáanos unha chea de UF equivalentes ás galegas.

Falabamos antes da nosa crenza na pouca difusión que tivo FLP, e non hai dúbida de que influíu niso o feito de ser publicado en 1970, cando xa o dicionario de Eladio Rodríguez fora editado (1958-1961). Despois de repararmos na presenza ou ausencia, nos dicionarios galegos e en moitas obras literarias, das UF que usou ou recolleu Leiras, chegamos á conclusión de que as que pasaron a *Como falan os brañegos*, de Noriega Varela, son as que o fixeron, sobre todo, ao dicionario de Eladio Rodríguez e, desde el, aos dicionarios monolingües actuais. E, se comparamos moitas das UF que aparecen na poesía de Leiras, vemos claramente como, en moitos casos, Noriega inclúe expresións que colle directamente desas poesías, mais moi probablemente descoñece o material aínda inédito de Leiras que ía ser publicado, en parte, en 1930, mais que –como sabemos– só se chegou a publicar en 1970. Coidamos que, en xeral, as expresións de FLP chegan aos dicionarios actuais ou ben porque xa aparecían noutras recollas (J. A. Saco, M. Valladares, F. Lanza...), ou ben porque aparecen en *Como falan os brañegos* (1928). Hai, por tanto, unha parte das UF que recolle Leiras no traballo de que estamos a falar que non foi aproveitada. Non debe ser alleo a isto tampouco o feito de moitas desas UF ficaren en desuso.

1.4. O presente traballo

O que presentamos nas páxinas que seguen é o resultado de ordenar as unidades fraseolóxicas da obra literaria de Leiras e as que recolleu no traballo arriba citado (FLP). Tratamos de presentar cada UF como cremos que debe facerse⁶ nun traballo deste tipo, informamos sobre o seu nivel de uso (coloquial, vulgar...), definímolos e buscamos un ou varios exemplos de M. Leiras ou doutros autores, ou, se non o achamos, creamos nós o exemplo. Se a UF está en FLP, incluímos despois do exemplo ou exemplos, e entre chaves ({}), aquilo que está nese traballo. Se ademais aparece tamén en NV, amecemos tamén esa información. Nalgúns casos, facemos, ao final, algún comentario, en especial naquelas UF menos correntes ou sobre as formas normativas. Por último, incluímos, no «Apéndice I», aquilo que non consideramos fraseoloxía.

Para facilitarmos a rápida localización das obras citadas, sobre todo nas citacións dos diferentes autores dos exemplos das unidades fraseolóxicas, incluímos na bibliografía, ordenadas por orde alfabética, ao inicio dun número importante das referencias bibliográficas, unha sigla.

⁶ Referímonos a que aínda que moi frecuentemente as UF aparecen xa ben formuladas (*salir d'o cosco – Salir del cascarón; Ás vinte uñas – A gatas*), ás veces, non ocorre así (*¡Halle saber à mel! – Ha de agradarle, ó lo contrario [deba ser: saber [u.c.] a mel [a alguén]]*; *Hay pol-a vella – Hay en abundancia [deba ser: pola vella]*).

1.5. A lingua

O galego que emprega o noso autor é, nunha proporción moi alta, o da súa comarca natal, que pertence ao galego central⁷: *algús* (algúns), *aló* (alá), *bon* (bo), *cas* (cans), *chao* (chan), *día* (dea), *esteña* (estea), *irmau* (irmán), *la, mai* (nai), *mau* (man), *pregós* (pregóns), *us* (uns), *vrao* (vran), *seña* (sexa) etc. Rexistramos, tamén, léxico característico da área mindoniense como: *amencer* (amañecer), *barruzo* (chuvisca), *biaiteira* (sabugueiro), *cosco* (caracol), *deligras* (cóxegas), *folgueira* (fento), *golpe* (raposa) ou *mazaeiro* (maceira). Por outra parte, parécenos moi característico do autor o uso de formas como *campá* (campá), *chito* (can), *chuchar* (bicar, beixar), *chucho* (bico, beixo), *chufa, chufar* (gabarse), *chufón, coda* (codia), *cuzo* (can), *guiche* (neno), *nebra* (néboa), *ontes* (onte), *pollo* (piollo), *repinaldo* (mazá) ou *valeco -a* (propio do val, xeralmente referido ao de Mondoñedo ou de Lourenzá).

Non obstante o antes dito, é verdade que tamén achamos formas que non se corresponden co que sería de esperar (bloque central e área mindoniense). Así, rexistramos *ise, faguer, man, ouvir, pór, unhos* etc. Coidamos que, nalgunha medida, estes vocábulos alleos ao galego mindoniense poderían deberse, alén de ao influxo do galego literario doutros autores, a modificacións feitas polos seus editores, como xa suxire Alonso Montero; non esquezamos que moitos dos seus poemas foron publicados postumamente.

No presente traballo, nos exemplos que acompañan as diferentes unidades fraseolóxicas, tentamos ser o máis fieis posíbeis ao que o autor escribiu e respectamos as súas solucións totalmente, aínda que adaptamos a ortografía. Isto podémolo facer con maior facilidade cos *Cantares gallegos*, xa que tomamos como base o texto orixinal publicado en vida do autor. Un caso especial é o da conxunción comparativa `coma' ou `como'. Xeralmente, se vai seguida de vogal, o autor elide a última vogal (*moliño com'a manteiga*). Nestes casos, sempre que nos conste esta solución, mantémola, pois non é posíbel sabermos se estamos ante `coma' ou `como'. Nos textos das *Obras completas*, publicado por Alonso Montero, que é no que nos baseamos nos demais casos que non sexan os *Cantares*, seguimos o texto desa edición. De todas as maneiras, naquilo que non sexa os textos dos diferentes autores (usados como exemplos), xeneralizamos a forma `coma' (se é comparativa). Mais debe ficar claro que son normativas as dúas formas (coma / como), aínda que para este caso preferimos, por economía `coma' (*cego coma unha toupa / cego como unha toupa*). Tamén facemos o mesmo, por coherencia, coa conxunción comparativa `ca' fronte a `que'. No caso da conxunción copulativa `e', o autor emprega sistematicamente, ou case, `i' con trazo cando lle segue vogal e non hai pausa entre elas: *A qué vas á vila, / i-aló tomas sempre a parva, Anda raseira a laverca, / i-o vento vén da Montaña*. É verdade que nos textos orixinais este `i-a', `i-o' etc. é `y-a', `y-o'. Nós mantemos esta característica, mesmo nos poemas que non sexan dos *Cantares*, pois parécenos que é máis fiel á pronuncia real da zona do autor.

⁷ Algunhas das solucións da seguinte lista non son exclusivas do galego central.

2. Fraseoloxía

2.1. Abreviaturas e símbolos empregados

CD: complemento directo.

COL.: coloquial.

EUF.: eufemismo.

IRÓN.: irónico.

loc. adv.: locución adverbial.

loc. adx.: locución adxectiva.

loc. prep.: locución prepositiva.

loc. s.: locución substantiva.

loc. v.: locución verbal.

UF: unidade fraseolóxica.

[u.c.]: unha cousa (suxeito de cousa).

[u.p.]: unha persoa (suxeito de persoa).

Vid.: véxase.

VULG.: vulgar.

> : remite a onde aparece a explicación.

2.2. Colocacións

2.2.1. Substantivo (suxeito) + verbo

1. **aniñar** + [animal, especialmente ave (**reichiño ruibo, paxaro trigueiro**)]
Facer o seu niño. *Nas puntas dus biaiteiros, / onde aniñar e escondidos / tiña os seus catro pequenos, / pasaba felice os días / un paxariño trigueiro* (M. Leiras, LPOC, 1983, 358). | *Quen fora reichiño ruibo / pra cantar na túa figueira, / pra non salir do teu horto / i-aniñar na túa silveira!* (M. Leiras, LPCG, 1911: 36).
2. **bruar** + [elemento da natureza (**mar, terra, vento**)]
Facer moito ruído. *Non sallades, mariñeiros, / que brúa o mar na Burela! / Mariñeiros, non sallades, / que os marzaliños arrecian!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 38). | *Cando brúan os ventos desatados, / e parece que antre a escuma a pena van tumbar, / el canta con máis forza que os rolos anoxados* (M. Leiras, LPOC, 415). | *Nise chao espalecente / tremou a terra, bruando, / e riba dila quedando / van soilo roínas e mortos* (M. Leiras, LPOC, 252).
3. **cacarexar** + **galo** ou **galiña**
Emitir a súa voz. *Quen cho dixera onte á tarde, / cando, do cacho ao poleiro, / volteabas entre as galiñas / cacarexando tan tesos!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
4. **cacholar o nabo**
Botar moita cachola ou raíz [a planta do nabo]. *Nin que os nabos cacholaran!* (M. Leiras, LPOC, 348).
5. **cantar** + [obxecto, peza (**carro**)]
Rinchar ou soar ao se mover. *Dicen que fas coma os carros, / que, non os untando, cantan; / i-heite de untar, así eu medre!, / pero ha de ser coa aguillada!* (M. Leiras, LPOC, 212).

6. **espiñar** + [planta (**toxo**)] Ferir con pico ou espiña, picar. *Non me espiñes, non, toxiño, / que abondo espiñado teño / este meu corazónciño!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 36). | *Es com'os toxos do monte, / Que, astra cando abeiro dan, / Por moito tento que un leve / Nunca deixan de espiñar* (M. Leiras, LPCG, 1911, 36). | *Nin que os toxos non espiñasen!* (M. Leiras, LPOC, 348).
7. **espoltrar** + [animal femia (**égoa**)] Abortar. *Hei de levar ao San Cosme, / como non se espoltre a égoa; / i-heina levar cunha misa / e cunha vela de cera* (M. Leiras, LPOC, 211).
A RAG prefire a variante “espoldrar”.
8. **facer/haber** + [período de tempo (**ano, moito, tempos**)] Pasar [o tempo que se expresa] desde o momento indicado. *Os rapaces / deron en coller pró corro, / donde bailaban, que estaba / cal non se vira había moito* (M. Leiras, LPOC, 1895, 27). | *Non había un ano, aínda, / i-atopeina* (M. Leiras, LPOC, 353). | *Nunca a Padornelo os ollos / puíden volver sin lembrar, / sentindo, o que hai tempos eran / os mociños deste chan* (M. Leiras, LPOC, 331). | *Ao pé dun muro que cerca / inda a ermida, e mais ten pandas / fai algúns anos, xa as tendas / as taberneiras armaran* (M. Leiras, LPOC, 1895, 275).
Contamos catro casos co verbo “haber” e tres co verbo “facer”. A forma normativa é co primeiro dos verbos.
9. **grallar** + [córvido (**corvo, pega**)] Emitir a súa voz. *Inda ben no-abrín a porta / pasou un corvo grallando... / Nin que fora o demo ceibo / me dera medo tamaño!* (M. Leiras, LPOC, 209). | *Grallan os corvos nos pinos, / i-as pegas entre as xesteiras; / temos inverno bragado; / cástate, si podes, nena* (M. Leiras, LPOC, 211).
10. **ladrar** + **can** Emitir a súa voz característica. *N'había, / fôra dun can que ladrara / nada que a calma turbase* (M. Leiras, LPOC, 1884, 239).
11. **levedar** + **pan** Coller a textura dunha esponxa e aumentar de volume pola acción do fermento ou lévedo. *Así co seio apoupando / coma o pan cando leveda, / Hase poder ri-lo demo / de vixilias e Coresmas* (M. Leiras, LPOC, 1903, 287).
12. **pechar as palpres** [a alguén] Cerrar os ollos. *Fóronseme pechando / as palpres [...] / e logo prendín no sono, / e durmín o día enteiro...* (M. Leiras, LPOC, 340).
A forma normativa é “pechar as pálpebras”.
13. **prestar** + [alimento (**torresmos**)] [a alguén] Sentar ben. *–E si aos torresmos o coiro / se lles saca e se desalan?... / –Non me lle prestan tampouco... / inda non hai oito días / que os tomei por un antoxo / e xiringáronme ao dreito...* (M. Leiras, LPOC, 1884, 249).
14. **raiar o día** Amencer. *Raiaba inda o día / cando el xa se erguera* (M. Leiras, LPOC, 1892, 269). | *Á mañá seguinte, antes de raia-lo día, abandonei o hotel sen proxectos definidos* (G. Navaza, EET, 1996, 9).
15. **refolear o vento** Mudar bruscamente de dirección. *Era a que avantaba sempre / contra ventos e mareas, / anque o vento refolease / i-a mar estivese crencha* (M. Leiras, LPOC, 352). | *Ti fuches quen salvaches / aos mariños do Barqueiro / cando aquela moura noite / tanto refoleaba o vento* (E. Lence Santar, LSPG, 1926, 82).

16. **secar a boca** [a alguén] Pasar a estar seca. *Pra sempre adormeceu a probe vella, / virando, non sei como, aqués seus ollos, / abrindo a medio abrir a boca seca* (M. Leiras, LPOC, 354).
17. **tanguer/tocar a campana** Producir o seu son. *Ceguei á ponte de Ruzos; / i-ouvín toca-las campanas; / e din en pensar nas tristes / que oíeu de alí a Mariscala!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 49). | *Que non me chamen pró ceio; / que non vou, non sendo á forza, / sin botarme antes, de noite, / pola aldea de riola, / astra que conmigo pegue / quen me requira... e me oia... / e faiga tanguer as campas* (M. Leiras, LPOC, 347). M. Leiras utiliza, ademais dunha vez “campanas”, case sempre “campa” e non “campá”.
18. **tomarse a fala** [a alguén] Ficar sen voz; ficar rouco. *Seica viche o lobo, nena, / pra tal tomárchese a fala? / –dixo a unha pícara un mozo / porque pasaba calada* (M. Leiras, LPOC, 1888, 260).
19. **turrar** + [animal con cornos (**vaca**)] Dar golpes coa cabeza. *Cando na porta te atopas / con frades que anden de cuesta / ceiba o chito, si é que traba, / i-a vaca, si turra, ceiba* (M. Leiras, LPOC, 209).

2.2.2. Verbo + substantivo (obxecto) / verbo + preposición + substantivo

20. **abrir a boca** Deixala descuberta, separando os beizos e os dentes. *Pra sempre adormeceu a probe vella, / virando, non sei como, aqués seus ollos, / abrindo a medio abrir a boca seca* (M. Leiras, LPOC, 354).
21. **abrir os ollos** Separar as pálpebras que cobren e protexen a súa parte visíbel. *Foi a velalos un neno, / abrindo us ollos de a cuarta* (M. Leiras, LPOC, 1884, 245). | *Veú ao mundo, abreu os ollos, / mirou como era esta vida, / cerrounos, e deu ás ás* (M. Leiras, LPOC, 356).
22. **abrir** + [medio de acceso (**porta**)] Afastar aquilo que o pecha de maneira que fique libre. *Te-lo aquel das taberneiras, / que abren a porta, si chama, / o demo maior que seña!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 55).
23. **acender** + [unha cousa ou un sistema de iluminación (**candil, lume**)] Facer que comece a arder. *Si tódolos lumes / que as nenas acenden, / coma os das cociñas, / puideran facerse / cativos ou grandes / cando elas quixesen / [...]* (M. Leiras, LPOC, 364). | *A ver si lle poñés onda o paraño / un candil dos que acenden nas fervezas* (M. Leiras, LPOC, 294).
24. **achegar** + [medio de acceso (**porta**)] Arrimala ao marco. *Esta noite heite de ir vere, / déixame a porta achegada, / e cata que non te sintan, / nin nos pillen na engrellada* (M. Leiras, LPCG, 1911, 47).
25. **afalar** + [animal (**vaca**)] Estimulalo para que se mova, mediante voces, acenos ou picándoo coa aguillada. *Fas com 'as vacas de Galdo, / que, sin lles ter que afalar, / levan ou deixan o rego / por un fiño de la* (M. Leiras, LPCG, 1911, 35).
26. **aleitar** + [unha cría (**xato**)] Dar de mamar [unha femia (ou, artificialmente, unha persoa) a unha cría]. *Dime, leiteira de Arroxo; / Con que aleitas o teu xato?, / traguendo sempre prá vila / xarros de leite tamaños...?* (M. Leiras, LPOC, 208).

27. **alindar** + [animal (**gado, vacas**)]
 Levalo a pacer e coidar del, procurando que se manteña dentro dos lindes do pasto. *Por un boqueiro alupou / que nel o gado lindaba / Niculasiña de Cosme* (M. Leiras, LPOC, 1884, 235). | *Méntra-las mariñás soltan / os bois i-as vacas alindan / nas pumaregas* (M. Leiras, LPOC, 1903, 289).
 Repárese en que, no primeiro exemplo, a forma é “lindar”.
28. **amosar** + [dentes (**cairos**)] Pólos á vista de xeito que se vexan ou de maneira agresiva. *Non bote naide por ela, / e menos, sendo cativo; / que, ao millor sal un... Peruxo, / que hai sempre algún escondido / i-amosa os cairos, e co iles / apaxa a un o couquizo; / i-adiós runfra, e adiós fumes* (M. Leiras, LPOC, 351). | *Ela sorriume, señor tío. Ao eu lle dar o meu saúdo, amosou os dentes e as xencivas abrancazadas* (X. L. M. Ferrín, MFA, 1991, 45).
 {Amosal-os dentes – Mostrar dentes (FLP)}
29. **arrecadar** + [animal (**besta**)]
 Xuntalo, reunilo, gardalo. *Deulle un berro ao sancristán / pra que arrecadara a besta; / botoulles catro fungadas / ás que no adro puxeran* (M. Leiras, LPOC, 1895, 277). | *Arrecadou o gando e, desenredando o adibal, atouno aos cadrís* (M. P. Amor Meilán, BDAL, 1889, 146).
 A RAG prefere a variante “recadar”.
30. **bochar ao pé / bochar ao pé** [No xogo das bochas,] dar cunha bóla que se lanza un golpe a outra para apartala do sitio.
 {Boch(e)ar ô pe: Tirar de cupitel (VLP)}
- A bóla de madeira con que se xoga ás bochas chámase, segundo Eladio Rodríguez, bocha. Este xogo, ao que Marcial Valladares chama “jogo d’as fòchas”, facíase entre dúas ou máis persoas cunhas bólas medianas e outra máis pequena que se lanza a certa distancia. Gañaba o que se achegaba máis a ela coas outras. Tamén se chama xogo da petanca.
31. **botar un groucho** Beber unha pequena cantidade de viño ou doutra bebida. *O botellón lle agarrou; / e veu, ledó, que inda tiña; / e botou por el un groucho, / i-espurrou, e xunto á pícara / con certo aquel foi sentarse* (M. Leiras, LPOC, 1895, 275).
 {Vid. Mollal-a palleta}
32. **ceibar** + [animal preso (**cabra, chiton, vaca**)] Deixalo libre. *Cando na porta te atopas / con frades que anden de cuesta / ceiba o chito, si é que traba, / i-a vaca, si turra, ceiba* (M. Leiras, LPOC, 209). | *Andas com’as cabras ceibas, / eiquí chouto, aló me deito..., / non che han faltar cas ou raña / mentras che dure o pelexo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26).
33. **cerrar os ollos** Xuntar as pálpebras que cobren e protexen a súa parte visíbel. *Veú ao mundo, abreu os ollos, / mirou como era esta vida, / cerrounos, e deu ás ás* (M. Leiras, LPOC, 356).
34. **chegar a cara** [a algo ou a alguén] Póla a pouca distancia. *Ai, que soñei que era neno, / e que no colo me tiñas! / Ai, e que ben me anainabas, / chegándome a túa cariña!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 63).
35. **chorar bágoas** Derramalas. *Moitiñas bágoas, moitiñas, / chorei doente daquela; / que, antes que verme aqestada, / morrer cen veces quixera* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27).

36. **cortexar** + [persoa (**nena**)] Tratar de a namorar. *Chamoume desamorado / unha nena que eu cortexo; / ben se ve que ela non sabe / como o corazón eu teño!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 22). | *Alupou por un boqueiro / que nela alindaba as vacas / a roxa que el tiña tola, a nena que el cortexaba* (M. Leiras, LPOC, 1884, 242).
37. **dar (a) fraterna** [a alguén] Causar molestia, molestar [a alguén]. *Pra da-la faterna á xente, / e como dicindo: védeo, / os armantes da corrida / andaban co galo ceibo, / cunha canga que lle poran / a unha perna cun atrelo* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
{Dar fraterna – Dar matraca (FLP)}
No exemplo de M. Leiras, temos “faterna”, como tamén en NV (DAR FATERNA: Dar cuenta). Ademais, usada con artigo. A forma normativa é “dar fraterna”.
38. **dar fala** [a alguén] Falar, dicir algo [a alguén] *Cheguei á cas do Fidalgo, / pedindo a filla máis vella, / e deixáronme na porta, / sin dar-me fala siquera* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27).
39. **deitar unha galiña** Póla riba dos ovos para que os choque. *Súa sogra deitara unha galiña choca i el foi, e matouna co pau* (Farruco Porto Rei, 1918, TILG).
{Deitar (unha galiña) Encobar. Echar (VLP)}
40. **deixar o rego** Desviarse [un animal] do rego ou suco ao labrar a terra. *Fas com’as vacas de Galdo, / que, sin lles ter que afalar, / levan ou deixan o rego / por un fiño de la* (M. Leiras, LPCG, 1911, 35).
41. **dir a misa** Celebrala, misar. *Depois de mirar / saca á puxa as ofrendiñas, / con que os devotos regalan / ao crego por di-la misa* (M. Leiras, LPOC, 1895, 273).
A forma normativa é “dicir a misa”.
42. **entreabrir a boca** Abrila un pouco. *Esa roxa e galana boquiña / tes algo entreaberta, / pra poder folguexar* (M. Leiras, LPOC, 363).
43. **enxugar as bágoas** [a alguén] Limparllas. *Chegaivos millor, xa que a mau dreita / lle pedis pra bicarlla, i-as bagoiñas / enxugarlle queredes* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291).
44. **escardar** + [terreo (**leiro**)] Arrincarlle as herbas rúns que nacen entre as plantas cultivadas. *Sin agarimos agardan / percurros que sempre tardan / nista terra mal rexida, / que fai refugo da vida / dos que os leiriños escardan* (M. Leiras, LPOC, 253).
45. **esnogar** + [óso ou articulación (**brazo**)] [a alguén] Facerllo saír do seu sitio. *Ai, meu brazo! / Ai, disgraciada de min! / Ai, que seique mo esnogaron!* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279).
46. **estarruñar os dentes** Facer que produzan un ruído característico ao rozaren uns nos outros, rinchalos. *Un deles [...] arregalou os ollos, i-estarruñaba os dentes* (A. Noriega, NVAOCII, 1904, 313). | *Merlín terminou por ceder aos seus pregos e fixolle facer a cirurxía pedida, e o burro estarruñaba os dentes e non daba nin chío* (D. X. Cabana, GES, 1989, 72).
{Estarruñar-os dentes – Crujir los dientes (FLP)}
O verbo “estarruñar” só o achamos en VLP (estarruñar: Crujir, rechinar) e no Dicionário Estraviz.

47. **estarular os ollos** Abrilos moito por admiración ou sorpresa. *Parecía, / sobre todo polos ollos, / ni-estarulados, nin musgos, / moi rasgados e moi mouros, [...] / unha gallega, gallega, / das que pinta Alfredo Souto* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281). | *Empezou a quitar cousas del e a poñelas ao redor de si: unha manta gorda, dúas velas de cera marela, tres mudas de roupa interior, un tendollo [...] Ramón Lamote estarulaba os ollos* (D. X. Cabana, FDT, 1990, 58).
{Estarular os ollos – Mirar con admiración (FLP)}
48. **facer a costeira** Realizar a temporada de pesca de determinados peixes que se pescan en cardumes, como o atún ou a sardiña. *Pra facer ben a costeira, / mariñeiriños rinlegos; / pra... botar contas, no porto, / mariñeiriños focegos* (M. Leiras, LPCG, 1911, 41).
49. **facer o outono** Facer a sementeira dos cereais. *Sin lacra que quite o sono; / con vaquiña e con facenda / nas cortes; co outono feito; / con ben demoucas e herba / [...] non teño envexa eu a naide* (M. Leiras, 346). | *A [corte] da miña casiña baléirana tódolos anos pra face-lo outono* (A Monteiro, 28-XII-1889, 99).
{Facel-o Outono – Hacer la siembra de Otoño (FLP)}
50. **facer refugo** [de alguén ou dalgunha cousa] Desprezar, refugar. *Sin agarimos agardan / percuros que sempre tardan / nista terra mal rexida, / que fai refugo da vida / dos que os leiriños escardan* (M. Leiras, LPOC, 253).
{Facer refugo – Despreciar (FLP)}
51. **fregar as maus** Pasalas repetidamente e con forza unha contra outra. *Púxolle aceite á torcida / unha lámpara que hai, máis moura / que a caldeira menos limpa, / e, fregando as maus, volveuse / pra ond'os demais da cadrilla, / renegando da limpeza* (M. Leiras, LPOC, 1895).
A forma normativa é “mans”.
52. **lamber o bico** Pasar a lingua polos beizos. *Baixaba un raposo / raseiro por entre un trigo / de a carón, e ao verlle os fumes / i-a gordén..., lambeu o bico, / contando xa con almorzo* (M. Leiras, LPOC, 351).
No exemplo non é posíbel saber se ten sentido recto ou se ten sentido figurado. Neste segundo caso, trataríase dunha loc. v. co significado de ‘sentir satisfacción anticipadamente’.
53. **levar o rego** Non desviarse [un animal] do rego ou suco ao labrar a terra. *Fas com'as vacas de Galdo, / que, sin lles ter que afalar, / levan ou deixan o rego / por un fiño de la* (M. Leiras, LPCG, 1911, 35).
54. **manciñar** [unha persoa ou animal (**rapaces, xato**)] Administrarlle menciñas. *Pois si o xato, / ou os rapaces lle enferman / descúidese en manciñalos / fiada nesas farfullas* (M. Leiras, LPOC, 363).
A forma normativa é “menciñar”.
55. **matar a sede** Satisfacela. *Non veñas con que me queres, / andando tanto en parolas; / que auga que moito se parte / non mata sede nin molla* (M. Leiras, LPCG, 1911, 23). | *Xa non volvo á fonteliña / donde eu a sede mataba; / xa non che volvo, que contan / que lle trubaron a iauga* (M. Leiras, LPOC, 208).

56. **matar** + [cousa que está acesa (candil)] Apagala. *Hei de ir á fía esta noite, / i-hei de mata-lo candil, / i-heille maza-la cotena, / on majo que campa ali* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15).
57. **meter un pucho** [a alguén] Pedirle diñeiro emprestado e non llo devolver ou facer algunha estafa ou engano semellante. *Por confiado de máis metéronlle un pucho de moitos miles de euros.*
{Meter un pucho – Pegar un petardo (FLP)}
58. **musgar as orellas** Pólas [un animal] para atrás, como cando quere atacar ou trabar. *O cabalo musgaba as orellas e mostraba os dentes.*
{Musgal-as orellas: Amusgar (VLP)}
59. **musgar os ollos** Entornalos a causa do sono, dun defecto etc. *Parecía, / sobre todo polos ollos, / ni-estarulados, nin musgos, / moi rasgados e moi mouros, [...] / unha gallega, gallega, / das que pinta Alfredo Souto* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281). | *Tiña o rifle na man dereita e musgaba os ollos baixo un sombreiro negro* (Diego Ameixeiras, LVG, 2-IX-2022).
60. **oír misa** Asistir a esa cerimonia. *Por solo oír misa / collido á vela do santo, / polos seus pés, prá súa casa, / puido volve-se* (M. Leiras, LPOC, 372).
61. **pechar** + [medio de acceso (**xanela**)] Asegurala mediante un mecanismo ou instrumento adecuado. *Quen mora acó, na Mariña, / ten cara ao mundo as xanelas; / quen mora aló, na Montaña, / tenas... tamén, pero pechas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 54).
62. **pedir a filla** [aos pais] Solicitar deles autorización para casar con ela. *Ceguei a cas do Fidalgo, / pedindo a filla máis vella, / e deixáronme na porta, / sin dar-me fala siquera* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27).
63. **petar á porta** Dar golpes nela para que a abran. *Quen na casa da mai petou á porta?* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291).
64. **picar o muíño** Repasar as asperezas da moa do muíño alisadas polo uso. *Era un mozo coma un trinquete que non folgaba un momento. Tan pronto estaba picando o muíño, como iba polos foles* (Xan de Masma, MXD, 1899-1900, 53). {Pical-o muíño – Picar la piedra (FLP)}
65. **poñer na palla** Colocala ou xuntala en paleiros ou en medas. *–Cando hemos falar entonzas? / –Mañá, si queres, na aira / da tía Fuca ¿ou non vas / poñer hogano na palla?* (M. Leiras, LPOC, 1884, 243). | *Dadas que foron i-axina / escomenzou a espallada. / Des que se fixo, en gavelas / foron poñendo na palla, / que pró paleiro, as neniñas, / correndo e rindo levaban* (M. Leiras, LPOC, 1884, 245).
66. **poñer o santo** [a alguén] Facer unha cerimonia consistente en darlle a bicar unha imaxe dun santo e trazar con esta unha cruz. *Vente comíngo, meniña, / vente comíngo ao san Campio; / vente comíngo, meniña, / que che hei de poñe-lo Santo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 30). | *O sancristán, que aos romeiros / pon o santo e toma as micas* (M. Leiras, LPOC, 273).
Vicente Risco explica así o que é “poñer o santo”: En moitos santuarios milagreiros hai o costume de “tocar o santo”, ou “poñer o santo”. Van a que llo toquen os enfermos para sandar, e os sans para que non lles dea a enfermidade. Para isto hai unha imaxe pequena do santo; o devoto ponse de xoellos, e o sancristán, as máis das veces, colle a imaxe e dálla a beixar, e logo trázalle con ela unha cruz nas costas dicindo:

- “Dios che saque a enfermidade e che dea a sanidade”. E vólvelle dar a beixar (VROC3, páx. 198). Coidamos, pola información que temos, que a cerimonia ten diferentes variantes. O primeiro exemplo parece en sentido irónico.
67. **poñer preto** [a alguén] Levalo adiante. *Púxenlle preto a un veciño / polo derrego dun leiro; / comer; comeu todo a curia, / pero amolar, amoleino!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 38).
68. **prender no sono** Adormecer. *Fóronseme pechando / as palpres [...] / e logo prendín no sono, / e durmín o día enteiro...* (M. Leiras, LPOC, 340). | *Dunha das veces que prendeu no sono, principiou a roncar con estrondo* (V. Risco, VROPP, 1928, 24).
69. **regalar os ollos** Abrilos moito. *Ai, señora, ¿Que santo é aquel [...] que tanto regala os ollos?* (1989, TILG). {Regalal-os ollos – Mirar con mucha fijeza, alegrarse (FLP)}
70. **relousar** + [edificio (**casa**)] [a alguén] Arranxar o tellado mudando as lousas rotas, pondo as que faltan e colocando as que están fóra de sitio. *Os que ao teu mandado queden, / si Dios quer, han ser abondos, / pra relousarche a casiña* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323).
71. **remangar** + [unha peza de roupa (**saia**)] Recollerlle a parte inferior cara a arriba, facendo dobras. *Coa saia remangada, / co xustillo, arrumbado, medio solto / [...]* (M. Leiras, LPOC, 376).
72. **repicar a campá** Facela soar. *Inda se lle acorda o mundo / no convento á campaneira, / que, cando repica as campas, / repica sempre muiñeiras!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 56). “Campá” é unha variante de “campá”.
73. **roldar** + [muller (**moura, nena**)] Ir [un mozo] pasear preto do lugar onde vive ou, en xeral, polo que anda [unha moza] para vela, falarlle etc., con intención de a namorar. *Esta noite hei de ir de rolda, / i-hei de ir roldar unha nena / que din que a rolda un valente, / que aos que a roldan escorrenta* (M. Leiras, LPCG, 1911, 39). | *Non me cre nada que eu diga / unha mouraña que eu roldo, / non me cre nada, anque o xure!, / non me cre nada, i-ei morro!* (M. Leiras, LPOC, 215).
74. **tomar** + [bebida ou comida (**bocado, gotos, parva, torresmos**)] Bebelo ou comela. *Sin ter a qué vas á vila, / i-aló tomas sempre a parva... / Xa veremos polo agosto / cantas medas pos na aira* (M. Leiras, LPCG, 1911, 23). | *–E si aos torresmos o coiro / se lles saca e se desalan?... / –Non me lle prestan tampouco... / inda non hai oito días / que os tomei por un antoxo / e xiringáronme ao dreito...* (M. Leiras, LPOC, 1884, 249). | *Des que un bocado i-us gotos / tomara a xente, aos abrigos / das cerrumes e dos toxos; / [...]* deron en coller pró corro (M. Leiras, LPOC, 1895, 280).
75. **tornar** [animal ou persoa (**chito, meigas**)] Facer que se vaia ou se desvíe do camiño que leva. *Hei brincar o lume novo / que hei de faguer pró San Juan / i-hei de ir pola frol da iauga / pra de min meigas tornar* (M. Leiras, LPOC, 216). | *Alí mesmiño, nun aire, / fíxolle ver o rapaz / que nada val unha nena / pra ben un chito tornar / dun abeiro, como o vente, / si é siquera medio can* (M. Leiras, LPOC, 366).

76. **virar a cara** Facer que varíe de posición por medio dun movemento en liña curva. –*Seica viche o lobo, nena, / pra tal tomárchese a fala? / –dixo a unha pícara un mozo / porque pasaba calada [...]–. / –Polo visto – saltou ela, / sin virar siquera a cara* (M. Leiras, LPOC, 1888, 260).
77. **virar os ollos** Dirixilos para a esquerda ou para a dereita. *Non vires pró lado os ollos; / non torzas, meniña, a cara; / n’arredes a quen te roga, / porque che quer pola ialma* (M. Leiras, LPCG, 1911, 61). | *Pra sempre adormeceu a probe vella, / virando, non sei como, aqués seus ollos* (M. Leiras, LPOC, 354).
78. **xugar o pulso** Medir dúas persoas, collendo a man dereita do contrario e cos cóbados apoiados nun lugar firme, quen ten máis forza no pulso e é capaz de tombar o brazo do outro. {Xugar o pulso – Pulsear (FLP)} Só achamos esta UF en Cortizo Amaro (1998) (xogha-lo pulso: pulsear, echar un pulso). A forma normativa sería “xogar o pulso”, mais o que aparece no dicionario da RAG é “botar un pulso” e “pulsear”.
- ### 2.2.3. Substantivo + adxectivo
79. **adiós derradeiro** Despedida definitiva antes de morrer. *A noite que adiós me dixo, / coma min, tamén choraba...! / Foi ben o adiós derradeiro! / Nin que nolo dera a ialma!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 65). A forma correcta é “adeus derradeiro”.
80. [alimento (**pera**)] + **falmaguento** O que comeza a podreecer ou corromperse. *Andiveche escolle, escolle, / coma quen escolle en peras, / e levache a que che cadra, que a levache falmaguenta* (M. Leiras, LPCG, 1911, 32).
81. **auga bendita** A que foi bendicida por un sacerdote e se usa, entre outras cousas, para administrar o bautismo. *Abriron / i-entraron prá sancristía; / por certo sin tan siquera / tomala iauga bendita* (M. Leiras, LPOC, 1895, 273).
82. **auga fresca** A que está moderadamente fría. *Aló van nosos mocións / pasa-las penas da sega, / da sega, onde se asan vivos, / sin proba-la auguiña fresca!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 31).
83. **auga limpa** A que non ten impurezas nin mestura de substancias estrañas. *Dás refolgos / co incenso da maleza / [...] i-a iauga das dúas fontes, limpa e fresca* (M. Leiras, LPOC, 332).
84. [ave (**galiña**)] + **choca** A que está no período de chocar os ovos. *Deuma unha rapaza, e calo, / que no-han salir todas boas; / tamén ao raposo ás veces, / lle sal a galiña choca* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12).
85. **boca galana** A que é fermosa. *Esa roxa e galana boquiña / tes algo entreaberta, / pra poder folguexar* (M. Leiras, LPOC, 363).
86. **boca roxa** A pintada ou de cor encarnada. *Esa roxa e galana boquiña / tes algo entreaberta, / pra poder folguexar* (M. Leiras, LPOC, 363). En bo galego, é “boca encarnada, “boca roiba” ou “boca vermella”.
87. **cabelo despreso** O que está solto. *A cariña, de po con leve toldo, / i-o cabelo despreso* (M. Leiras, LPOC, 376). “Despreso -a” é un adxectivo moi pouco corrente.

88. **cara branca** A que é de pel moi clara. *Nena da cara branquiña, / e do corpo xirifeiro; / dichoso de min, dichoso, / dichoso si é que te levo!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 51). | *Como hei ter eu cara branca!, / como non a hei ter pedresa!, / si ma roien os coriscos!, / si ma toldan as raxeiras!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 59).
89. **cara encarnada** A que é ou está de cor máis ou menos vermella. *Que xuncras Bras lle faría / pra pórle a cara encarnada?* (M. Leiras, LPOC, 1884, 241).
90. **cara pedresa** A que ten manchas ou é de cor máis escura do habitual. *Como hei ter eu cara branca!, / como non a hei ter pedresa!, / si ma roien os coriscos!, / si ma toldan as raxeiras!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 59).
91. **corpo bringuelo** O que é delgado e esvelto. *Queren que queira un toupizo, / con cara e corpo de cepo; / i-eu busco moza galana, / e de corpiño bringuelo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 6).
92. **corvo mariño** Ave mariña grande de plumaxe en que predomina o negro, peteiro longo cun gancho no extremo e patas palmadas. *Unha man de cinco corvos mariños pasa rasante* (A. Angueira, 2012, TILG).
{Corvo mariño: Mergo (VLP)}
93. **día pardo** O que ten pouca luz. *Non viron que aí, coa nebra, / os máis dos días son pardos?* (M. Leiras, LPOC, 349).
94. **día santo** O domingo e todos os que a Igrexa consagra como tales por mor dalgunha festividade. *Si a carta, que ás furtadelas, / puxo un día santo, a pouquiños, / puidera lerse...* (M. Leiras, LPOC, 360).
95. **espiña carnal** Gran que se forma na pel. *Comedóns (espiña carnal). É unha obstrucción da saída das glándulas sebáceas da pel do rostro en forma de pontos negros* (Elisardo Bralo Rego, 1990, TILG).
{Espiña carnal: Barrillo (VLP)}
96. **ferida fonda** A que é importante. *Cando as feridas son fondas, / i-ademais pezoña levan, / xa no-hai que faguerlles nadia / máis que “cubrilas con terra”* (M. Leiras, LPOC, 219).
97. **feira enteira** A celebrada con todo o luxo, feira grande. *Si tu vas, i-eu vou contigo, / entón si que hemos ter feira, / entón si que ha ser tumbada, / entón si que ha ser enteira* (M. Leiras, LPCG, 1911, 58).
98. **feira señora** A celebrada con todo o luxo, feira grande. *Aquel ano [...] tiñan unha señora feira. Moitos gaiteiros, e pola noite unhas boas músicas* (Amelia Santiso Lorenzo, 1984, TILG).
{Vid. Unha feira tumbada}
99. **feira tumbada** A celebrada con todo o luxo, feira grande. *Si tu vas, i-eu vou contigo, / entón si que hemos ter feira, / entón si que ha ser tumbada, / entón si que ha ser enteira* (M. Leiras, LPCG, 1911, 58). | *Esquencia o mar, lembra o gado / miúdo, i o regalado / vivir, jas tumbadas festas!, / i as cantigas dos pastores, / que fan grinaldas coas frores / amareliñas das xestas* (A. Noriega, NVAE, 326).
{Unha feira tumbada. Unha feira señora – Una fiesta ruidosa (FLP)}
100. [froita (**guinda**)] + **brava** A que é dunha planta ou árbore que naceu espontaneamente. *Eres com 'as guindas bravas, / que a tódolos ollos gustas, / e, cando queren probarte, / pra naide tes máis que agruras* (M. Leiras, LPCG, 1911, 17).

101. **gado miúdo** O constituído por reses pequenas: ovellas, cabras, porcos etc. *Cando por tralo Pombeiro, / gardando o gado miúdo, / topo unha nena que eu quero, / sempre, a comer dúas codiñas, / vamos ao pé dunha fonte* (M. Leiras, LPOC, 362).
102. **loureiro romano** Variedade de loureiro de folla larga, prexudicial para os animais se comen as follas. *Á banda de riba / dela un pouquichiño cadra, / e á que us loureiros romanos / dos vendavales amparan* (M. Leiras, LPOC, 1884, 243).
Posibelmente se trate do *Prunus laurocerasus*, que, segundo A Chave. gal recibe tamén os nomes de loureira e loureiro real.
103. **lume novo** Fogueira que se fai na véspera do san Xoán á noite. *Hei brincar o lume novo / que hei de faguer pró San Juan / i-hei de ir pola frol da iauga / pra de min meigas tornar* (M. Leiras, LPOC, 216).
104. **mar crencha** A que está axitada ou encrespada. *Era a que avantaba sempre / contra ventos e mareas, / anque o vento refolease / i-a mar estivese crencha* (M. Leiras, LPOC, 352). | *Do mundo a mare crencha verás aos pés crebada, / i-o teu cantar valente, nas ás da ventoada, / voar coma o petrel* (M. Leiras, LPOC, 416).
O normal en galego é que “mar” teña xénero masculino.
105. **mau dreita** A que está situada ao lado contrario do corazón. *Chegaivos millor, xa que a mau dreita / lle pedís pra bicarlla* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291).
A forma normativa é “man dereita”.
106. **mau toca** A mutilada ou que lle foi amputada algunha parte. *Acó todos témo-las maus tocas / prós que queren os mals da pobre vella!* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291). | *En tocantes a botar a mau á faltriqueira para derreter cinco pesos ou facer favores, tiña as maus tocas i a balsa con candado* (1884, TILG).
A forma normativa é “man toca”.
107. **mazá brava** Mazá pequena e ventureira. *Estas mazás bravas non valen nada.*
{Mazá brava. Mazá d’espino: Jabí (VLP)}
108. **mazaeiro bravo** Maceira silvestre. *Ben vexo ao gaio do bico amaranto na maceira brava do composanto* (F. Bouza Brey, 1955, TILG).
{Mazaeiro bravo: Maguillo (VLP)}
Esta variante de “maceira” non a inclúe o dicionario da RAG.
109. **nebra moura** A que é escura. *Déixame ver, nebra moura, / déixame ver ben a Granda; / déixame ver en que volta / un meigo roxo me agarda* (M. Leiras, LPCG, 1911, 54).
110. **nebra pecha** A que é moi mesta. *Pra min as noites son noites, / i-os días, de nebra pecha; pra que me darían ollos, / si o meu Sol ver non me deixan!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 32).
111. **noite escura** Aquela en que non hai lúa. *Cando vén vindo o día / tras dunha noite escura e de zarzalla* (M. Leiras, LPOC, 1899, 284).
112. **ollos churrusqueiros** Os que son bonitos e agradábeis. *Non me mires co ises ollos, / con ises ollos de serpe; / mírame cos churrusqueiros / que sabes pór cando queres* (M. Leiras, LPCG, 1911, 37).

113. **ollos mouros** Os de cor escura. *Parecía, / sobre todo polos ollos, / ni-estarulados, nin musgos, / moi rasgados e moi mouros, [...] / unha gallega, gallega, / das que pinta Alfredo Souto* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281).
114. **ollos rasgados** Os que son alongados. *Parecía, / sobre todo polos ollos, / ni-estarulados, nin musgos, / moi rasgados e moi mouros, [...] / unha gallega, gallega* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281). | *Un malaio de ollos resgados* (X. M. Lema, LSXMC, 2013, 145).
O dicionario da RAG non inclúe nin “rasgado” nin “resgado”, así que ignoramos se considera algún destes adxectivos correcto aplicado aos ollos.
115. **ollos turbos** Os que están embazados ou con bágoas. *Aquilas dúas bágoas, / que, entón, nos seus ollos, / xa turbos, tremaban* (M. Leiras, LPOC, 335). | *Era unha muller nova que tiña os ollos turbos* (E. Correa Calderón, CCEL, 1923, 135).
A forma normativa é “ollos turbios”.
116. **palla limpa** A que non leva mesturada outras cousas. *Non teño sabas de liño, / nin palla limpa no leite; / pro teño as teas na hucha, / i-ao pé da meda un palleiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 61).
117. **palla triga** A do trigo. *Non sabe o que é leito armado / cun feixe de palla triga* (M. Leiras, LPOC, 1903, 288).
118. **pan mouro** O que se elabora con fariña de centeo total ou parcialmente. *Na Mariña n’hai morriña; / na Mariña n’hai pan mouro; / na Mariña n’hai quen sinta / pesar polas medras doutro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 58).
119. [persoa (**galán**)] + **atrasnada** A que é atolada, pouco seria, con pouco siso. *De me fiar, nunha festa, / dun galanciño atrasnado, / chorei os sete chorares, / e chorarei non sei canto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 46).
120. [persoa (**muller, rapaza**)] + **boa**
A que reúne as calidades necesarias ou convenientes para algo. *Muller que, cando se queixa, / abre as ventás, pra que a oian, / poderá ser comenencia, / pro non será nunca boa* (M. Leiras, LPCG, 1911, 8). | *Deuma unha rapaza, e calo, / que no-han salir todas boas; / tamén ao raposo ás veces, / lle sal a galiña choca* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12).
121. [persoa (**moza**)] + **comesantos**
A que frecuenta moito a igrexa e é moi devota, beata. *Non quero moza xarela, / nin comesantos, nin xota; / quero mociña que seipa / termar en tódalas cousas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 19).
122. [persoa (**muller**)] + **fanegueira** A que é rica. *Fixeche ben en buscares / unha muller fanegueira; / fixeche ben, que n’hai nada / coma ter pan na maseira!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 52). | *Houbo de casar cunha fanegueira da montaña, pero outro máis punto birloulle a moza* (A. Cunqueiro, ACEM, 1960, 35).
123. [persoa (**moza, neno -a**)] + **galana** A de aparencia física agradábel ou por como vai vestida. *Queren que queira un toupizo, / con cara e corpo de cepo; / i-eu busco moza galana, / e de corpiño bringuelo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 6). | *Nunca ti seques, fontiña, / fonte da Ponte Pousada, / fonte a que fun tantas veces / coa miña nena galana!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 30). | *Que che pasa, pequerrecho?, / lle preguntei a un neniño, / galano coma unha estrela* (M. Leiras, LPOC, 1887, 254).
124. [persoa (**muller**)] + **goberneira** Aquela que goberna ben os seus asuntos ou a que gusta de mandar e dirixir os demais. *Quen com’a ti, que casache / cunha muller goberneira...! / Quen com’a ti, que atopache / formento xa na maseira!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 46).

125. [persoa (**irmá**)] + **laverca** A que é maliciosa. *Chamáronche cantas hai / túas irmás, ruís lavercas!* (M. Leiras, LPOC, 324).
126. [persoa (**mozo**)] + **lercha** A que conta cousas que debería calar ou que fala mal dos máis. *Dos mozos un que era lercho, / ao notar que iba algo larga / da nena a falta, excramou: / Vaia que Bras e Culasa / xuntos están no pallal...* (M. Leiras, LPOC, 1884, 240).
127. [persoa (**nora**)] + **mandada** A que fai o que lle mandan sen mostrar desgusto. *Agora xa podó rirme; / agora si que estou leda; / que o fillo tróuxome nora / ben mandadiña e videga* (M. Leiras, LPCG, 1911, 55).
128. [persoa (**moza**)] + **miñaxoiña** A que non ten malicia ningunha ou que ten pouco valor ou ánimo. *Non quero moza que teña / quen a tropece na vila; / pro non-a quero tampouco / desas que hai miñaxoiñas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 19).
129. [persoa (**parente**)] + **pollosa** A que é miserábel, mesquiña. *Bótalles dúas roncadas / a ises parentes pollosos, / que te aldraxan, e ben deitan / moitas veces dos teus codos* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323).
A forma normativa é “parente pioloso”.
130. [persoa (**fillo**)] + **querida** A que recibe o afecto, a estima ou o amor de alguén. *Adiós, meu fillo querido, / meu filliño regalado! / Ai, quen me dera ir na caixa, / canda ti pró camposanto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15).
131. [persoa (**fillo**)] + **regalada** A que é agradábel, a que produce satisfacción. *Adiós, meu fillo querido, / meu filliño regalado! / Ai, quen me dera ir na caixa, / canda ti pró camposanto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15).
132. [persoa (**meigo**)] + **roxa** A que ten o cabelo louro ou a que o ten roibo. *Déixame ver; nebra moura, / déixame ver ben a Granda; / déixame ver en que volta / un meigo roxo me agarda* (M. Leiras, LPCG, 1911, 54).
133. [persoa (**galán**)] + **tarabelas** A que non é seria nin constante nas súas opinións e accións. *Teño un galán tarabelas, / que parece anda coa lúa; / ora, non saldo meu rabo, / ora, nin de min se cuida* (M. Leiras, LPCG, 1911, 24).
134. [persoa (**nora**)] + **videga** A que mostra disposición para emprender algo, para actuar con habilidade ou rapidez. *Agora xa podó rirme; / agora si que estou leda; / que o fillo tróuxome nora / ben mandadiña e videga* (M. Leiras, LPCG, 1911, 55).
135. [persoa (**moza, rapaza**)] + **xarela** A que fala e obra con desvergoña. *Non quero moza xarela, / nin comesantos, nin xota; / quero mociña que seipa / termar en tódalas cousas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 19). | *Nunha mesa [...] / dúas rapazas xarelas / puxeran tal abundanza, / que arrumbaban pouco menos / que unha meda* (M. Leiras, LPOC, 1895, 276).
136. [persoa (**moza**)] + **xota** A que é pouco cariñosa, pouco amábel, pouco sociábel. *Non quero moza xarela, / nin comesantos, nin xota; / quero mociña que seipa / termar en tódalas cousas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 19).
137. [peza de roupa (**saia**)] + **capada** A que é escasa, curta de máis ou con moi pouca roda. *Coa saia capada e curta, / cun mandil de chilós roxos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281). | *Sentadas nun corredor; / cantaruxando e cosendo, / ¡que nin baixadas do ceio!, / todas con saia capada, / todas con pano de frecos* (A. Noriega, NVAM, 519).

138. [peza de roupa (**saia**)] + **curta** A que é pouco longa. *Coa saia capada e curta, / cun mandil de chilós roxos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281).
139. [peza de roupa (**roupa**)] + **mendada** A que ten remendos. *Dáme aquí, costureiriña, / dáme aquí catro puntadas; / xa que me acabes co corpo / traime a roupiña mendada* (M. Leiras, LPCG, 1911, 22).
140. [peza de roupa (**mantela, vestido**)] + **nova** A que ten pouco tempo de uso ou que está pouco gastada. *Vaite, barruzo, que veño / coa miña mantela nova; / vaite, barruzo, da festa, / que quero dar catro voltas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 6). | *Non te poñas tan chufona / por levar vestido novo; / que outras máis majas se viron, / e logo víronse en coiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 59).
141. [peza de roupa (**saia**)] + **rabena** A que é curta ou escasa. *Non penses mal, raparigo, / por verme a saia rabena; / tráiocha pra andar no monte, / non pra que as pernas me vexan* (M. Leiras, LPOC, 210).
142. **pito cairo / pito copo** O que non ten rabo. *Cativo favor lle debes a Deus, galo meu, triste pito cairo* (Fiz Vergara, 1990, TILG).
{Pito cairo. Pito copo: Reculo (VLP)}
Incluimos só o significado que se deduce da tradución que dá M. Leiras.
143. [planta (**pereiro, toxo**)] + **brava** A que nace espontaneamente ou sen enxertar. *Danse ao pé dos toxos bravos / as margaridas sinxelas* (M. Leiras, LPOC, 296). | *Nin que que os pereiriños bravos / desen mazás ou pexegos!* (M. Leiras, LPOC, 348).
144. **santo avogoso** O que intercede ou é favorábel para a curación dalgunha doenza. *Colle sempre o día do santo, / que alí van cánto-lo pintan / coma ningún avogoso* (M. Leiras, LPOC, 1895, 297).
145. **sorte cativa** A que non é boa. *Sorte cativa a do deble / ten que seguir inda sendo, / mentras que a Razón, en todo / non desterre antigos erros* (M. Leiras, LPOC, 358).
146. [terreo [(**bouza, monte**)] + **costento** O que está en pendente. *Nun monte que hai moi costento, / que solo dá toxo e silvas, / queiroas i-algunhas xestas* (M. Leiras, LPOC, 1895, 272). | *Inda sinto eu a lentura / do molido de folgueiras, / que, pra sentarnos, tivemos / naquela bouza costenta* (M. Leiras, LPOC, 1895, 297).
147. **trompa gallega** Birimbao, instrumento musical de metal, consistente nunha lámina vibratoria (a palleta) fixada a un marco en forma de ferradura, que se coloca na boca do intérprete contra os dentes, de xeito que a palleta poida vibrar libremente, facendo a cavidade bucal de caixa de resonancia. *Estou aprendendo a tocar a trompa gallega*.
{Trompa gallega: Birimbao (VLP)}
A forma normativa é “trompa galega”.

2.2.4. Substantivo + preposición + substantivo

148. **brazado de** + [cousas (**foguetes**)]
A cantidade delas que se pode levar dunha vez nos brazos. *Saleu primeiro un rapaz, / de foguetes, cun brazado* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279).
149. **cesto de troiteiro** O de boca estreita que usan os pescadores de cana para gardaren o que pescan. *Velai vai coa súa cana e o seu cesto de troiteiro a pescar no río.*
{Carabelo, Cesto de troiteiro: Chistera (VLP)}
150. **cu de agulla** Furado da agulla de coser por onde se enfía a liña. *Non podon enfiar a liña porque non vexo ben o cu da agulla.*
{Cú de agulla: Ojo de aguja. Hondón (VLP)}
No dicionario da RAG, figura como “cu da agulla”. Tamén se chama “alfiestra” e “ollo”.
151. **cu de galiña** Punto mal cosido dunha media ou tecido, que sobresa e avulta. *Tes que pór outras medias que nesas nóntanse moito os cus de galiña.*
{Cú de galiña – Culo de pollo (FLP)}
Tamén rexistra esta frase en VLP (Cu de galiña: Culo de pollo. El punto mal cosido en la media o tela de modo que sobresa e abulta).
152. **frol da iauga** Tona da auga das fontes que se recolle á mañá cedo do día de san Xoán cando o Sol se reflicte nela. Crese que dá saúde e beleza ás mozas que laven a cara con ela e que serve tamén para escorrentar as bruxas. *Hei brincar o lume novo / que hei de faguer pró San Juan / i-hei de ir pola frol da iauga / pra de min meigas tornar* (M. Leiras, LPOC, 216).
A forma normativa é “flor da auga”.
153. **formento da man** Porción de lévedo ou fermento que se deixa reservado para fermentar outra masa. *Tes que deixar un pouco de formento da mau nunha cunca de arxila para a seguinte vez que cozas.*
{Formento d’a man: Recentadura (VLP)}
A forma “man” pode ser unha mala lectura do manuscrito por “mau”. A forma normativa é “fermento da man”.
154. **marca do pan** Instrumento con que se marcaba o pan para recoñecelo antes de o enviar ao forno común.
{Marca do pan: Artera (VLP)}
155. **mazá de espiño** Mazá pequena e brava. *Estas mazás de espiño non valen nada.*
{Mazá brava. Mazá d’espiño: Jabí (VLP)}
156. **mes da sega** Xullo ou agosto [segundo os lugares]. *Apalabrouno / pra lle ir faguer ao seu Xan, / dun pano que o vinteoito / do mes da sega mercara / [...] unhas bragas que el quería* (M. Leiras, LPOC, 1884, 247).
157. **mosca de besta** (*Hippobosca equina*)
A de corpo aplanado, pel dura e cor acastañada, que ataca especialmente o gado equino e vacún. *Estas moscas de besta son insoportábeis.*
{Mosca de besta: Mosca de mulo o de burro (VLP)}
No dicionario da RAG, este insecto denomínase “mosca das bestas”.
158. **mozo da trepia** Peza curva das trepías en que se asegura o rabo da tixola. *Este mozo da trepia non está ben feito.*
{Mozo d’a trepia: Moza. Maripérez (VLP)}

159. **muíño de vento** Xoguete de nenos que consiste nunha vara que leva na punta unha estrela de papel que xira movida polo vento. *Os rapaces construíron muíños de vento a andan a brincar con eles.*
{Muíño de vento (juguete): Rihilander (VLP)}
160. **ortiga de mar** Actinia ou medusa que ten a propiedade de producir urticación na pel. *As ortigas de mar son moi correntes na costa galega.*
{Ortiga de mar: Acalefo (VLP)}
161. **pau da rolda** Pau máis grosso nunha das extremidades, moca. *Funlle face-las beiras á filla de Xan dos Espidos. / Collín o meu pao da ronda, / coma o fungueiro dun carro (1999, TILG).*
{Pau d'a rolda: Cachiporra (VLP)}
162. **pau do caño** Pau con que se xoga á tala ou billarda. *O pau do caño tamén se chama palán.*
{Pau do caño: Marro. Palo con que se juega a la tala (VLP)}
163. **pé de muíño** Pedra de abaixo do muíño que está fixa (mó ou moa de baixo), sobre a que xira a pedra de riba (tamén chamada mó ou moa). *As pedras de moer son dúas: a inferior chámase pé do muíño, e está fixa, sendo un cilindro ancho de pedra de gra, furado polo eixe; a superior chámase moa, e está tamén furada polo meio (V. Risco, 1978, TILG).*
{Pe de muíño: Solera (VLP)}
164. **pino do carro** Peza longa que sobresae da parte anterior do chedeiro do carro, cabezalla. *O pino do carro chámase máis comunmente cabezalla ou cabezallo.*
{Pino do carro: Pértigo (VLP)}
165. **rabo de golpe** Planta da familia das gramíneas, con talos de até corenta centímetros, follas estreitas e inflorescencia en panícula moi difusa. Denomínase tamén “leiburiña” e “rabo de raposo”. {Rabo de golpe (planta): Rabo de zorra (VLP)}
166. **recodo de xastre** Taboa que lles serve aos xastres para lles pasar o ferro aos colos e solapas dalgunhas pezas amais de para outros labores. *Dempois de muda-los zocos, / meteu nun pano as tixeiras, / a prancha e mais o recodo, / (pois, pra senta-las costuras, / nunca fai como fan moitos / que se gobernan cos dentes) (M. Leiras, LPOC, 1884, 247).*
{Recodo de xastre: Medio queso (VLP)}
167. **roda de oleiro** Peza circular que os oleiros fan xirar co pé para traballar os seus obxectos de arxila. *Dos nosos oleiros [...] sabemos que os romanos lles trouxeron dous elementos básicos do oficio: a roda de oleiro e o forno para coce-las olas e cacharros (X. A. Fidalgo Santamariña, 2001, TILG).*
{Roda de oleiro: Tabanque (VLP)}
168. **tea de araña** Arañeira, rede de fíos que forman as arañas cunha substancia que segregan. *Foi mirar pola vidreira / en que as teñas de araña, / ou os capizos dos vidros / os moitos craros mal tapan (M. Leiras, LPOC, 1884, 239).*

2.2.5. Verbo + adverbio

169. **fadar mal** [alguén] Predicir mala sorte [a alguén] *Porque no-a quixen por sogra, / fadome mal unha meiga; / ¡cáianlle entrámbolos ollos / antes que tal fada vexa!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 28).
170. **queixarse caladamente** Facelo en silencio, sen facer ruído ou sen que se decaten outros. *Froliñas que, con ser froles, / caladamente se queixan / de que tanto, tanto, tarden / en cobrarse contas vellas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 66).

2.2.6. Adxectivo + adverbio

Non achamos ningún caso.

2.3. Locucións

2.3.1. Locucións substantivas

171. **a regañada** COL. A fame. *Van as lanchas prá sardiña, / que esta noite hai escurada. / Dios llela día de sorte / pra mata-la Regañada!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 60).
Noriega recóllea en NV2 como “circunlocución” (A regañada: A fame).
172. **a semana dos dous xoves** COL. IRÓN. Unha data que non vai chegar nunca. *Non te preocupes que cho fai para a semana dos dous xoves. | De neno, preguntáralle a un vello mariñeiro en Foz cando durmía o mar. O mariñeiro respondéalle: “Dorme as semanas de dous xoves”* (C. G. Reigosa, 2001, CORGA).
{Pra semana d’os dous xoves – La semana que no haya viernes (FLP)}
173. **anxo de Dios** Persoa de moita bondade; muller moi fermosa, dunha perfección pouco común. *Tal falaban das dores i-amarguras / daquel anxo de Dios, coas ás rotas!* (M. Leiras, LPOC, 353).
Non temos certeza total, mais cremos que o exemplo de Leiras se refire á segunda acepción. A forma correcta é “anxo de Deus”.
174. **aros pra cribos** COL. Desculpas; mentiras. *Iso que dixo el sonche aros pra cribos, que cho digo eu.*
{Esos son aros pra cribos – Esas son disculpas (FLP)}
A forma gráfica habitual é “aros para cribos”.
175. **as casas da Cruña** COL. Gran cantidade ou abundancia. [Úsase, sobre todo, en sentido imaxinario ou de esaxeración e adoita aparecer co verbo *ter*.] *Concha [...] comía as casas da Coruña, e non lle chegaban. Dixo: Comía o pueblo de Lier e de Mundín, i as casas da Curuña, e non lle chegaban* (María López Castro, 1990, TILG).
{As casas da Cruña – Montes y morenas (FLP)}
A forma normativa é “as casas da Coruña”.
176. **avogado das silveiras** COL. Persoa que adoita actuar con mala fe para provocar disputas e preitos; ou a que, sen título ou con pouca preparación, presume de entender de leis. *Aquelas xentes cheas de bondade, coa súa sabencia natural, [...] que estaban de*

- volta de tódalas mañas dos avogados das silveiras (A. Sevillano, HDC, 1979, 31).
 {Abogado d’as silveiras: Abogado de secano (VLP)}
177. **ben de Dios** Regalía, cousa moi boa; abundancia, riqueza, bens. *Díxome meu pai qué tiña / i-eu calei, sin dicir nada; / que tempo ten de sabere / o ben de Dios que hai na casa* (M. Leiras, LPOC, 213). A forma correcta é “ben de Deus”.
178. **boa cara** Cara de agrado. *Cando alí te atopei / tan de boa cara e tan soia, / non tiven xa máis remedio / que me achegar* (M. Leiras, LPOC, 365).
179. **boca rota** COL. Persoa que blasfema ou di grosarías, bocalán. *Por primeira ves, o taberneiro, [...] boca rota, non lle xostreou a faciana ca tralla dun porco comentar* (R. Otero, OPOM, 1974, 20). | *A asemblea condenou a opinión excéntrica de Adalo, fillo de Uretio [...] Acusado de ser un boca rota, quedou só na súa crítica* (X. Ferro Ruibal, FRXP, 1992, 21).
 {Boca rota – Desconsiderado en el hablar (FLP)}
 Noriega rexistra: [Para significar que es blasfemo: É UN RELAXADO, É UN REMONTADO, É UN XURAFAZ, É UN BOCA ROTA, É UN BOCA ERMA (NV)].
180. **cadela de frade** Insecto da orde dos dermápteros que ten o abdome acabado nunhas pinzas cortantes. *Cadelas de frade, / abesoiros negros, / abellóns, / avespas, / [...] carguen sobre ti; / dempois saber quero / se che proi o coiro* (M. Sarmiento, Coloquio, 143). | *Que unha cadela de frade / lles esburaque os ouvidos [aos caciques]* (V. Lamas, LCVPG, 1889, 471).
 {Cadela de frade: Cortapicos. Tijeretas (VLP)}
181. **camisa de fóra** COL. Persoa desleixada. *Antes era un camisa de fóra mais desde que casou éche outra cousa e mesmo viste ben e todo.*
 {Camisa de fóra: Pañalón (VLP)}
182. **campa de la** COL. Persoa moi dada a espaventos, moi fanfurreña. *Non hai quen ature as fanfurreñas dese campá de la insoportábel.*
 {Es un campá de lá – Eres muy dado a aspavientos, muy fanfarrón (FLP)}
 Noriega recolle esta UF cun significado moi diferente ao que dá Leiras [Un bonazo: É UN CAMPÁ DE LA, I É DOCILIÑO COM’A LA (NV)]. Pola información que temos sobre esta UF, coidamos que é ben máis corrente o sentido que dá Noriega. Segundo María Xesús Guizán Durán, en Vilalba é moi corrente co sentido de ‘persoa moi boa, buenazo’. Unha expresión parecida é “manta de la”, que, segundo información de Anxos Trabada Crende, significa en Meira ‘persoa moi dócil’.
183. **cara de mama no dedo** COL. Cara de parvo. *Doute ao deño; / non habías de ir máis adiante, / cara de mama no dedo!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 300).
184. **cara de repinaldo** COL. Cara fermosa. *Dios che pague a túa esmola, / cariña de repinaldo!, / non che coidei que tiveses / corazonciño tan brando* (M. Leiras, LPCG, 1911, 7).
 A RAG define “repinaldo” como ‘variedade de mazá de forma alongada’.
185. **cara de rosa** COL. Cara fermosa e agradábel. *Pra que me dixeches, diaño, / que tiña cara de rosa...? / Dendes de entón, si te vexo, / dáme así coma vergonza!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 47). | *Prendácheme, mentireira, / coa túa cariña de rosa; / pro desbotácheme logo / co teu corazón de loba* (M. Leiras, LPOC, 208).

186. **cara lavada** COL. 1. *loc. s.* Persoa atrevida e sen vergoña. *Ocorrúseme facer as paces con ese grandísimo cara lavada* (Estro Montaña, PPX, 1994, 47). 2. *loc. adx.* Atrevido e desvergoñado. –*Pero ¿que hai logo? –E no-o sabes? / Eres ben cara lavada! / Non sei como pra ti miro, facéndome as xudiadas / que ti me fas!...* (M. Leiras, LPOC, 1884, 242).
{Cara lavada: Carirraído (VLP)}
187. **carapucho das paredes / pucho das paredes** Couselo (*Umbilicus pendulinus*). *O valado estaba cheo de carapuchos das paredes e de herba ceruda e outras plantas. | A miña voz, Señor, que vai pra musgo, / herba salgada e puchos das paredes, / vai nestes versos do Nadal de hogano / baixiño baixo, pra os amigos vellos* (A. I. Alvariño, IADD, 1960, 162).
{Capelo, couselo, coxelo, carapuchos d’as paredes: Ombligo de Venus (VLP)} {Pucho d’as paredes: Ombligo de Venus (VLP)}
188. **casa cuberta** Acubillo, lugar en que se protexer dos rigores do tempo. *Que xistra corre, Dios mío! / E no-hai casiña cuberta, / i-estou mortíña de frío!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27). | *Pidinche casa cuberta, / e ti con Dios me mandache; / que nunca outro mal che fagan!, / que sempre con Dios te manden!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 43). | *Si alguén á porta / pedíndoa chega, / jdádelle axiña / casa cuberta!, / que ni os cas paran / polas carreiras* (A. Noriega, NVAE, 418).
{Casa cuberta: Cobijo (VLP)}
Tamén a rexistra Noriega [PIDEUME CASIÑA CUBERTA: Me pidió que le hospedase por caridad. (NV)].
189. **chegar e encher** COL. Un asunto rápido ou fácil. [Úsase, xeralmente, co verbo *ser*.] *Non podía pensar [...] que na Habana, que el en Galicia coidou que era chegar e encher; pasaran semellantes cousas* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 142). | *Tu queres chegar e encher; e non é así* (Silvio Santiago, Vilardevós, 1961, 165).
{Chegar e encher – Llegar y besar el santo (FLP)}
190. **corazón brando** Maneira de ser bondadosa, compasiva, de bos sentimentos. *Dios che pague a túa esmola, / cariña de repinaldo!, / non che coidei que tiveses / corazonciño tan brando* (M. Leiras, LPCG, 1911, 7). | *A falla de carácter i o corazón brando, fan que semelle ser máis nulo do que é* (M. Varela Buxán, VBMF, 1975, 105).
191. **cousa con cousa** COL. [En frases negativas con verbos como *deixar, dicir, facer, haber ou ter*, expresa a falta de orde, lóxica ou sentido.] *Home, tu marchas mal deste xeito, tu non tes cousa con cousa na túa casa, tu o que deberas ter era unha ama* (M. Leiras, OQTE). | *Naquela desorde non había cousa con cousa, todo parecía fóra de lugar* (Bieito Iglesias, BIH, 2001, 129).
192. **día de carabullos** COL. Día de traballo. *Xa vai sendo hora de que nos retiremos; esta xente tamén quer descansar que mañá é día de carabullos* (J. M. López, LJMC, 1928, 62). | *Mañá é día de garabullos, dixo o Lamote, pero non para nosoutros* (D. X. Cabana, FDT, 1990, 54).
{Mañá é día de carabullos – Mañana es día de trabajo (FLP)}
Como se ve no exemplo de Darío Xohán Cabana, tamén existe a variante “día de garabullos”.

193. **Dios me leva e Dios me trae** COL. Persoa que muda con facilidade de opinión, conduta etc. *Ese é un Deus me leva e un Deus me trae, non ten personalidade.*
 {E un Dios me leva e un Dios me trae – Un voluble que va a donde lo llevan (FLP)}
 Noriega explica así esta expresión: El que muda con demasiada facilidade y ligereza de pensamentos, aficiones, opiniónes o conducta: É UN DIOS-ME-LEVA, E UN DIOS-ME-TRAI (NV). A forma correcta é “Deus me leva e Deus me trae”.
194. **ferro e fariña** COL. Moito esforzo. [Úsase con verbos como *custar, facer falta, necesitar* ou *precisar*.] *Era teimuda, a vella. Aos fillos custoulles ferro e fariña convencela para que metese os cartos na caixa de Aforros* (F. Alonso, MDC, 2001, 13).
 {Costar ferro e fariña – Costar un triunfo (FLP)}
 En *Como falan os brañegos*, recolle Noriega tamén esta expresión (COSTOULLE FERRO E FARIÑA, ou COSTOULE FERRO E FOUCE: Necesitó Dios y ayuda).
195. **figura de bastos** COL. Persoa de aspecto ridículo. *O pai dese rapaz sempre me pareceu unha figura de bastos, con esa vestimenta tan rara.*
 {Figura de bastos – Figura de tapiz (FLP)}
196. **funga na cinza** COL. Persoa apoucada, covarde, tímida. *Así que non veu o funga na cinza ese ¿eh?*
 {Funga n-a cinza: Apocado (VLP)}
 En NV aparece esta UF co significado de ‘persoa agarrada, nada xenerosa’ (Para denotar que un hombre es sordidamente parco: É UN FUNGA NA CINZA).
197. **horas mortas** Tempo que pasa sen facer nada. *Ali horas mortas pasamos, / contándonos catro contos / nun abeiro, arrechegados* (M. Leiras, LPOC, 362).
198. **lei do embudo** COL. Criterio ou norma que se aplica estritamente a uns e benevolmente a outros. *Si un crego, pola contra, pide a un probe / o que chama el ofrendas, sempre o move, / cando menos, a darlle algunha espiga, / que, vendéndoa, cal fai, cando o gran sobe, / deixa sobre pra encher ben a barriga . // Esto di que inda rixe a lei do embudo / prós que o pobo ter queren cego e mudo, / anque dice a doutrina verdadeira: / naide faga a ninguén o que el non queira* (M. Leiras, LPOC, 322). | *Porque vamos a ver, ¿por que se priva de comerciar? A lei do embude, eso élle o que é* (D. X. Cabana, OCNT, 1994, 288).
 As formas correctas son “lei do embude” e “lei do funil”.
199. **mala fe** Mala intención, consciencia de proceder con engano ou traizoeiramente. *Non viron que “n’ hai xusticia, / nin limpeza, nin verdade”; / senón mala fe, pra todo, / trampulladas e cochambre!* (M. Leiras, LPOC, 349).
200. **mala léngua** COL. Persoa que ten por costume murmurar ou calumniar. *Un pequeno da Paula, un demonchiño / [...] abriu tódolos ollos que ver poden / e fixo xa calar as malas lénguas!* (M. Leiras, LPOC, 1912, 306).
 A forma normativa é “mala lingua”.
201. **mama na cocha** VULG. Persoa sucia, pouco aseada. *O rapaz é un mama na cocha; como non mude, ninguén se vai achegar a el.*
 {Ser un mama n-a cocha – Ser sucio (FLP)}

202. **man de santo** COL. Remedio ou solución moi eficaz. *Atofouse ela, e pillouno, / i [...] / cascoullas, que iban fervendo; / e foron de man de santo / pra deixalo un año feito* (M. Leiras, LPOC, 1930, 368).
Sorprende aquí a variante “man”, pois o lóxico en Manuel Leiras sería “mau”.
203. **man travesa** Distancia que hai entre os catro dedos da man, desde o índice ao maimiño, xuntos ao largo. *Animal querido! Tiña grasa espesa. / Tiña unhos touciños dunha mao travesa, / ¡animal!, e deume vinte libras de unto* (Xosé Crecente, PXCIV, 529). | *Val agardou que se erguese coa punta da súa espada a menos dunha man travesa do chan* (Xabier DoCampo, XDOPA, 2012, 127).
{Man travesa: Palmo menor (VLP)}
Ver o comentario da UF anterior.
204. **maus abertas** Xenerosidade, pouca severidade ou rigor. *Dios queira que non atopas / nunca pra ti maus abertas, / e que, mal morto de fame, / te coman os cas i-as pegas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 10).
A forma normativa é “mans abertas”.
205. **mea sin conda** COL. Cousa confusa, sen lóxica, sen xeito, pouco clara; persoa desordenada, sen xeito, sen lóxica naquilo que di ou fai. *Postos a tirar desa mea sen conda da incoherencia, habería que ver por que proxecto de país optaron os traballadores e traballadoras desas explotacións agrícolas cando depositaron o seu voto na urna* (A. Q., Irímia 866, 2012, 16). | *O nacionalismo galego era, non obstante, unha mea sen conda, tributo do fracaso na unificación do movemento das Irmandades nunha única organización* (Ramón Villares, 1984, TILG).
- {Mea sin conda – Morcilla sin atadero, que no guarda orden ni concierto en lo que dice (FLP)}
Corriximos a forma que desta UF dá Franco Grande na única edición –que saibamos– publicada de FLP, pois Franco publica “mea sin coda” cando no manuscrito se le claramente “mea sin conda”. O propio Noriega, en NV, recolle “conda” (É UNHA MEA SIN CONDA: Lo que no tiene atadero). A RAG, no seu dicionario, define “mea” e “meada” así: ‘porción de fío, la, seda etc., envolto sobre si mesmo con voltas grandes’, e dá como sinónimos “cadeixa” e “madeixa”. “Conda”, en definición da RAG é ‘fío ou cordón que recolle e divide a madeixa para que non se enlee’. A forma normativa é “mea sen conda”.
206. **media léngua** COL. Fala imperfecta. *–Ti sabes o que el me dice / co aquila súa media léngua ? / –Con todo, canto lle atopas, / e moito máis que tivera, / non sal de ser un demoño* (M. Leiras, LPOC, 375).
Non achamos esta UF nos dicionarios consultados. Supondo que non fose un castelanismo, a forma normativa sería “media lingua”.
207. **moita risa e caraxola** COL. Un batifondo ou conflito, un escándalo. [Úsase con verbos como *armar(se)* ou *haber*.] *Na festa, ao final, houbo moita risa e caraxola e tivo que intervir a policía para pacificar a xente.*
{Houbo moita risa e caraxola. Houbo o Diabro pol-as pernas – Hubo jaleo (FLP)}
208. **o cabo da terra** COL. Un lugar moi afastado. *Rapazas que trala risa / vades ao cabo da terra, / mirade ben que hai risadas / que tras si cen choros levan!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 57). |

- Onde vai Carlos Alberto, / que foi ao cabo da terra, / malpecado, / deixar os ósos, cuberto / de mal color pola guerra / chamuscado!* (X. M. Pintos, PVAGG, 1853, 157).
É unha locución sinónima de “o cabo do mundo”.
209. **o diablo polas pernas** COL. Un batifondo ou conflito, un escándalo. [Úsase con verbos como *armar(se)* ou *haber.*] *Cando chegue el, aquí vai haber o diablo polas pernas, xa verás.* {Vid. *houbo moita risa e caraxola*} Esta expresión recollea tamén Noriega [HOUBO O DEMO POLAS PERNAS, Hubo la de mazagatos, o hubo la de Dios es Cristo (NV)].
210. **o fondo da hucha** COL. A mellor roupa que se ten, o traxe ou vestido de maior luxo. *Puxen o fondo da hucha, / e fun correndo prá festa; / aí, cantas veces un corre / tras do que nunca un quixera!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 25). Rexístraa Noriega en NV (POÑER O FONDO DA UCHA: Vestir el traje de mayor lujo).
211. **o Sol dos sapos** COL. A Lúa. *Estivemos a cantar cancións aquela noite que alumaba o Sol dos sapos.* {Sol d’os sapos – La luna (FLP)} Noriega recolle esta UF en NV2: O sol dos sapos: La luna.
212. **ollo mao / ollo mau** Pequena cuncha mariña branca por unha cara e de cor vermella dourada pola outra. [Úsase en sortellas, pendentes e botóns.] *Vendo reluci-las cónchegas / na branca area da praia, / dos ollos maos e dos coscos, / dos longueirós e navallas* (E. Lence Santar, LSPG, 1926, 93).
{Ollo mau, ollo mao: Ombligo marino (VLP)}
A RAG non recolle esta UF. Supomos que a forma normativa é “ollo mao”.
213. **ollos de serpe** Os que mostran hostilidade. *Non me mires co ises ollos, / con ises ollos de serpe; / mirame cos churrusqueiros / que sabes pór cando queres* (M. Leiras, LPCG, 1911, 37).
214. **orella de frade** Orella, doce propio do Entroido que se fai con masa de fariña triga, ovos e leite. *Arroz en doce, guindas en augardente, chocolates, orellas de frade, figos pasos* (V. Risco, VROPP, 1928, 132). | *Non te achabas connosco / para pasarmos xuntos o Martes Lardeiro / manxando [...] / as filloas enmeladas e as orellas de frade* (Fiz Vergara, VVOT, 1976, 505).
{Orella de frade: Lasaña. Oreja de abad (VLP)}
215. **os seus** Os familiares. *Dempois que os teus adormezan, / non me deixes, como poidas, / sin que, siquera, te vexa* (M. Leiras, LPCG, 1911, 62).
216. **pan do demo** COL. Tipo de fungo comestíbel de cor amarela escura por encima e máis claro por debaixo. *Isa noción, quízais como todas, ten cerna, sámago, codia, e aínda despois parasitarias hedras e mesmo herba rateira e pan do demo* (R. Dieste, VDE, 1971, 21). | *Dende que lle amosei un libro de Jacotet, traíame toda clase de pan do demo* (A. Cunheiro, ACEM, 1960, 65).
{Pau do demo: Crespilla. Cagarría (VLP)}
A forma que aparece en VLP (*pau do demo*) é, sen dúbida, unha mala lectura por *pan do demo*. Noriega recolle, en NV2, esta locución (o pan do demo, o pan da cobra, o sombreiro do sapo: Hongos). Non temos claro se se usa esta denominación como xenérico para os cogomelos. A RAG define “pan de cobra”, “pan de raposo” e “pan de sapo” como ‘cogomelo’, mais non “pan do demo”.

217. **pau de ferro** Barra ou panca de ferro usada nas pedreiras para mover a pedra, facer buracos etc. *A dinamita deu en estalar na canteira do monte, e o pau de ferro crebrou, feriu de vez a unidade mineral* (X. Neira Vilas, NVLAR, 1973, 28). | *Na brueta levei as ferramentas: picaraña, machado, eixada e pau de ferro* (A. Alonso Ríos, ARSA, 1979, 155).

{Pau de ferro: Pie de cabra (VLP)}

218. **porta da vila** COL. Persoa indiscreta, que non garda segredos. *Non sei por que tiveches que contar iso, es a porta da vila, non se pode un fiar!*

{És a porta d'a vila – Eres una habladora, no guardas secretos. Non gardal-a mexa – Id. (FLP)}

Rexístrao tamén Noriega [Para expresar que es una mala lengua: É A PORTA DA VILA, É A MADRIÑA DA GUERRA, É A MAI DAS GAFUMES (NV)].

pucho das paredes > 187

219. **reina luísa** Herba luísa (*Lippia citriodora*), planta arbustiva da familia das verbenáceas, de talos leñosos, flores abrancazadas ou rosas en espiga e follas alongadas con recendo a limón que se utilizan

en infusións. *Foi sacando / romeu, lesta e reina luísa; / e deles pondo ramiños / foi polo pé e a cornixa / do retablo* (M. Leiras, LPOC, 1895, 274). | *El dolor ou ardor de estómago apaciguábanlo con infusiois de reina luísa i con bicarbonato* (José Antonio Fernández Vior, 1997, TILG).

{Reina Luisa: Luisa (VLP)}

A forma normativa sería “raíña luísa”, mais este nome é hoxe pouco coñecido, xa que esta planta denomínase, xeralmente, “herba luísa”.

220. **sede de auga** Cantidade de auga suficiente para matar a sede. *Val máis unha sede de auga / da fontaña do meu souto / que canto os vilegos teñen, / i-eso que teñen de todo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 50). | *Vimos de París en catro xornadas, e somos xente do Bispo daquela vila, i o que quero de ti é unha sede de auga fresca* (A. Cunqueiro, MEF, 1955, 28).

221. **unha do revés** Labazada dada co dorso da man. *Tomando impulso co corpo de batracio, mandoume unha do revés que me botou contra a parede* (Xesús Valcárcel, 1995, CORGA).

{Unha do revés – Torniscón (FLP)}

2.3.2. Locucións adxectivas e comparacións

222. **a arruche** *loc. adx.* COL. Sen nada, sen diñeiro. [Úsase con verbos como *estar* e *quedar*.] *Quedei a ruche, non teño nin para mandar tocar un cego.* {Arruche (quedar a): Quedar sin blanca (VLP)}

Leandro Carré (1981) recolleu “arruche: Exhausto, sin blanca, sin dinero” e Aníbal Otero recolle esta expresión cunha pequena variante e con outro significado amais do que rexistra M. Leiras [(ARRUCHES,

quedarse; fr. fig. y fam. Quedarse in albis. / Quedarse sin nada, sin un cuarto, en Hospital (VSJP)]. A expresión existe en castelán (*a ruche*) e aparece no dicionario da RAE.

223. **a xeito 1.** *loc. adx.* Adecuado, oportuno. *Logo dunhas sete singraduras, por fin un ventiño a xeito* (A. Conde, 2007, TILG). **2.** *loc. adv.* Ben, adecuadamente, oportunamente, apropiadamente. *Xa sei que ma tes xurada, / e tamén que pra unha feira; / i-has de dar inda*

- unha volta / antes que a xeito me vexas* (M. Leiras, LPOC, 213). | *O millo só, enxebre, non panifica a xeito, esmigállase como a bica da lareira* (A. Sevillano, HDC, 1979, 10).
 {Vir a xeito – Venir de perlas (FLP)}
 {A xeito – De perlas (FLP)}
224. **airoso coma a espadana** *comp.* COL. Elegante, con boa aparencia física. *De bonita, é com'os anxos; / de airosa, com'a espadana; / ¡que máis ha te-la santiña / que seu santiño me chama!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 51).
225. **(amargo) coma o rabo do can** *comp.* COL. Moi amargo. *Sabe coma o rabo do can, non hai quen o coma!*
 {Sabe com'o rabo d-o can – Amarga (FLP)}
 En lugar de “amargo -a”, tamén se di “agre” ou “acedo -a”.
226. **ás cheas** 1. *loc. adv.* [Recipiente] acugulado, co contido que sobresa e por riba dos bordos do continente. *As medidas [...] poden aparecer ás cheas, a cugulo ou acuguladas, e a rebolo ou rebolado, rapadas ou a rapadas* (Elixio Rivas Quintas, RQEPS, 1999, 383). 2. *loc. adv.* Con fartura, en abundancia. *N'era milagre que [...] / por dar ou non dar / co ela unha volta no corro, / dempois de rosmaren baixo, / se filasen, e cos mocos / deran as razós, e houbese / croques ás cheas pra moitos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 282). | *Non sei canto eu dera / por chantarce nos papos ardentes / chuchiños ás cheas* (M. Leiras, LPOC, 363).
 {Cheas (ás): Colmo. Colmado (VLP)} {Vid. A barullo}
227. **(bon) coma o bon o pan** *comp.* COL. Moi bondadoso, moi boa persoa. *Coma unha rosa eres, Rosa, / i-es boa com'o bon pan; / pro, com'eso non fai pote, / todos deixándote van* (M. Leiras, LPCG, 1911, 23). | *O rapaz é como o pan, ¿sabes? Moi bo, moi ben guiado* (A. D. R. Castelao, RCOCS, 1934, 268).
 Esta frase recollea Noriega, en NV, entre outras (Un bonazo: É BON COM'O BON PAN, I É UN PEDAZO DE PAN). A variante normativa é “(bo) coma o bo pan”.
228. **bon pró seu cu** *loc. adv.* COL. Egoísta. *Como esperes algo desa estás aviado; esa é boa para o seu cu, non che pensa para nada nos máis.*
 {Ser bon pr'o seu cu – Ser egoísta (FLP)}
 A RAG prefere “bo” a “bon”. Daquela, a forma máis achegada á normativa é “bo para o seu cu”.
229. **(bonito) coma os anxos** *comp.* COL. Moi bonito, moi fermoso. *De bonita, é com'os anxos; / de airosa, com'a espadana; / ¡que máis ha te-la santiña / que seu santiño me chama!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 51).
230. **(bonito) coma unha rosa** *comp.* COL. Moi bonito, moi fermoso. *Coma unha rosa eres, Rosa, / i-es boa com'o bon pan; / pro, com'eso non fai pote, / todos deixándote van* (M. Leiras, LPCG, 1911, 23). | *Alí estaba a Loliña [...], tamén da aldea, bonita coma unha Rosa* (Manuel R. Troncoso, RTMR, 1996, 20).
- cara lavada** 2 > 186
231. **(cego) coma unha toupa** *comp.* COL. Pouco agudo, pouco fino intelectualmente, que non se decata das cousas. *Porfeille, reparando / que estaba coma unha toupa, / i-así sin ver, onde queiras, / torce mal un ou se entoa* (M. Leiras, LPOC, 353). | *Vivín aquiles anos / coma unha toupa, cego / e por demais sufrindo / aldraxes* (C. E. Ferreiro, HDD, 1970, 48).

- No seguinte exemplo, o significado é ‘moi cego’: *Ora o demo, ¿e dixeron que era meu mozo?, / com’as teipas me quede si cho conozo!* (A. Noriega, NVAM, 218).
232. **(cheo) coma o ovo** *comp.* COL. Ben cheo. [*As cangrexas*] *non tiñan moita venda por seren moi pequenas, aínda que todas elas estaban cheas coma o ovo, tanto no inverno coma no verán* (X. Rodríguez Vergara, 2007, TILG). | *A discoteca estaba chea como un ovo* (Marica Campo, 1996, TILG). {Está com’o hovo – Está lleno, sobrado de todo (FLP)} Como se pode apreciar polo segundo exemplo, existe tamén a variante “(cheo) coma un ovo”.
233. **(claro) coma o sol** *comp.* COL. Moi evidente. *Eso é tan craro como o Sol de mediodía* (TNQ, 1820, 190). | *Hai unha cousa clara coma o sol: / prós nosos ollos no está feita a lus / do mundo, o abreinte frío que se abreu / cando abrimos os ollos sobre o mundo* (X. M. Díaz Castro, Nimbos, 1961, 101). {É com’o sol – Es evidentísimo (FLP)}
234. **coa lúa** *loc. adx.* COL. Con teimas, con rarezas, algo tolo. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*.] *Teño un galán tarabelas, / que parece anda coa lúa; / ora, non sal do meu rabo, / ora, nin de min se cuida* (M. Leiras, LPCG, 1911, 24).
235. **coma a leña** *comp.* COL. Moi magro, debilitado e sen forzas. [Úsase con verbos como *estar* ou *quedar*.] *Tampouco é que esteamos mirradas nin coma [...] unha palla de centeo, tampouco coma [...] a leña* (Lidia e Valentina, Irímia 924, xuño 2015, 16). | *Despois de andar por aí de vagabundo, a pasar fame, quedou coma a leña.*
- {Está com’ a leña. Está desdeña. Está n-os osos. Non lle quedou cara pra se presinar} Está o se quedó extenuada (FLP)}
- En “está desdeña”, consideramos que se trata dun simple adxectivo, “desdeño -a”, que Eladio Rodríguez define así: ‘dícese del ganado vacuno que está muy flaco’. Noriega, antes ca este, recollera, en NV, “ESTAR DESDEÑA (unha emprega): ‘estar sumamente flaca’. O significado de “emprega” é ‘cabeza de gado’.
236. **coma as galiñas** *comp.* COL. Deshonesto, lascivo [unha muller]. *Disque é coma as galiñas, non sei por que terá esa fama.* {Com’as galiñas. Com’as gatas} Es ardiente, es deshonesto (FLP)}
237. **coma as gatas** *comp.* COL. Deshonesto, lascivo [unha muller]. *Non sei por que din que é coma as gatas, mais tenche esa fama.* {Vid. com’as galiñas}
238. **coma o can sin alma** *comp.* COL. [Estar] sen aprensión, sen ansia, tranquilo. *Acougou e está como o can sen alma.* {Está com’o can sin alma – Sin aprensión, sin ansia (FLP)} A forma normativa é “coma o can sen alma”.
239. **coma os chitos** *comp.* COL. [Ser] cínico, desvergoñado. *Non vin cousa parecida, é coma os chitos ese fulano.* {E com’os chitos – Es cínico, sin verguenza (FLP)}
240. **(contento) coma unhas páscoas** *comp.* COL. Moi contento. *Faimas, e bravas, meu Toño, / pero vén... e, con dúas falas, / anque esteña eu com’a noite, / déixame coma unhas Páscoas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 63). |

- Vendeu o cabalo por sete pesos; comprou por seis o aparello, novo de todo, e marchou [...] con el ao lombo prá casa contento coma unhas pascuas* (M. García Barros, GBCT, 1952, 162).
A forma normativa é “(contento) coma unhas pascuas”.
241. **da casta do demo** *loc. adx.* COL. Revoltoso, inquedo, retorcido, ruín. *Hai que ter conta con el; ves que é da casta do demo!* (Roxelio Rodríguez Díaz, 1927, TILG).
{Ser d’a casta d’o demo – Ser de la piel del diablo (FLP)}
242. **da ialma** *loc. adx.* Moi querido. [Úsase a miúdo con nomes como *amigo* ou *compañeiro* ou de parentesco.] *Ai, fillos da ialma, / que igual non vos vexa!... / Fai falla que os probes / un día se entendan!* (M. Leiras, LPOC, 1892, 271).
A forma normativa é “da alma”.
243. **dado a Xuncras / dado ao demo** *loc. adx.* COL. Furioso, encolerizado. *Tiñan soilo o pobre amparo / do fillo que iba prá guerra, / i-andaba el dado ao demo / e chora que choras ela* (M. Leiras, LPOC, 1901, 285). | *Tiñan nada máis o amparo / do fillo que iba prá guerra, / e andaba el dado a Xuncras, / e, chora que chora, ela* (M. Leiras, LPOC, 286).
O exemplo primeiro é o da primeira edición. O segundo, no que se modificou “demo” por “Xuncras”, é da edición de 1930. Segundo Eladio Rodríguez, “Xuncras” é un eufemismo popular para designar a Xudas.
244. **de alma** COL. 1. *loc. adx.* Moi bo, magnífico, de calidade, de importancia. *É un incendio / jde moita ialma!, que cunde; / é descomunal batalla* (A. Noriega, NVAE, 529). 2. *loc. adv.* Moito, magnificamente, moi ben, con forza. *Traballou de alma... Traballou un día máis có Creador* (V. Risco, VRDCQ, 1919, 141). | *Ponse a lavar. Lava de alma, para rematalo máis axiña que poida e ir á casa a vesti-los nenos e darlles de almorzar* (X. Lesta Meis, LMXA, 1930, 94). | {Dar de alma – Dar con fuerza (FLP)}
245. **de ben** *loc. adx.* Bo e honrado. [Úsase con substantivos como *home*, *muller*, *persoa* ou *xente*.] *Bon é ter moitos amigos, / e que por de ben a un teñan; / pro, cando chega un aperto, / val máis sempre unha marea* (M. Leiras, LPCG, 1911, 25). | *Era honrada ou parecía selo, pois vivía do seu creto de muller de ben* (A. D. R. Castelao, RCCousas, 1926-29, 83). | *Todos coidan que a xente de ben perde diñeiro nos tratos* (A. D. R. Castelao, RCCousas, 1926-29, 105).
246. **de cachete** COL. 1. *loc. adx.* Ben predisposto. *Tivemos sorte que cando chegamos estaban de cachete*. 2. *loc. adv.* Repentinamente. *Collémolos de cachete, non lles demos tempo a nada*. {Coller de cachete – Topar á uno bien predisposto, encontrar de sopetón (FLP)}
O dicionario da RAG non inclúe o substantivo “cachete”.
247. **de correlobos** *loc. adx.* COL. Corrente, fácil. *Non sei de que te sorprendes se iso é de correlobos*. {Eso é de correlobos – Eso es cosa corriente, fácil (FLP)}

248. **de lei** *loc. adx.* Cumpridor, honrado. *N'anda ao dreito un raído, / que lle deu vinte palabras / de ser de lei* (M. Leiras, LPOC, 360).
249. **de malas ancas** *loc. adx.* COL. De mal carácter, malhumorado. [Úsase adoito co verbo *ser*.] *O irmán é de bo carácter, mais ela é de malas ancas, non se lle pode dicir nada que logo se incomoda.* {Ser de malas ancas – Tener malas pulgas (FLP)}
250. **de manteiga** *loc. adx.* COL. Mol. *E lle día o bico na testa, / e mais o par de azoutiñas / nas cachiñas de manteiga!* (M. Leiras, LPOC, 337). | *Ai, meu tío, [...] que cedo che vai come-la terra as tías carniñas de manteiga!* (Rosalia de Castro, RdCC, 1864, 542).
251. **de mécara** *loc. adx.* COL. Ruín, sen valor. *Vaia, muller, que fai falla / non ter vergonza, abofellas, / pra andar de riba pra baixo / co ise franxute de mécara!* (M. Leiras, LPOC, 375). Debe ser un eufemismo de “de merda”.
252. **de proveito** *loc. adx.* Útil, de utilidade, proveitoso. *Nunca dan nada / que de proveito a alguén seña* (M. Leiras, LPOC, 330). | *Fixenlle ver que alí non facía nada de proveito, que non gañaba un can namentres outros rapaces [...] xa lle mandaban cartos á casa* (Manuel Blanco Rivas, ASDA, 2004, 11).
253. **de seu 1.** *loc. adx.* Da súa propiedade exclusiva. [Úsase sobre todo co verbo *ter*.] *Teño casiña de meu; / teño pan pra todo o ano; / teño dona que me preza...; / nin polo cura me cambol!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 53). | *Si ques ter algo de teu / fai en todo coma os cregos; / que nunca dan nada a naide... / agás que sexan consellos* (M. Leiras, LPOC, 213). | *Matouse por ter xugada, / carro, e chouza, e bes de seu; / e así que a tivo lograda, / deulle a da morte... e morreu* (M. Leiras, LPOC, 357).
2. *loc. adv.* Por el mesmo *Nunca páxaro fuxido / tornou de seu prá gaiola; / nin a unha nena que eu quixen / lle hei roldar eu mái-la porta* (M. Leiras, LPCG, 1911, 20). Repárese en que *de meu, de teu* etc., no sentido 1, só se usa con propiedades alleábeis.
254. **de sobre** *loc. adx.* Máis que suficiente. *Durme, meu neniño, durme; / durme ben, e non despertes; / que, pra pasar traballiños, / tempo de sobre has de tere* (M. Leiras, LPCG, 1911, 10).
255. **(delgado) que nin un aramio** *comp.* COL. Moi delgado. –*Pola casa... e a comadre? / –Nin por eso; que aquil frato, / que lle arrimou aos cadrís, / tena, que nin un aramio* (M. Leiras, LPOC, 370). A RAG prefere “arame”.
256. **do demo** *loc. adx.* COL. 1. Extraordinario, moi grande. *Nun mal esberrar, armouse / a estarabouza do demo; / e fóra de poucos, todos / sangraban coma carneiros* (M. Leiras, 302). 2. Moi ruín, pésimo, desprezábel. *Por moito que te cuspiñes, / gata mamada do demo; / por moito que te cuspiñes, / eu, pra casar, non te quero* (M. Leiras, LPCG, 1911, 14).
257. **do pé do sol** *loc. adx.* COL. [Moza] moi fermosa. *Era unha rapaza do pé do sol, garrida como Dios fixo as estrelas* (A. Noriega, NVAOCII, 1904, 312). {É unha moza d’o pé d’o sol – Es una moza de peregrina beleza (FLP)}
258. **dreito nas cuñas** *loc. adx.* COL. [Úsase con verbos como *andar, ir* ou *poñerse*.] 1. Erguido, estirado, dereito.

- Sempre anda toda tesa, toda dreita nas cuñas. 2. Fachendoso, presumido, vaidoso. Pasou toda dreita nas cuñas e nin saudou, non sei por quen se ten. {¡Ibas dreito n-as cuñas! – ¡Ibas erguido, estirado! (FLP)}*
 En NV aparece unha posíbel variante [VAS ALTA NA CUÑA! (a unha rapaza): ¡Que engreída vas!]. A forma normativa é “dereito nas cuñas”.
259. **en coiro** *loc. adx.* COL. 1. Espido, sen roupa. *Na banda de atrás da ermida vin rapaciños en coiro que eran lavados baixo do picho dunha fonte de pedra* (X. Neira Vilas, NVNAI, 1980, 75). 2. Na pobreza, sen diñeiro. *Non te poñas tan chufona / por levar vestido novo; / que outras máis majas se viron, / e logo víronse en coiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 59).
 Non estamos certos de que o exemplo de M. Leiras se corresponda co significado segundo, aínda que tamén é probábel que xogue cos dous significados.
260. **en lardo vivo** *loc. adx.* Sen pel e cunha ferida aberta, esfolado. *Con ise diaño de moca aquí me deche / e seique en lardo vivo me puxeche* (M. Leiras, LPOC, 1888, 263).
 {Lardo vivo – Carne viva (FLP)}
261. **(encarnado) coma a mapola** *comp.* COL. Moi encarnado. *Ola Tresilla, –dixo el / sin máis poñéndose ao lado / dunha rapaza que tiña / como a mapola seus papos* (M. Leiras, LPOC, 1888, 267). | *Sospiraba daquela por unha Bretaña leda e independente, encarnada coma a mapoula* (X. L. M. Ferrín, MFBE, 1987, 213).
 A forma correcta é “(encarnado) coma a papoula”.
262. **(farto) coma un can** *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber.
 [Úsase con verbos como *estar, ir, quedar* ou *pórse.*] *Vouche coma un can, mais mañá poño-me a réxime.*
 {Vai coma un can. Vai coma un cura;}
 Va bien comido, va hartado (FLP)}
263. **(farto) coma un cura** *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber.
 [Úsase con verbos como *estar, ir, quedar* ou *pórse.*] *Tiña fame de verdade –dixo en voz alta ao final, botándose para atrás–. Pero agora estou farto coma un cura* (A. R. Baixeras, ORDA, 1987, 27).
 {Vde. Vai coma un can (FLP)}.
264. **(forte/san) coma un buxo** *comp.* COL. Moi forte, moi san. *Era [...] un home rencoroso, xa andado, pro forte coma un buxo* (F. Portela Pérez, A Monteira, 1890, 386). | *Unha veciña miña [...] sen pai nin nai, casada e con fillos sans coma buxos, tamén carpía con chíos arrepiantes* (A. D. R. Castelao, RCOP, 1919, 414).
 {Está coma un buxo – Está sano y fuerte (FLP)}
 Esta comparación estereotipada úsase habitualmente cos adxectivos “forte” e “san”, mais tamén, ás veces, con “circio” ou “rexo”.
265. **(galano) coma un Sol** *comp.* COL. Moi fermoso, de boa presenza, agradábel. *E cada hora ela, galana / coma un Sol, de min ao rente...!* (M. Leiras, LPOC, 336).
266. **(galano) coma unha estrela** *comp.* COL. Moi galano, moi fermoso. *Que che pasa, pequerrecho?, / lle preguntei a un neniño, / galano coma unha estrela* (M. Leiras, LPOC, 1887, 254). | *Pensei que estaba na feira / de Gontán, xunto daquelas / carpazonas coma estrelas* (A. Noriega, NVAM, 229).

- No canto de “galano -a”, tamén se usan outros adxectivos sinónimos (bonito -a, garrido -a etc.).
267. **(gordo) coma un cocho** *comp.* COL. Moi gordo. *Non se move e está como un cocho.* | *Había algún que estaba gordo coma un porco, daba dous bos xamóns, bandulleiro, goso* (Emilio Araújo, 1996, TILG). {Está coma un cocho – Está gordo, está rico (FLP)}
268. **(grande) coma un fungueiro dun carro** *comp.* COL. Ben grande. *Meu san Antño bendito, / como me cases hogano, / heiche levar unha vela / coma un fungueiro dun carro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 21). | *Eu levaba un pau tan grande / como o fungueiro dun carro* (DFDB, 2004, 285).
269. **(ladrón) coma as cabras** *comp.* COL. Moi ladrón. *Disque esa muller é ladra como as cabras, xa a apañaron varias veces roubando no supermercado.* | *S’atrapo / áquel meu percurador! / Era ladrón com’as cabras, / estafador sen conciencia* (José María Chao Ledo, 1931, TILG). {Com’as cabras – Ladrón (FLP)}
270. **lavado de cara** *loc. adx.* COL. Atrévido e desvergoñado. *–E que tiveche nese ollo / que tes de sangue unhas ramas? / –Índa o preguntas! N’o sabes! / Es ben lavado de cara!...* (M. Leiras, LPOC, 1884, 236).
271. **levantado de mau** *loc. adx.* Propenso a baterlle a outras persoas. [Úsase a miúdo co verbo *ser*.] *E o caso é que o xenro casamente non lles chínca. Primeiro por non disgustar á siña Gabriela, e despois porque xa el non é tampouco levantado de man* (X. Lesta Meis, LMXA, 1930, 48). | *Ten un pai moi levantado de man, por nada xa lle bate.*
- {Ser levantado de mau – Ser ligero (FLP)}
- A forma normativa é “levantado de man”.
272. **(limpo) coma a prata** *comp.* COL. Moi limpo. *Non sabe o que é arrecantarse / tras dos tizós, na cociña, / sin fume que cegue os ollos, / e coma a prata de limpa* (M. Leiras, LPOC, 1903, 288). | *O río está limpo como a prata, / non hai que soportar molestias* (Manuel María, MMOTP, 1972, 459).
273. **(limpo) coma un xaspe** *comp.* COL. Moi limpo, limpo e ben vestido, ben presentado. *É fresca e limpa coma o puro orballo / (coma unha flor ao sopro da ribela). / Ten sempre a casa coma un xaspe e nela / todo reloce: o pote, a cunca, o tallo* (Xosé Crecente, PXCIV, 535). | *Ía coma un xaspe, todo ben traxado e peiteado.* {Coma un xaspe – Como un palmito (FLP)}
274. **máis calado ca un rato** *comp.* COL. Moi silencioso, moi calado. *Enventou meterse [...] asta ir esconderse debaixo da cama da ama e máis caladiño que un rato* (M. Leiras, OQTE).
275. **máis duro ca a cerna** *comp.* COL. Moi duro. *Gardou na chaqueta / de broa dúas codas / máis duras cá cerna* (M. Leiras, LPOC, 1892, 269). Como testemuño da dureza da cerna, citemos un refrán que recolle o propio Leiras: *Díxolle a cerna ao clavo: deixarás aquí o rabo* (RLP).
276. **máis manso ca un año** *comp.* COL. Moi manso, moi humilde. *Botouse a andar o bon do cura ao outro día prá aldea, máis mansiño que un año, sin levantar os ollos da terra pra ninguén* (M. Leiras, OQTE).

277. **máis teso ca un galo** *comp.* COL. Cheo de presunción, afectando superioridade. *Medio emparvados oían / o que lles barafustando / estaba entre eles, máis teso / que están ás veces os galos, / [...] un fillo dun bodegueiro* (M. Leiras, LPOC, 1888, 266). | *Viu aparecer [...] ao señor Picote, de chistera e lambita, e máis teso que un galo* (E. Labarta, ContosLP, 1897, 58).
278. **(mol) coma a manteiga** *comp.* COL. Moi mol, non duro. *Cheguei á fía atruxando, / e quixen botar por ela, / e puxéronme o lombiño / moliño com'a manteiga!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 40). | *“Está coma a manteiga!” é o primeiro que di. Despois trábase o diálogo para o axuste e o pulpeiro termina sempre por acceder e picar algunhas talladas máis* (L. Moure, MMLGP, 1992, 63).
279. **(mollado) coma a lama** *comp.* COL. Moi mollado. *O rapaz volveo sin a burra prá casa e de noite, mollado e pitado coma lama* (M. Leiras, OQTE). | *Xa me tarda chegar á casa e enxugarme. Non sei vós, pero eu vou coma a lama desta patumeira* (Xabier DoCampo, XDNA, 2018, 179). Esta expresión recóllea Noriega en NV (ESTOU PINGANCIÑO, ESTOU COM'ON RÍO, ESTOU COM'ON SAPO, ESTOU COM'A LAMA, ESTOU COM'O PITO, ESTOU COM'A PISTRACA, ou NO ME QUEDOU FÍO ENXOITO: Estoy hecho una sopa). Leiras emprega, no exemplo, para dicir ‘moi mollado’, dúas expresións encadeadas: “mollado e pitado” e “(mollado) coma a lama”. É posíbel, ademais, que “pitado” teña que ver coa locución, moi corrente, “mollado coma un pito”. (Vid. *mollado coma un pito e mollado e pitado*).
280. **(mollado) coma un pito** *comp.* COL. Moi mollado. *Anduven de baixo pra riba sin deixar camiño nin carreiro sin podela atopar asta que me puxen mollado como pito* (M. Leiras, OQTE).
281. **mollado e pitado** *loc. adx.* COL. Moi mollado. *Veño mollada e pitada, / de andar co gando na serra; / ¡probes dos que a miña vida, / dos que a miña vida levan!* (M. Leiras, CG, 1911, 29). | *O rapaz volveo sin a burra prá casa e de noite, mollado e pitado coma lama* (M. Leiras, OQTE). Recóllea Noriega en NV (VIR MOLLADO E PITADO: Venir muy mojado). “Pitado” debe ter relación con “mollado coma un pito”.
282. **morto de fame** *loc. adx.* Con moita fame ou con moita miseria e escaseza. *Dios queira que non atopas / nunca pra ti maus abertas, / e que, mal morto de fame, / te coman os cas i-as pegas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 10).
283. **no veo** *loc. adx.* COL. Informado, ao corrente [dun asunto ou segredo]. *Pregúntallo a el que din que anda no veo.* {Andar n-o veo – Andar en el ajo (FLP)}
284. **nos ósos** *loc. adx.* COL. Moi delgado. [Úsase, xeralmente, con verbos como *estar, pórse* ou *quedar*.] *Que desgraza, animalíño. Está nos ósos. No pelello* (Sechu Sende, SSO, 2004, 120). | *A pesar dos seus cento corenta quilos de peso, o día 4 quedou nos ósos, a fío seco* (A. Riveiro Coello, RCCB, 2005, 32). {Vid. com'a leña}
285. **picado do allo** *loc. adx.* COL. Susceptíbel, irritable. *Esa é picada do allo, así que pensa ben o que lle preguntas; lembra que por nada xa se pica.* {Ser picado d'o allo – Ser susceptible, irritable (FLP)}

286. **que agancha** *loc. adx.* COL. [Estar] furioso. *Non lle digas agora cousa ningunha, que cando perde o seu equipo está que agancha.* {Está qu'agancha – Está furioso (FLP)}
287. **(rico) coma un cocho** *comp.* COL. Moi rico, moi podente. [Dise como crítica.] *Un dos que os traguía sempre era Pepe de Lado, [...] que se finou rico coma un cocho, fóra ialma* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 130). | *Ao señor de máis cerca, rico coma cocho, pareceulle que aínda non tiña abondo, [...] e mandounos baixar a ponte e entregar o castelo* (D. X. Cabana, GES, 1989, 35). {Vid. está coma un cocho}
288. **(ruín) coma o xoio** *comp.* COL. Moi ruín. *Cachizas el facía no concello; / e todos a boquiña lle calaban; / porque era como o xoio, i-a calquera / nun aire lle amañaba el unhas papas* (M. Leiras, LPOC, 359). {Era com'o xoyo – Era pésimo (FLP)} Noriega Varela tamén o recolle en NV: (Y no falta, desgraciadamente, el que es: RUÍN COM'O XOIO, MÁIS FALSO QUE AS MULAS, E TORTO COM'ON FOUCIÑO). O xoio é unha planta gramínea moi daniña para os cereais.
- (san) coma un buxo** > 264
289. **(seco) coma as varas dun caínzo** *comp.* COL. Moi delgado. *Non para pinta nos pousos; / non se pon maja aos domingos; / nin canta, nin dá parola, / cando lle toca o muiño: / e vaíse a fio quedando / como as varas dun caínzo... / Que herba triparía a nena, / que astra quer perde-lo sino!...* (M. Leiras, LPOC, 360). [ESTÁ SECO COM'AS VARAS DUN CAÍNZO: Se le pueden contar los huesos (NV)].
290. **(seco) coma unha estela** *comp.* COL. Moi delgado. *Dende aquela, / co que a min me apenou tal mazadura / cuase pódome vou coma unha estela / e da morte semello xa a figura* (M. Leiras, LPOC, 1888, 263). “Estela” é un substantivo sinónimo de “acha” ou “racha”. Un exemplo con “acha” témolo aquí: *Ao pouco tempo morreu, o pobre, sequiño coma unha acha. Dixeron que de mal de peito* (X. Lesta Meis, LMXA, 1930, 179).
291. **sin xeito nin dreito** COL. 1. *loc. adx.* Incoherente, desordenado, sen sentido, sen lóxica, disparatado. *Beloso, o camorrista, un valentón sen xeito nin dereito?* (Manuel Lourenzo, 2027, CORGA). 2. *loc. adv.* Sen lóxica, sen razón aparente, sen reflexión, de xeito disparatado. *Déronse conta de que non se podía ir por aí cazando lebres sen xeito nin dereito* (José Carlos Bermejo, LVG, 16-II-2013). {Sin xeito nin dreito – Sin ton y sin son (FLP)} A forma correcta é “sen xeito nin dereito”.
292. **(tamaño) coma a roda dun carro** *comp.* COL. Moi grande [dito xeralmente de cousas como empanadas, roscas, moletes etc.]. *Unha moza / [...] levando o ramo, / que tiña roscas tamañas / como unha roda dun carro* (M. Leiras, LPOC, 1895, 280). | *Puxo na mesa leite fresco, un xarro de mel e unha bola de centeo coma a roda dun carro* (Eduardo Moreiras, PNL, 1974, 92).
293. **torto coma un fouciño** *comp.* COL. Descontento, contrariado, enfadado, de mal humor. *Eles seguiron pra diante, tortos como fouciños, e volveron do camposanto feros, avinagrados* (A. Noriega, NVAOCII, 1904, 313). |

Non deixara de pensar canto tería que pedir polas dúas vacas [...] Noventa mil pesetas figurábaselle que se cadra era moito, pero tiña por certo que todo o que baixase de cincuenta non debía nin ser considerado. // –Teño que pensar ben a cousa, que, os que non a pensan, logo veñen para a casa tortos coma fouciños (C. G. Reigosa, APDL, 1986, 117).

{Vai torto coma un fouciño – Va descontento, va contrariado (FLP)}
{Estar torto – Andar enfurruñado (FLP)}

2.3.3. Locucións pronominais

295. **algún que outro / algunha que outra** Poucos, algúns. *Empezou a salir algún que outro mozo dos menos devotos que nunca faltan en ningures (M. Leiras, CSR).*

296. **can tras palleiro** COL. Sitio ningún, nada en absoluto. [Úsase para expresar enfaticamente que non ficou ou non se deixou sitio ningún ou cousa ningunha. Vai normalmente en frases negativas e con verbos como *deixar* ou *quedar*.] *Contounos que os piratas non deixaran can tras palleiro na mansión, que esculcaran nela e nas dependencias anexas (X. M. Lema, LSXMC, 2013, 266). | Eso vai no axeitarse, e ti seica n'acertache, Xan; que ao demais, coma un home queira, non queda can tras palleiro. Eu cho digo (Rosalía de Castro, RdCC, 1864, 540).*

{Non quedou can tras palleiro – Quedaron las casas vacías (FLP)}
Esta expresión recolleuna Valladares no seu dicionario [PALLEIRO. (*non quedar can tras*). No quedar perro tras almiar.] Úsase esta frase en sentido metafórico, para significar ó dar a entender, que nada se dejó olvidado, que marchó todo, todo se registrou, etc.). Tamén Noriega a rexistra: [NON

294. **(triste) coma a noite** comp. COL. *Moi triste. Faimas, e bravas, meu Toño, / pero vén... e, con dúas falas, / anque esteña eu com'a noite, / déixame coma unhas Páscoas (M. Leiras, LPCG, 1911, 63). | Triste coma a noite, abrouxada polos túzaros dos parentes [...] determinei fuxir (X. Filgueira, FVAMF, 2015, 53). Rexístrao Noriega en NV (ESTAR COM'A NOITE: Estar sumamente triste y melancólico).*

QUEDOU CAN TRAS PALLEIRO QUE EL NON CACHEASE: Escudriñó cuanto había que escudriñar (NV)].

297. **nin pizca** Absolutamente nada. *Eu / figúrome que nin pizca / de faragulla lles toca / nin ao santo, nin á ermida (M. Leiras, LPOC, 1895, 273)*

A palabra “pizca” non é galega (DOLG) e débese dicir “chisca”, “chisco”, “migallo”...

298. **nin un sacre / un sacre** Nada; moi pouco. *Que ha de te-la miña ialma / senón fame e moito frío, / e coma el catro irmáns / sendo igual que ese cativos / e estando súa nai doente / non tendo un sacre os probiños! (M. Leiras, LPOC, 1887, 254). | Nin un sacre dá o vello prantío, / i-o novo non prende, e si prende non leva... (M. Leiras, LPOC, 1911, 295).*

{Vid. Non goza unha isma}
Verbo da palabra “sacre”, o DEGC di: ‘Se emplea más bien como término negativo en expresiones como *non val un sacre; non teño un sacre*, es decir, no vale un pimiento; no tengo un céntimo’ (A. I. Alvaríño, *Carmina de Horacio*). Tamén Aníbal Otero recolleu esta palabra: (SACRE, m. *Non teño un sacre, pizca*).

299. **nin unha ialma / unha ialma** COL. Absolutamente ninguén. *Logo que ali chegou ela / vendo el que nin unha ialma / se procataba... colleuna / e tirouna... entre unhas pallas* (M. Leiras, LPOC, 1884, 240). | *Hei de saber... gobernarme / sin que me axude unha ialma* (M. Leiras, LPOC, 345). As formas normativas son “nin unha alma” e “unha alma”.
300. **o demo / o demo e a nana** COL. Gran cantidade [de algo], moitas cousas. *Volveu a la a puxarse; / e tras dela cinco ranchos; / e deupois todo o demais; / que deu o demo de cartos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279). | *Fíxenlle a rosca do galo / en cantos sitio-la vin; / díxenlle o demo i-a nana; / e sempre o tempo perdín* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26). Di X. Alonso Montero que, segundo M. Valladares, “nana” significa ‘nai’ e é palabra antiga (LPOC).
301. **outro tanto** A mesma cousa, o mesmo. *Non se acanea unha folla; / todo esta noite está calmo; / ¡ai, quen poidera decire, / coa mau no peito, outro tanto!* (M. Leiras, Cangal, 1911, 7).
302. **todo dios** COL. Todos, todo o mundo. *De terra... ¿cantos contos / co que é mester pra sacar / dela siquera o panciño, / que a todo Dios falta fai?...* (M. Leiras, LPOC, 311). A forma correcta é “todo deus”.
303. **un milagre** COL. Unha gran cantidade [dalgunha cousa]. *De empanadas, peixe e troitas, / e queixos deses que chaman / polo tinto..., era un milagre / de cestas o que levaran* (M. Leiras, LPOC, 1895, 276).
304. **un nada** Moi pouco. –*Sal logo á corte das cabras / hoxe de noite... / –Non quero, / que me sentiu a criada / cando salín o outro día / e por un nada n’a arma* (M. Leiras, LPOC, 1884, 237). | *Tal rebumbio se armou, / que por un nada a mocazos / no-empezaron* (M. Leiras, 1895, 279).
- un sacre** > 298
unha ialma > 299
305. **unha isma** Nada; moi pouco. *Este meniño non come unha isma, así está de magro, coitado.* {Non goza unha isma. Non logra ni un sacre} No digiere nada (FLP)}

2.3.4. Locucións verbais

306. **abalar** [u.p.] **o zapato** COL. Bailar. *Estiveron toda a noite a abalar o zapato. Así están de cansos.* {Abalar o zapato – Bailar (FLP)} A locución é sinónima de “sacudir a chinela / sacudir o chinelo”, tamén rexistrada por M. Leiras.
307. **abrir** [u.p.] **a porta i-a hucha** [a alguén] COL. Recibir e obsequiar [alguén] con agrado e amor e de moi boa gana. *Non me podó queixar, abriume a porta e a hucha desinteresadamente.* {Abrir a porta y-a ucha – Recibir y obsequiar a alguno con el alma y la vida (FLP)}
- Noriega recolle esta expresión con algunha variante [ABREUNOS A PORTA I A ARCA. ABREUNOS A PORTA A MANGA I A ANCHA: Nos recibí con los brazos abiertos (NV)]. A forma gráfica normativa é “abrir [u.p.] a porta e a hucha [a alguén]”.
308. **abrir** [u.p.] **os ollos** [a alguén] Facer ver [a alguén] a realidade, desenganar [alguén]. *Un pequeno da Paula, un demonchiño / [...] abriu tódolos ollos que ver poden / e fixo xa calar as malas léngoas!* (M. Leiras, LPOC, 1912, 306).

309. **achaiar** [u.p.] **os cotos** COL. Reparar inxustizas ou agravios. *Cando o cre necesario sempre vén el achaiar os cotos como se os máis non soubésemos defendernos.* {Achayal-os cotos – Enderezar o desfacer entuertos (FLP)} Noriega recolle a expresión *cunha pequena variante e con diferente sentido*: [TU QUES ACHAVAR OS COTOS, I HAN QUEDAR ALTOS COMO ESTABAN: Pretendes imposibles (NV)]. No TILG, a forma “achavar” aparece como “achaiar”. É posíbel que “achavar” sexa unha gralla, pois non aparece no Dicdedic.
310. **agardar** [u.p.] **a mau** [a alguén] Deixarse querer; deixarse tocar ou acariciar. *Non volvas a terme o pé / tras de sebes nin valados, / si queres que a mau che agarde / fálame donde adoitamos* (M. Leiras, LPCG, 1911, 17). | *O mar é unha vida, e como todo animal cambia de pasteiro e de folganzas, e ás vegadas parez que [...] rasquese enrabexado o lombo decontra as penas que hai no fundo, e outras agarda a man e rosma calado, igoal que un lebreiro de Persia que fai a dixestión* (A. Cunqueiro, ACVS, 1961, 76). {Agardal-a mau – Dejarse querer (FLP)} Noriega recolle tamén a expresión [AGARDA-LA MAU: Dejarse manosear (NV)]. A forma normativa é “agardar a man [a alguén]”.
311. **alumar** [u.c./u.p.] **aos cegos** COL. **1.** Ser [unha cousa] moi evidente. *Non é preciso que mo expliques, é evidente, aluma aos cegos.* | *De vivencialo xa non vos digo nada porque aluma aos cegos* (LCMR, 1997, 165). **2.** Faltarlle [a unha muller grávida] pouco para dar á luz, notárselle a gravidez. *O seu tropezo e a caída na cama están a punto de alumar aos cegos. O que estivo cuberto e acochado asta hoxe, non pode estalo de aquí en diante* (A. I. Alvariño, IACO, 1962, 33). {Pepa aluma ós cegos – Pepa está adelantada en el embarazo (FLP)} Incluímos tamén un primeiro significado, máis xeral, desta UF, que é o que dá Noriega [ALUMA ÓS CEGOS: Salta a los ojos (NV)]. A relación co segundo parece clara: se está adiantada no embarazo unha muller non o pode ocultar, porque é evidente, está á vista.
312. **amañar** [u.p.] **unhas papas** [a alguén] COL. Tratar con enganoso ou trampas de prexudicar [alguén], en especial mediante un proceso administrativo ou xudicial. *Cachizas el facía no concello; / e todos a boquiña lle calabán; / porque era como o xoio, i-a calquera / nun aire lle amañaba el unhas papas* (M. Leiras, LPOC, 359). {Amañar unhas papas – Armar una zancadilla, empapelar o encausar (FLP)}
313. **andar** [u.p.] **carto a carto** COL. Regatear, discutir o prezo de algo. *Nada sei / do que dempois barallaron; / pero com'el en dous verbos / quer faguer sempre os seus tratos, / i-ao revés, ela non sabe / senón andar carto a carto, / creio de min salirian / cal si trataran dos santos* (M. Leiras, LPOC, 373). {Andar carto a carto – Regatear (FLP)}
314. **andar** [u.p.] **con temperos** / **andar** [u.p.] con temperos de gaitas COL. Atenuar ou suavizar o rigor dunha cousa, ceder para evitar enfrontamentos. *Cando llelas pide o corpo, / non val andar con temperos, / e catro azoutas, di a vella, / séntanlles ben por enteiro* (M. Leiras, LPOC, 368).

- | *Deixádeme a min sin rabos, / vaia ou veña, veña ou vaia, / sin andar coma xunguido, / nin con temperos de gaitas* (M. Leiras, LPOC, 345).
315. **andar** [u.p.] **cos dentes** [a alguén] COL. Golpear, bater [a alguén]. *Sempre fuches un badúa!, / sempre andas tocando a choca! / Mentras non che anden cos dentes / no-has saber cala-la boca!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 56).
316. **andar** [u.p.] **do cacho pró poleiro** COL. Non pensar máis ca en comer e durmir. *Anda todo o día do cacho para o poleiro e iso non é vida, hai que saír un pouco da casa e gozar da vida.* {Andar d'o cacho pr'o poleiro – No pensar máis que en comer y dormir (FLP)}
A forma gráfica normal é “andar do cacho para o poleiro”.
317. **apear** [u.p.] **o muíño** COL. Perder o apetito, deixar de comer. *Non come nadiña, desde hai unhas semanas apeou o muíño e eu estou moi preocupado.* {Apeal-o muíño – Perder el apetito, dejar de comer (FLP)}
“Apear o muíño” é, en sentido recto, ‘paralo co apeadoiro’. A expresión ten relación con iso, aínda que o seu sentido é figurado e se aplica a persoas.
318. **apertar** [u.p.] **as caguñas** COL. Facer un esforzo, aturar ou disporse a aturar algo. *Tivemos que apertar as caguñas, non nos ficou máis remedio ante aquela situación.* {Apertal-as caguñas – Hacer un esforzo, aguantar o revestirse de paciencia (FLP)}
319. **apertar** [u.c.] **o corazón** [a alguén] COL. Producir [a alguén] sentimentos de mágoa, saudade, compaixón ou outros. *Non sei que ten no badal / a campá da miña aldea...! / [...] Por que dará como afrontos / i-o corazón nos aberta!* (M. Leiras, LPOC, 339).
320. **atrancar** [u.p.] **as caillas** Pechar todas as saídas. {Atrancar-as caillas – Tomar o cerrar todas las salidas (FLP)}
Supomos que “cailla” é unha variante (que non existiran os dicionarios máis coñecidos) por “calla” ou “quella”, ou sexa, ‘cal’ ou ‘canle’. Leandro Carré define así a palabra “calla”: ‘Canal formado por un madero ahuecado en sentido longitudinal para conducir el agua de la presa al rudicio del molino’. Supomos que o sentido que rexistra Leiras é figurado, mais non temos practicamente información.
321. **baixar a funga ao cu** [a alguén] VULG. Facerse vello e peideiro. *Xa non che son o que era, baixoume a funga ao cu e vou para as encollas. Os anos non che pasal en balde!* {Baixouselle a funga ô cú – Se hizo viejo y pedorrero (FLP)}
322. **bebelas** [u.p.] **coma o boi a iauga** COL. Finxir que non entende, que non ten coñecemento dalgunha cousa ou que non ten que ver con ela. *Por máis que o tentamos non hai maneira, bébenas coma o boi a auga.* {Bebelas com'o boi a y-auga – No darse por entendido (FLP)}
A forma normativa é “bebelas coma o boi a auga”.
323. **beber** [u.p.] **os aires** [por alguén] COL. Gustar moito [de alguén], admirar moito [alguén]. *Como non han quererte? / Como os aires, por ti no-han beber todos?* (M. Leiras, LPOC, 376).
324. **beilar** [u.p.] **no aro dun cribo** COL. Ser bailadora, bailar moi ben. *De novo beilaba no aro dun cribo, era a admiración de todos.*

- {Beila n-o aro d'un cribo – Es bailador (FLP)}
A forma normativa é “bailar no aro dun cribo”.
325. **beilar** [u.p.] **nun cribo** COL. 1. Alegrarse, pórse contenta. *Ti sabes como se puxo de contento? Beilábache nun cribo.* 2. IRÓN. Desgustarse. *Contaba co aprobado, así que cando saiba a nota ha de beilar nun cribo.* {Ha de beilar n-un cribo – Se ha de alegrar, ó lo contrario (FLP)}
Esta UF rexístraa tamén Anibal Otero en VSJP (*Bailar nun cribo*, de contento). A forma normativa é “bailar nun cribo”.
326. **ben deitar** [u.p.] **de** [alguén ou algunha cousa] Aproveitar, ser útil, producir beneficio, facer xeito [ese alguén ou esa cousa a alguén]. *As mallegas das san Lucas / háncheme ser acordadas, / que, anque me teño por algo, / ben deitei de dar ás zancas* (M. Leiras, LPOC, 210). | *Bótalles dúas roncadás / a ises parentes pollosos, / que te aldraxan, e ben deitan / moitas veces dos teus codos* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323). | *Ese si que é un gran home. Ben deitamos del pra xurdir* (D. X. Cabana, OCNT, 1994, 187).
{Ben deito d'eso, ben deitou d'eso – Eso me vale, eso le valió (FLP)}
Anibal Otero recolleu esta expresión en VSJP (DEITAR, *ben*: fr. fig. y fam. Gracias a: *Ben deitou de min. Ben deitache que a cana non rompeu de todo. Ben se deita que ja hai herba*). Este filólogo relaciónaa co verbo “eitar” [*Eitar*, producir utilidade o beneficio un cultivo o un produto (VSJP)].
327. **botalas** [u.p.] **fervendo** [a alguén] COL. Falar claramente, dicir as cousas directamente, sen rodeos. *Ese cando ten que dicir algo bótaas fervendo, non cala diante de ninguén.* | *A xente incomodouse co asunto de Bankia e bótallas fervendo aos executivos de caixas e bancos, aínda máis desprezados e odiados que os políticos* (Bieito Iglesias, DLAV, 13-VI-2012, 16).
{Botal-as fervendo – Hablar clara y desnudamente (FLP)}
328. **botalas** [u.p. a alguén] **todas** COL. Criticar [alguén] con dureza, dicir as cousas directamente, sen rodeos [a alguén]. *Botáchesmas todas onte, / i-eu non cho levei a mal; / pro, si outra vez con tal volves, / heite, abofé, de alindar* (M. Leiras, LPOC, 208).
329. **botar** [u.p.] **a mau** [a alguén] / **botar** [u.p.] **unha mau** [a alguén] Axudar, socorrer [alguén]. *Probe de min que non teño, / si caio, quen me a mau bote!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 14). | *Vas ter que botarme unha man* (A. Cunqueiro, MEF, 1955, 48).
{Botar unha mau – Dar una ayuda (FLP)}
Recóllea tamén Noriega en NV. As formas normativas son “botar a man” e “botar unha man”.
330. **botar** [u.p.] **(as) contas** Meditar sobre as vantaxes e inconvenientes dalgunha cousa. *Bote como queira as contas, / todas me salen furadas; / non sei cando ha vi-lo día / de que unha ao dreito me salla* (M. Leiras, LPCG, 1911, 45). | *Andivécheme rogando, / i-agora dás ás corneiras..., / probe de quen bote contas / co que no peto non teña* (M. Leiras, LPCG, 1911, 57).

331. **botar** [u.p.] **auga aos pitos cando chove** COL. Facer algo inoportuno ou innecesario. *Ao día seguinte de morrer, publicou e emperador un decreto en que lle perdoaba ao marqués todas as faltas e crimes que cometera en canto vivira. O emperador, seica era partidario de lles botar auga aos pitos cando chove.*
{Botar auga os pitos cando chove – Hacer lo inoportuno o innecesario (FLP)}
332. **botar** [u.p.] **mau de** [alguén ou algunha cousa] Recorrer [a alguén ou a algunha cousa]. *Que vén o inverno de fumes? / Bótase man das estelas* (M. Leiras, LPOC, 346). | *Deulle algo de mareo [...] quixen chamar por vostedes, pero non sabía [...] Cando o asistente botou mau del, escoitouse só o clic* (X. Vázquez Pintor, QFV, 2000, 52).
A forma normativa é “botar man de [alguén ou algunha cousa]”.
333. **botar** [u.c./u.p.] **na terra** [alguén] COL. Matar [alguén]. *Batídeme, aires, batide; / batídeme, aires da serra; / que aqueles gafos da vila / botándome iban na terra* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12).
334. **botar** [u.p.] **por ela** COL. Presumir, alardear. *Ceguei á fia atruxando, / e quixen botar por ela, / e puxéronme o lombiño / moliño com’a manteiga!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 40). | *Es cadaval polos cimbrós; / nos baixos, fraga famenta, / Ben podes rumber, Montaña, / ben podes botar por ela!* (M. Leiras, LPOC, 348). | *Non bote naide por ela, / e menos, sendo cativo; / que, ao millor sal un... Peruxo, / que hai sempre algún escondido / i-amosa os cairos* (M. Leiras, LPOC, 351).
{Botar por ela – Presumir, fanfarronear, baladronear (FLP)}
- botar** [u.p.] **unha mau** [a alguén] > 329
335. **buscar** [u.p.] **as deligras** [a alguén] COL. Provocar, procurar o xeito de molestar ou excitar [alguén]. *Sin mirar quen loitaba / coas pícoras que acostuman / a sempre alí estar de agarda, / por quen lles fregue nas xuntas / ou as pelizque nas cachas, / ou as deligras lles busque* (M. Leiras, LPOC, 1884, 236).
Noriega rexista unha forma moi parecida [FIXÉRONLLE AS DELIGRAS: Le buscaron las cosquillas (NV)]. Non sabemos se no exemplo que citamos de Leiras Pulpeiro se utiliza a frase co sentido figurado que damos ou co sentido recto de ‘facer cóxegas’. O substantivo “deligras” é característico da área mindoniense. O sinónimo “cóxegas” é máis corrente.
336. **caer a calleira** [a alguén] COL. Deixar de ter familia ou fillos. *A min xa me caeu a calleira, agora tócvos a vós.*
{Cael-a calleira – Dejar de tener familia o hijos (FLP)}
337. **caer a facha** [a alguén] COL. Ir morrer de maneira inminente. *Daba pena de que fosen, / tan rufo e majo, a correlo, / pero... caeralle a facha, / e non houbo máis remédeo* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
Esta expresión aparece en NV (CAEULLE A FACHA: Se halla en peligro inminente). É posíbel que o significado que dá Noriega non sexa o que ten no exemplo de Leiras, que se refire a un galo que van correr. Debe de ser algo parecido a ‘estaba sentenciado’. Segundo Lence Santar, “As fachas son luces que can do ceio cando quer finarse algún. Por eso na terra de Mondañedo se di que a todo dios lle cai a súa facha.

- Os do Angulo, de Pelourín [...] xuran que dous ou tres días antes de finarse seus pais, viron caer as fachas preto das casas” (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 117).
338. **caer** [u.p.] **na grade** COL. Ser enganada, caer nunha trampa. *Fixo menos dela un mozo de casa grande. El sabe ben quen é o que a botou a perder. Pero ela non sabe quen foi o da dellada, e o pai dela nin siquera que caeu na grade* (A. I. Alvariano, IACO, 1962, 12).
{Caer n-a grade. Caer n-a trapela – Caer en el garlito (FLP)}
Noriega recolle tamén a expresión, mais con diferente significado [PUXÉRONLLE O RANCALLO, CAIEU NA TRAPELA, CAIEU NA GRADE, COLLEULLE A GRADE AS ZOCAS, CAIEU NO CHAO; ACADARMÁRONO, ou ABICORNÁRONO, ou PUXÉRONLLE O XABREXUGO: Contrajo matrimonio (NV)].
339. **caer** [u.p.] **na trapela** COL. Ser enganada, caer nunha trampa. *Dixo Havel, con razón, que a política é un traballo que require de persoas “especialmente puras”, porque é moi doado caer na trapela* (Pablo G. Mariñas, XDG, 4-XI-2009, 8).
{Vid. caer n-a grade}
340. **caer o forno** [a alguén] / **esfondarse o forno** [a alguén] COL. Dar [unha muller] á luz [un meniño]. *Convidote ao que queiras para celebrarmos que está mañá lle caeu o forno á miña muller e correu todo ben.*
{Á Marica caeull’o forno. Á Marica esfondousell’o forno} Maria parió (FLP)}
- Tamén Noriega anota esta expresión [CAEUME O FORNO, ou ENTORNÓUSEME O CARRO: Dió a luz mi mujer (FLP)]. Para Leiras, cáelle o forno á muller, en canto que para Noriega, é ao home a quen lle cae. Polo demais, Noriega dá outra expresión sinónima co substantivo “carro”.
341. **cagar o demo no camiño** [a alguén] VULG. Malograrse algo que estaba a punto de se conseguir ou que se tiña previsto. *Que mala sorte, coa de proxectos que tiñan e cagouilles o demo no camiño! Foi unha pena!*
{Cagal-o demo n-o camiño – Se le volvió la hoja (FLP)}
342. **calar** [u.p.] **a boca** COL. Non falar; deixar de falar. *E calou a boca o vello / e calou a boca a vella* (M. Leiras, LPOC, 1901, 285). | *Cachizas el facía no concello; / e todos a boquiña lle calaban; / porque era como o xoio, i-a calquera / nun aire lle amañaba el unhas papas* (M. Leiras, LPOC, 359). | *Ando buscando un mantelas / que a todo cale a boquiña; / mándemo quen un conoza; / quen seipa dun, que mo diga* (M. Leiras, LPCG, 1911, 48). | *Sempre fuches un badúa!; / sempre andas tocando a choca! / Mentras non che anden cos dentes / no-has saber cala-la boca!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 56).
343. **cangar o demo** [alguén ou algunha cousa a alguén] COL. Ser [esa persoa ou cousa] unha fatalidade [para alguén]. *Hai unha nena na Chaira / que me ten tolo de todo. / Seique ma cangou o demo! / Seique me veu un mal ollo!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 52). Noriega rexistra esta expresión [CANGOUMA O DEMO! (unha muller): Me la separó el diablo (NV)].

344. **cangarse** [u.p.] **no camiño** [a alguén ou de alguén] Impedir ou obstaculizar os seus proxectos. *Quixen casar cunha nena / que tiña pan e capelo, / e non puiden, por cangarse / no camiño un vinculeiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 24).
345. **chamar** [u.p.] [a alguén] **cantas haber** COL. Dicir [a alguén] toda clase de ditos ofensivos, inxuriosos; insultar [a alguén]. *Chamáronche cantas hai / tías irmás, ruís laverças!...* (M. Leiras, LPOC, 324).
346. **chamar Dios pra si** [alguén] EUF. Morrer. *Colla pra baixo ou pra riba, / triste vou, e triste volvo; / pra min non hai sinón penas...! / Dios me chame pra si logo!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 40). | *A sor María de San Antonio, que este foi o seu nome de relixión, chamouna Deus para si a 30 do outono do 1624* (X. Filgueira, FVAMF, 2015, 56).
CHAMOUNO DIOS PRA SI: Murió (NV). A forma correcta é “chamar Deus para si [alguén]”.
347. **chamarse** [u.p.] **Xan da Nega** COL. Non cumprir un compromiso ou unha promesa; desentenderse dun asunto. *Á hora da verdade chamouse Xan da Nega e non houbo maneira de que aceptase.*
{Chamouse Xan d’a nega – Se chamou andana, no quiso reconocer el hijo (FLP)}
A UF recóllea tamén Noriega [CHAMARSE XAN DA NEGA: Promissis non stare (NV)].
348. **chegar** [u.p.] **a pelos e capelos** [algunha cousa] COL. Pagar moito [esa cousa]. *Chegaron esa casa a pelos e capelos mais eu creo que non vale tanto.*
{Han-o chegar á pelos e capelos – Han de pagarlo mucho (FLP)}
349. **chegar** [u.c.] **astra a ialma** [a alguén] Causar unha forte emoción [a alguén], conmover [alguén]. *Non lle quedaban máis que ollos, / pra botar olladas mortas, / que chegaban astra a ialma* (M. Leiras, LPOC, 353).
As formas normativas son “chegar ata a alma” e “chegar até a alma”.
350. **chegar** [u.c./u.p.] **o calleiro** [a alguén] / **erguer** [u.c./u.p.] **o calleiro** [a alguén] COL. **1.** Producir [a alguén] pesadume. *Noticia tan negativa ergueume o calleiro e quedei moi mal.* **2.** Dicir [a alguén] palabras de sentimento, levantar [a alguén] o ánimo. *Cando che dan unha noticia así de boa érguenche o calleiro inda que esteas baixo de moral.*
{Vid. Levantal-a espinilla}
351. **chorar** [u.p.] **os sete chorares** COL. Chorar moito. *De me fiar, nunha festa, / dun galanciño atrasnado, / chorei os sete chorares, / e chorei non sei canto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 46).
Tamén esta expresión aparece en *Como falan os labregos* [CHORAR COM’ONHAMADANELA, CHORAR COMO UNHA VEIGA TALLADA, CHORAR OS SETE CHORARES, ou DEBULLARSE EN BÁGOAS: In lacrimas effundi (NV)].
352. **colgar o pelexo** [a alguén] COL. Estar moi delgado; pasar moita fame. *A ese cógalle o pelexo, non che ten un bo ano.*
{Colgar o pelexo – Matar de hambre (FLP)}
A forma normativa é “colgar o pellelo [a alguén]”.
353. **coller** [u.c./u.p.] **de novo** [alguén] COL. Sorprender, causar estrañeza. *Non che me colle de novo / que me deixes cal me deixas: / lacazán como saliche / falta che fai mainceira* (M. Leiras, LPCG, 1911, 50).

- | *Apútese sin recelo no meu home; eu soílo a el lle fun encargo e, así, nada o colle de novo* (M. Valladares, MVNM, 1880, 18).
354. **comer** [u.p.] **as papas na cabeza** [a alguén] COL. Ser máis alta [que outra persoa]. *Teño amigos que che comen as papas na cabeza. Nin poñendo alzas nos zapatos lles chegas ao embigo* (Bieito Iglesias, BIMO, 1994, 17).
{Comel-as papas n-a cabeza – Ser mas alto (FLP)}
355. **comer** [u.p.] **o caldo á merenda** COL. Pasar estreitezas na casa e non ter orde nin goberno. *Si, ese éche dos que comen o caldo á merenda, moito chufar pero pasan unha fame de can.*
{Comel-o caldo a merenda – Pasar estrecheces en casa y no tener orden ni goberno (FLP)}
356. **contaren fanegas** [a alguén] COL. Ser rico. *Non quero moza que teña / quen a tropece na vila, / anque lle conten fanegas, / i-ande ben fresca e ben limpa* (M. Leiras, LPCG, 1911, 19).
Esta UF recóllea Noriega [CÓNTANLLE FANEGAS (a unha moza): Es faneguera (NV)].
357. **correr** [u.p.] **as xuntas** [a alguén] COL. Bater [a alguén], dar [a alguén] unha malleira. *Córrelle as xuntas, Aristides..., veña machiño..., quéntalle o lombo!* (LCMR, 1997, 190).
{Vid. mazar a cotena}
Como tantas outras, Antonio Noriega recolle tamén esta expresión en NV (CORRERLLE a un AS XUNTAS: Doblarle a palos).
358. **crebar** [u.p.] **os aires** [a alguén] COL. Facer que desista de facer algunha cousa, quitarlle as intencións. *Con esas ameazas o que tentan é crebarlle os aires, mais non o van conseguir.*
{Crebal-os aires = Quitar las intenciones (FLP)}
359. **custalas todas** [u.c. a alguén] COL. Supor [u.c. a alguén] moito esforzo. *Tal latexo sintín drento do peito / e tales pavorías ¡ai! me deron / que todas mas custou poñerme dreito / e xuro que si entonzas me furaran / nin de sangue unha pinga me sacaran* (M. Leiras, LPOC, 1888, 263).
{Costal-as todas – Costar Dios y ayuda (FLP)}
Repárese en que, en FLP, aparece “costar” e, no exemplo tirado dunha das poesías, aparece “custar”, como é normativamente, aínda que, noutra versión do poema que publica Alonso Montero, aparece tamén “costou”.
360. **dala** [u.p. a alguén] COL. Facer algo que prexudica [alguén], como enganalo ou decepcionalo. *Deuma unha rapaza, e calo, / que no-han salir todas boas; / tamén ao raposo ás veces, / lle sal a galiña choca* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12). | *A min non ma dan [...] A min non me enganan. Máis sabe o demo por vello que por demo* (B. Graña, GBFM, 1996, 25).
DEUMA (unha rapaza): Me chasqueó (NV).
361. **danzar a deda** [a alguén] COL. Andar con desexo sexual [un varón]. *Oi, parece que hoxe lle anda a danzar a deda ao prosma ese!*
{Danzal-a deda – Andar deshonesto (FLP)}
“Deda” é, nalgunhas zonas, ‘dedo do pé’, como recolle o dicionario da RAG; mais na terra de Cotobade, segundo Ramiro Barros Justo (2013), é ‘dedo grande do pé’.

- Na UF que comentamos, “deda” supomos que alude ao pene. Repárese tamén en que “dedo sen uña” é pene (Requeixo, 1994), polo menos na área mindoniense.
362. **dar a alma** [algo a alguén] COL. Presentir [u.p. algo]. *A noite que adiós me dixó, / coma min, tamén choraba...! / Foi ben o adiós derradeiro! / Nin que nolo dera a ialma!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 65). | *Si como me dá a ialma, vas pra isa guerra que hoxe hai en Cuba, non busques o peligro* (Xan de Masma, MXD, 1899-1900, 117). Esta UF recolleuna Noriega en NV (DÁBAMO A IALMA: me lo decía el alma).
363. **dar** [u.p.] **á lengoa** COL. Falar, conversar. *O Cristo do Pasatempo, / que tamén, si dera á lengoa, / dos que alí o tempo pasaron / diría: malditos sexan!* (M. Leiras, LPOC, 318). | *A frase de Mingos [...] soa de compromiso, de ganas de darlle á lingua e mata-lo tempo* (B. Graña, GBFM, 1996, 73) Esta locución tamén significa ‘falar moito, normalmente cando se fai de maneira insubstancial’. A forma normativa é “dar á lingua”.
364. **dar** [u.p.] (a súa) **palabra** [a alguén dalgunha cousa] Prometer [a alguén] cumprir algunha cousa. *N’anda ao dreito un raído, / que lle deu vinte palabras / de ser de lei* (M. Leiras, LPOC, 360). No exemplo, M. Leiras, para enfatizar máis o significado desta UF, usa “dar vinte palabras”.
365. **dar** [u.p.] **ao dente** COL. Comer. *Agora que estás de cura / has ter ben que dar ao dente; / soio che falta cozarte / co lombo contra as paredes* (M. Leiras, LPOC, 207). | *O ferreiro roeu e deu ao dente canto quixo* (V. Taibo, VTDA, 1956, 104).
366. **dar** [u.p.] **as boqueadas** Agonizar. *Traballo sempre sin folgo / astra das boqueadas; / mais... pró demo; que el, meu probe, / nin camisiña levaba!* (M. Leiras, LPOC, 214). | *Tan triste [...] / cal si aínda durara a noite negra / en que a meu pai vin dar as boqueadas* (M. Leiras, LPOC., 321). {Dal-as boqueadas – Estar expirando (FLP)} Tamén aparece en NV (Dar as boqueadas: Extremum halitum efflare).
367. **dar** [u.p.] **ás corneiras** COL. Dicir non; protestar, refungar. *Andivécheme rogando, / i-agora das ás corneiras..., / probe de quen bote contas / co que no peto non teña* (M. Leiras, LPCG, 1911, 57). A expresión aparece en NV (DAR ÁS CORNEIRAS: Decir nones). Aníbal Otero recolleu, en Ribeira de Piquín, outra que debe ser variante: “Dar ás cornalleiras”. Tradúcea por ‘reñir, alborotar, protestar, refunfuñar’.
368. **dar** [u.p.] **ás zancas** COL. Andar moito; correr; fuxir. *As mallegas das san Lucas / háncheme ser acordadas, / que, anque me teño por algo, / ben deitei de dar ás zancas* (M. Leiras, LPOC, 210).
369. **dar** [u.p.] **catro voltas** (na festa) COL. Bailar. *Vaite, barruzo, que veño / coa miña mantela nova; / vaite, barruzo, da festa, / que quero dar catro voltas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 6). Esta expresión rexístraa Noriega [DAR CATRO VOLTAS NA FESTA: Bailar (NV)].
370. **dar** [u.p.] **co cu no ferrado** COL. Arruinarse. *Non soubo administrar o capital que herdara e en poucos anos deu co cu no ferrado.*

- {Dar c'ó cú n-o ferrado – Arruinarse (FLP)}
- Noriega tamén anota esta expresión [DEU DE C..., ou DEU CO C... NO FERRADO: Quedó reducido a la miseria (NV)].
371. **dar** [u.p.] **co pé** [a alguén] COL. Desprezar, tratar con desprezo [alguén]. *Que non estivera tan desfeitiña / cal xa se atopa certa fochiña / da que algo enriba inda se ve, / si máis souperan que alí esganaron / centos de probes que entón lidaron / cos que lle aos nosos daban co pé* (M. Leiras, LPOC, 328). | *Pra que entón me namorache i agora me dás co pé e lle fas a rosca a outra?* (X. Prado Lameiro, 1919, TILG).
{Dar c'ó pé – Despreciar (FLP)}
372. **dar** [u.p.] **e remangar** [u.p.] [a alguén] [algunha cousa ou persoa] COL. Gabar ou salientar de forma interesada as calidades dalgunha cousa ou de alguén para que se interese por esa cousa ou persoa. *Cansou de darllo e remangarllo até que por fin o outro, por cansazo, aceptou.*
{Hay que darllo e remangarllo – Hay que metérselo por los ojos (FLP)}
373. **dar** [u.p.] **fe** [dalgunha cousa] Asegurar como certa, testemuñar, garantir [esa cousa]. *Anque cen cruces me poñas, / nunca máis fe che hei de dar; / que, o que unha fai, fai un cento / si se lle certa a cadrar* (M. Leiras, LPCG, 1911, 38).
374. **dar** [u.p.] **por donde doe** [a alguén] Facer dano, molestar ou ofender [alguén] naquilo que máis pode importar ou afectar. *Hei de procurar a maneira de me vingar del e vouno facer dándolle por onde lle doe.*
{Dar á un por donde lle doy – Dar a uno por donde peca (FLP)}
- A forma normativa é “dar por onde doe [a alguén]”.
375. **dar** [u.p.] **sete voltas no inferno** COL. Facer calquera cousa, ser capaz de calquera cousa [para conseguir algunha cousa ou para non facer outra determinada cousa]. *Sempre os rapaces o mesmo / foron e son coas rapazas: / dar sete voltas no inferno, / se son mester, pra abrandalas. / Todo é “en punto” mentras elas, / non de todo cegas, mandan, / pro, en se subindo “aos touciños”, / todo se volve “puntadas”, / e, si se trata de voltas, / solo entenden das de espaldra* (M. Leiras, 1888, 260).
376. **dar** [u.p.] **unha volta** [a unha moza] Excitarlle ou avivarlle a paixón. *No carreiriño da fonte / dinlle unha volta a unha nena; / nunca lle eu dera tal volta! / nunca tal volta lle eu dera!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 29).
[DARLLE UNHA VOLTA (a unha moza): Excitarle o avivarle la pasión del amor (NV)].
377. **decir** [u.p.] **adiós** [a alguén] Despedirse [de alguén]. *Non me deixes, como poidas, / sin que, siquera, te vexa; // sin que, siquera, che eu sinta / decirme adiós, calandiño, / dende o fachal da cociña!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 62).
A forma correcta é “dicir adeus [a alguén]”.
378. **deixar** [u.p.] **o prebe coma as costureiras** COL. Ser moi cerimoniosa, moi cortés e educada. *Non sei onde aprendería el, deixa o prebe coma as costureiras.*
{Deixal-o prebe com'as costureiras – Es muy cumplido o ceremonioso (FLP)}

379. **deixarse** [u.p.] **de panxoliñas** COL. Ir directamente á cuestión importante; deixarse de miramentos, de palabras de afecto ou rodeos. *Déixate de panxoliñas, / que non che son tempos vellos; / déixate de panxoliñas, / que, abofé, péde-lo tempo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26).
Noriega Varela recolleuna en NV (DÉIXATE DE PANXOLIÑAS: No me vengas con paños calientes).
380. **desamasar** [u.p.] **que caeu o forno** COL. Desistir da idea que tiña, verse obrigado a suspender algo que tiña previsto porque non vai poder ser. [Úsase, xeralmente, en imperativo (desamasa/desamasade que caeu o forno) ou co verbo “desamasar” en perífrases como hai que desamasar que caeu o forno ou ter que desamasar que caeu o forno]. *A oposición segue amasando fariñas de esperanza pero na noite das eleccións algúns poderían berrar aquilo de “desamasa que caeu o forno”* (Lourenzo F. Prieto, LVG, 4-I-2005). | *Tanto traballo que nos deu preparar isto para nada, o que nos ía pagar mudou de plans. Agora temos que desamasar, que caeu o forno.*
{Hay que desamasar que caeu o forno – Hay que dejar todo como estaba (FLP)}
381. **descubrir** [u.p.] **a ialma** [a alguén] Falar con franqueza, revelar os íntimos sentimentos [a alguén]. *Quererlle máis que ás santiñas / dos meus ollos sin que eu poida / descubrirlle a i-alma miña...!* (M. Leiras, LPOC, 336).
A forma normativa é “descubrir a alma [a alguén]”.
382. **descubrir** [u.p.] **un altar pra cubrir** [u.p.] **outro** COL. Resolver un problema creando outro. *Déixao estar así, non vaia ser que descubras un altar para cubrires outro.*
{Descubrir un altar pra cubrir outro – Hacer un hoyo para tapar otro (FLP)}
Eladio Rodríguez, en DEG, recolle o seguinte refrán: *Descubrir un altar pra cubrir outro, é cousa de loucos.* A forma normativa é “descubrir un altar para cubrir outro”.
383. **encher** [u.p.] **a barriga** COL. Comer; fartarse de comer. *Si un crego, pola contra, pide a un probe / o que chama el ofrendas, sempre o move, / cando menos, a darlle algunha espiga, / que, vendéndoa, cal fai, cando o gran sobe, / deixa sobre pra encher ben a barriga* (M. Leiras, LPOC, 322).
384. **encher** [u.p.] **de palla seca** [alguén] COL. Reprender [alguén], dicir [a alguén] o que pensa sen contemplacións. *Cando o colleu por banda encheuno de palla seca, díxolle todas e mais algunha.*
{Encher de palla seca (a alguno) – Cantarle las verdades. Decirle las del barquero (FLP)}
385. **engaxar** [u.p.] **a ialma** [a alguén] Facer perder a paciencia e o control. *Con ese comportamento tan desconsiderado acaban engaxándolle a ialma a calquera.*
500. **salir** [u.p.] **do cosco** COL. Comezar [unha persoa de pouca idade ou con pouca experiencia] a dar mostras de madurez, personalidade, calidades; dar mostras de atrevemento. –*Tes que te vencer [...]! Tes que te sobrepoñer á túa timidez! –Non é moi doado, amigo! Un non pode deixar de ser o que é. Non é nada fácil saír do noso cosco* (V. Campio Pereira, CPBS, 1998, 166). | *Tan tímido que parecías e estás comezando a saír do cosco, vou ter que che pór as cousas claras.* {Salir d’o cosco – Salir del cascarón (FLP)} {Cosco (salir do): Salir del cascarón (VLP)} A forma correcta é “saír do cosco”. Un sinónimo é “saír da casca”.
501. **salir** [u.p.] **do día** Libertarse dun apuro ou dificultade. *Sempre estou dálle que dálle, / e nunca sallo do día; / non sei cómo fan algunchos / pra facer sega enseguida!* (M. Leiras, LPCC, 1911, 51). | *Non fuches máis felís que teus pais, traballando sempre para non saír do día?* (1894, TILG). | *Un fentiño / [...] que esvaído e tristeiro, / e mareliño, o probe, coma a cera, / non salía do día en que nacera* (Xosé Crecente, Codeseira, 1928, 297). A forma correcta é “saír do día”.
502. **salir** [u.p.] **dun souto e meterse** [u.p.] noutro COL. Saír dunha situación negativa e meterse noutra igual ou peor. *Dixenlle estas palabras / porque estaba mui acedo: / “Antón saíche dun souto / e noutro peor te vexo. / [...] Ou pensas ti vir folgar / papán a Montevideo?”* (X. M. Pintos, PVAGG, 1853, 129). | *Ao señor Picote recébeno eiquí con museda e foguetes, e a min [...] trátanme o mesmo que se fora un can, fóra a ialma [...] Polo visto neste mundo fanlle aos probes como no de embaixo! Saín dun souto... e métome noutro!* (E. Labarta, ContosLP, 1897, 66). {Salir d’un souto e meterse n-outro – Huir del fuego y dar en las brasas; salir de lodazales y entrar en cenagales (FLP)} A forma correcta é “saír dun souto e meterse noutro”.
503. **saliren as contas furadas** [a alguén] COL. Saír [a alguén] mal algo que esperaba que [lle] saíse ben, levar un desengano, unha decepción. *Bote como queira as contas, / todas me salen furadas; / non sei cando ha villo día / de que unha ao dreito me salla* (M. Leiras, LPCG, 1911, 45). Noriega recolle as seguintes expresións sinónimas: SALIULLE A “PERRA” CAPONA, SALIULLE A PORCA MAL CAPADA, SALIULLE A PASCUA Ó VIERNES, ou RESULTOULLE UN CAN CALZADO, ou SALÍRONLLE AS CONTAS FURADAS: ¡Bravo chasco se ha llevado! (NV). A forma correcta é “saíren as contas furadas [a alguén]”.
504. **sangrar** [u.p.] **coma un carneiro** COL. Sangrar moito. *Nun mal esberrar, armouse / a estarabouza do demo; / e fóra de poucos, todos / sangraban coma carneiros* (M. Leiras, 1930, 302). | *Algunchas das pedras mancaron ben algús; tanto que unha vez, o Lorigados sangraba coma un carneiro* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 118).
505. **ser** [u.c.] **boca, que ques; barriga, ten mau** COL. Ser un banquete opíparo. *No banquete había de todo e en abundancia, aquilo era boca, que ques; barriga, ten mau!* {¡Aquelo era boca que qués, barriga ten mau! – Aquello era un banquete opíparo (FLP)}

- Leiras rexistra *boca que queres barriga ten man* en RLP. Á parte, a segunda parte da expresión relaciónase coa loc. adv. que recolle A. Santamarina (1975) [(comer) a barriga-ten mau: sin tasa]. Pola súa parte, Maite Veiga Díaz (1996) recolle a expresión *Barriga, ten mau!* en Mondriz (Castro de Rei), que se emprega cando hai festa nunha casa ao pór a mesa. A forma normativa é “ser boca, que queres; barriga, ten man”.
506. **ser** [u.c.] (como) **ir á corte e matalas todas** COL. Ser [esa cousa] moi negativa, unha desfeita, algo que excede a medida do admisíbel. *Que me dirías ti dunha nai que fixera iso?, que tamén as hai [...] Pero claro, eso sería xa a desfeita; como di o outro, ir á corte e matalas todas* (Marcial Gondar, 1991, CORGA). | *Estiven máis dunha vez a piques de lle ir á chepa polos seus continuos desprecios [...] Non o fixen porque decatábame de que sería como ir á corte e matalas todas* (X. M. Martínez Oca, 1988, CORGA).
 {Si ques máis vai á corte e mataas todas – Si quieres máis, llévalo todo (FLP)}
507. **ser** [u.p.] **o deño / ser** [u.p.] **o díaño** COL. Ser divertido ou inquieto e traveso. *Mais deulle co eles un guiche, / (porque os guiches son o deño!) / i-adiós pra sempre niñada* (M. Leiras, LPOC, 358). | *Se non soupera, meu neno, / que os de Madril sois o díaño, / poidera ser que as lisonxas...* (M. Leiras, LPOC, 1888, 267).
508. **ser** [unha ou varias cousas ou persoas] **todo(s) un(s) ou toda(s) unha(s)** Ser [unha ou varias cousas ou persoas] da mesma clase ou grupo, teren as mesmas características, seren iguais.
- No coser todas son unhas, / todas fan ben a puntada; / pero a apertar... nos remates, / n’hai quen lle gane ás de Masma* (M. Leiras, LPCG, 1911, 53).
509. **subir** [u.p.] **a Infesta** COL. Ir a presidio. *Sabías que o Carlos subiu a Infesta por cousa do contrabando de droga?*
 {Subir a Infesta – Ir a presidio (FLP)}
 Este Infesta ou A Infesta talvez sexa un topónimo de preto de Mondoñedo. Lence Santar, narrando unha lenda en 1938 conta o seguinte: *Todal-as meigas [...] ás doce xustas [...] saen pol-os aires e pasan por derriba d’a casa d’o Villoés de Rego de Cas; suben á Infesta, atravesan pol-o medio e medio de Cabana de Vella [...]* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 56).
510. **subirse** [u.p.] **aos touciños** COL. Excederse, extralimitarse, abusar; faltar ao respecto. *Sempre os rapaces o mesmo / foron e son coas rapazas: / dar sete voltas non inferno, / se son mester, pra abrandalas. / Todo é “en punto” mentras elas, / non de todo cegas, mandan, / pro, en se subindo “aos touciños”, / todo se volve “puntadas”, / e, si se trata de voltas, / solo entenden das de espaldra* (M. Leiras, LPOC, 1888, 260). | *De natural non son nada violenta. Calma, Maxa, para que vas subirte aos touciños, non servirá de nada* (Xohana Torres, TXAMA, 1971, 164).
 {Subir’s os touciños – Levantarse, propasarse o subirse a maiores (FLP)}
 Aparece tamén en Noriega [ERGUERSE ÓS TOUCIÑOS: Subirse a maiores (NV)]. A forma normativa é “subir aos touciños”. Tamén se usa co verbo “erguerse”.

511. **tela** [u.p.] **no corpo** COL. Estar ofendida; estar receosa ou previnda. *Rabea, meu can, rabea, / rabea, si has de rabear; / si a tes no corpo, rebenta, / i-acabarás de acougar* (LPMCP, 1913, 204).
{Tel-a n-o corpo – Estar ofendido, o prevenido (FLP)}
512. **tela** [u.p.] **xurada** [a alguén] Ter intención de se vingar [de alguén]. *Xa sei que ma tes xurada, / e tamén que pra unha feira; / i-has de dar inda unha volta / antes que a xeito me vexas* (M. Leiras, LPOC, 213).
513. **telas** [u.p.] **boas** COL. Encontrarse en situación complicada ou arriscada. *Conque cerdo eh? Tela boa, xa verás como de Meilán sai unha voz que di: Carvaxal, non sabes palabra de gallego* (Amador Montenegro, A Monteira II, 8-XI-1890, 44).
{;Tel-as boas! – Estás aviado (FLP)}
O testemuño que achamos é unha variante en singular (“tela boa”).
514. **ter** [u.p.] **a melixe** COL. Ter mal aspecto [por fame ou enfermidade]. *Esa rapaza parece que ten a melixe, encóntroa moi desmellorada.*
{Tel-a melixe. Tél-o peço – Estar de mal pelo por hambre o enfermidade (FLP)}
Aníbal Otero recolle MELUJE co sentido de ‘persona flaca’ e, en GVGH, encontramos “meluxe” en Burón e Suarna co significado de ‘mal aspecto’.
515. **ter** [u.p.] **a patada** [a alguén] COL. Saír [a alguén] ao encontro, esperar [alguén] nun sitio determinado. *Non quero que me teñas a patada nese sitio.*
{Tel-a patada – Salir al encuentro, esperar en un sitio determinado. Tel-o pe – Id. (FLP)}
516. **ter** [u.p.] **as sete codas da roña** COL. Ser moi sucia, non ter o hábito da limpeza. *Non vin cousa ao paso, ese ten as sete codas da roña.*
{Tel-as sete codas d’a roña – Ser un cerdo, sucio (FLP)}
“Coda”, variante de “codia”, refírese a ‘capa’ ou ‘camada’ (‘porción dunha cousa que se estende sobre unha superficie de modo que a cobre’).
517. **ter** [u.p.] **de ollo** [alguén ou algunha cousa] 1. Vixiar [alguén ou algunha cousa] de preto, observar, controlar os movementos [de alguén]. – *Señor cura, vou prá sega, / téñame de ollo a Marica. / –Vaite e descoida, meu Xan, / que hei vela tódolos días* (M. Leiras, LPCG, 1911, 40). | *Ámaos, meu fillo. Ámaos, mais desconfía e tenos de ollo, e vixia a túa xente* (D. X. Cabana, MDR, 1996, 80).
2. Crer que ha de suceder [algunha cousa, especialmente se é favorábel], esperar. *Teño de ollo hai moitos anos / vivir na máis brava cume / da Galicia, entre os peisanos, / que, sentados nos escanos, / invernan preto do lume* (A. Noriega, NVAM, 234).
{Ter d’ollo – Vigilar, observar, esperar (FLP)}
A primeira acepción debe de ser a máis corrente e rexístraa tamén A. Santamarina (1975), a segunda é a que recolle Noriega en NV (TER DE OLLO, ou TER DE MENTES: Creer que ha de suceder alguna cosa, especialmente si es favorable). Este sentido parece coincidir co último dos que dá Leiras (‘esperar’), que debe de ser o mesmo que dá Santamarina como loc. adv. [(ter) a ollo: ‘a ojo’ (mirar con esperanza)].

518. **ter** [u.p.] **na léngua** [alguén ou algunha cousa] Falar de alguén ou dalgunha cousa. *Teño veciña unha choia / que me ten sempre na léngua. / Que farei eu pra que cale, / ou nomais conte o que seipa?* (M. Leiras, LPCG, 1911, 56).
A forma normativa é “ter na lingua [alguén ou algunha cousa]”.
519. **ter** [u.p.] **o demo no corpo** COL. Ser moi inqueda, moi revoltosa ou moi travesa. *Tiñan o demo metido no corpo. E tocaban e tocaban sen descansos. Para eles a festa era sagrada* (Sabino Torres, TFSC, 2008, 49).
{Tel-o demo n-o corpo – Ser dado o propenso a travesuras (FLP)}
520. **ter** [u.p.] **o pé** [a alguén] COL. Saír [a alguén] ao encontro, esperar [alguén] nun sitio determinado. *Non volvas a terme o pé / tras de sebes nin valados, / si queres que a mau che agarde / fálame donde adoitamos* (M. Leiras, LPCG, 1911, 17). | *Topouse cun demo [...] que, botando lume polos [...] ollos, [...] tívolve o pé, dicíndolle [...]: –Isca, isca, que xa temos aquí quebradeiros de cabeza abondo* (Uxío Carré, CAUO, 1919, 110).
{Vid. tel-a patada}
A expresión recóllea Noriega [SURTIRLLE, ou TERLLE a un O PÉ: Salirle al encuentro (NV)]. Eladio Rodríguez rexistra: *terlle un pé a un: salirlle a uno al encuentro* (DEGC).
521. **ter** [u.p.] **o peco** COL. Ter mal aspecto [por fame ou enfermidade]. *Esa rapariga parece que ten o peco, encóntroa moi desmellorada.*
{Vid. tel- a melixe}
Noriega rexistra esta expresión: [TER A REVIXE, TER O SARTEGO, TER O PECO, TER O MALANO, ou TER O CATIVEIRO: Ser raquíto (NV)]. En relación con este sentido, está o que rexistra Aníbal Otero [PECO, *criar o*, fr. fam. Dícese del animal que no desarrolla (VSJP)].
522. **ter** [un recipiente ou vasilla] **o seu fondo** Non ten tanta capacidade como aparenta. *Non sei se o recipiente será abondo, repara ben en que ten o seu fondo.*
{Tel-o seu fondo – Tener suelo (FLP)}
523. **ter** [u.p.] **os demachiños** COL. Estar embruxada ou enfeitizada. *Ese parece que ten os demachiños polo seu comportamento tan raro. | Dicirlle a alguén: “tes os demachiños”, é tanto como dicirlle que está doente, enmeigado ou embruxado* (X. Miranda, 2009, CORGA).
{Ter os demachiños – Estar embrujado o hechizado (FLP)}
O “demachiño”, variante de “democho”, é, segundo Eladio Rodríguez, un ‘ser diabólico, travieso y retozón de nuestra mitología popular, al que las gentes supersticiosas atribuyen muchas travesuras’.
524. **ter** [u.p.] **pan e capelo** COL. Ser rica. *Quixen casar cunha nena / que tiña pan e capelo, / e non puiden, por cangarse / no camiño un vinculeiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 24).
Noriega rexistra a expresión [TEN PAN E CAPELO (unha moza): Es rica (NV)]. O propio Leiras recolleu o seguinte refrán: “Á que ten pan e capelo nunca lle falta mancebo”.
525. **ter** [u.p.] **perda** [dalgunha cousa] Escatimar; preocupar [algunha cousa]. [É máis corrente en frases negativas.] *Ala, cortar máis pan, que maldito perda del vos teño, dailles as nocas, nenas* (J. M. López, LJMC, 1928, 41). | *É un home traballador; moi escravo, si señor. Non ten perda do lombo. Nin para el nin prós demais* (J. L. Graña Muíño, GMJLC, 1995, 49).
{Ter perda – Escatimar (FLP)}

526. **terse** [u.p.] **en algo** COL. Valorarse, ter autoestima. *Vense moitos gallegos, / coma o Chicharro, aldraxados, / por non falar na faliña / que entre nosoutros falamos, cal deberan e cal fan / cantos se teñen en algo, / na que súas nais entre bicos / no colo lles ensiñaron* (M. Leiras, LPOC, 1888, 268). | *As mallegas das san Lucas / háncheme ser acordadas, / que, anque me teño por algo, / ben deitei de dar ás zancas* (M. Leiras, LPOC, 210).
Repárese en que, no segundo exemplo, no canto de “en algo”, temos “por algo”.
527. **tirar** [u.p.] **prá canga i**-[outra p.] **prá molida** COL. Non se entenden, non se daren [dúas ou máis persoas]. *Ela tira para a canga e el para a molida, eu non sei como puideron casar. | Pai e fillo discuten adoito, sobre todo e sobre nada: un tira prá canga e outro prá molida; tanto ten de que falen, nunca se pon de acordo.*
{Un tira pr’a canga y-outro pr’a molida – No se entienden, no congenian (FLP)}
A forma normativa é “tirar [u.p.] para a canga e [outra p.] para a molida (ou mulida)”.
528. **tocar** [u.p.] **a choca** COL. Dicar o que debe calar; murmurar, rexoubar. *Sempre fuches un badúa!, / sempre andas tocando a choca! / Mentras non che anden cos dentes / no-has saber cala-la boca!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 56).
A expresión rexístraa Noriega [ANDAR TOCANDO A CHOCA: Echar la lengua al aire (NV)]. Existe tamén a variante “dar á choca”, de que achamos un exemplo de Filgueira Valverde: –*Que se di por a Braña?* – *Xente vagaceira que lle anda dando á choca* (X. Filgueira, FVA, 1936, 106).
529. **tocar** [u.p.] **o pendengue / tocar** [u.p.] **o pindín** COL. Fuxir, irse, irse sen dar razón. *Mociños que ao cabo / tocan o pendengue, / a seus pais perdendo / co aforro que perden* (M. Curros, AMT, 1880, 90). | *Os caseiros limparon a madeira e a tella, tocaron o pindín para outra parte e deixaron as paredes ispidas de todo* (A. López Ferreiro, LFAC, 1895, 26).
{Tocal-o pindin. Tocal-o pendengue. Tocal-o zoco} Tomar el pendil (FLP)}
Noriega tamén a recolle [TOCOU O ZOCO, ou TOCOU O PENDÍN: Tomó el pendingue (NV)]. O dicionario da RAG non inclúe estas UF.
530. **tocar** [u.p.] **o zoco** COL. Fuxir, irse; andar moito, ir dun lado para outro. *Púidenche ve-las orellas / antes de que me adentaras... / Xa podes toca-lo zoco...! / Quen te pareu que te lamba!* (M. Leiras, Cangal, 1911, 185).
{Vid. tocal-o pindín}
531. **torcela o demo** [a alguén] COL. Frustrárense [a alguén] as pretensións. *Naquel burguíño de riba, / detrais daqueles loureiros, / como o demo non a torza, / hei de atopar eu achego* (M. Leiras, LPCG, 1911, 50). | *Quixeran verme cego de ambos ollos; / e gafo de ambas maus; e sin fuciños / [...]* *Pro tórcella o demo; / e nin eso han de ver, nin eu lles tremo!!!* (M. Leiras, LPOC, 338).
¡TORCEULLA O DEMO! Se le frustró la pretensión que iba por buen camino (NV).
532. **torcer** [u.p.] **a cara** [a alguén ou a algunha cousa] COL. Mostrar desagrado, desaprobación ou descontentamento. *Non vires pró lado os ollos; / non torzas, meniña, a cara; / n’arredes a quen te roga, / porque che quer pola ialma* (M. Leiras, LPCG, 1911, 61). | *Miña irmá,*

- si non poído / torcerlle a cara, anque queira!... / Mirache ben como pinta / coa roupa maja que leva?* (M. Leiras, LPOC, 375).
533. **torcer** [u.p.] **o bico** [a alguén ou a algunha cousa] COL. Mostrar desagrado ou desgusto. *Non sei como hei de manter / este meu cagarrosiño, / as papas non se lle chegan / i-ao caldo il tórcelle o bico* (M. Leiras, LPOC, 217).
534. **traer** [u.p.] **a rego** [alguén] COL. Convencer [alguén], conseguir que [alguén] faga caso, que teña un comportamento acorde co que desexa. *Non pode deixar de te traguer a rego* (Genaro Mariñas, 1965, TILG). | *Non hai medio de traela ao rego* (A. López Ferreiro, LFAT, 1894, 59).
{Traer á rego – Traer a uno a la melena (FLP)}
Como se ve polo segundo exemplo, tamén existe a variante “traer ao rego [alguén]”.
535. **traguer** [u.p.] **a este mundo** [alguén] EUF. Parir [unha muller un fillo]. *De te traguer a este mundo, / miña xoíña pequena, / de te traguer a este inferno / nunca me ha pasa-la pena* (M. Leiras, LPOC, 211).
A forma normativa é “traer a este mundo [alguén]”.
- trastallar** [u.c.] **a ialma** [a alguén] > 458
trastallar [u.c/u.p.] **o corazón** [a alguén] > 460
536. **tripar** [u.p.] **o rabo** [a alguén] COL. Provocar [alguén], procurar o xeito de molestar ou excitar [alguén]. *Renega coma do demo / daquelas mexamorniñas, / e non lles tripe-lo rabo, / que son coma adelonciñas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 60).
A expresión recóllea Noriega [TRÍPALLE O RABO!: Búscales as cosquillas (NV)]. Véxase tamén “buscar as deligras [a alguén]”
537. **valer** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] Ser de grande axuda, servir [a alguén] de moito. *Valeume a vida ter na casa o neto, se non, non sei como había de ser.*
{Valer a vida – Servir de mucho (FLP)}
538. **valer** [u.c.] **máis** ([a alguén]) (**ca** outra cousa) Ser mellor, ser preferíbel [ca esoutra cousa]. *Moitas bágoas, moitos días / levei chorando daquela; / pro... consoleime; que ao cabo, / val máis... caída que cega* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27). | *Val máis unha sede de auga / da fontíña do meu souto / que canto os vilegos teñen, / i-eso que teñen de todo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 50).
539. **valer** [u.p.] **o carto** COL. Valer moito [en sentido irónico]; ser persoa ruín ou de malos costumes. *Pra chufar vales o carto, / naide che pon o pé diante; / pero si “o grilo non grila”, / de nada as chufas che valen* (M. Leiras, LPCG, 1911, 60).
VALES O CARTO!: Eres una buena pieza (NV).
540. **ver** [u.p.] **as orellas** [a alguén] COL. Coñecer as intencións [de alguén]. *Lutero certa vez viu che as orellas / e zorrégouche a cara cun tinteiro* (M. Curros, AMT, 1880, 124). | *Púidenche ve-las orellas / antes de que me adentaras... / Xa podes tocalo zoco...! / Quen te pareu que te lamba!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 36). | *Ti si que tes conto, Marceliniño. Vinche as orellas!* (B. Graña, GBFM, 1996, 76).
{Vel-as orellas – Conocer las intenciones (FLP)}
Tamén a rexistra Noriega [VINCHE AS ORELLAS!: A tiempo conocí tus malas intenciones (NV)].

541. **ver** [u.p.] **as orellas ao lobo** COL.

Darse conta dun perigo ou situación complicada. *Non sei que me dá que naide / súas almiñas sinxelas / con amor ao Ben adoite, / pra que o Ben ben nelas prenda! / / Dios lles valla, ou os recolla, / se han ver ao lobo as orellas!* (M. Leiras, LPOC, 312).

542. **ver** [u.p.] **o lobo** COL. [Dise para se referir a quen está rouco.] [Úsase en pasado e, xeralmente, nas construcións nin que vises/vísedes o lobo!, parece que viches/vistes... o lobo! ou seica viches/vistes... o lobo!] –*Seica viche o lobo, nena, / pra tal tomárchese a fala? / –dixo a unha pícara un mozo / porque pasaba calada* (M. Leiras, LPOC, 1888, 260).

Recóllea Noriega: [VICHE-LO LOBO!: Estás afónico (NV)]. No poema de Leiras, o mozo dillo con retransmisión porque a rapaza non lle deu fala por estar enfadada con el. Incluímos só o significado que se corresponde co exemplo de Leiras

543. **ver un mal ollo** [alguén] COL. Botar [u.p.] o mal de ollo [a alguén]. *Ai que sorte! Que sorte mal fadada! / Que mal ollo te veu, miña sobriña!* (F. M. Iglesia, IGFF, 1882, 72). | *Hai unha nena na Chaira / que me ten tolo de todo. / Seique ma cangou o demo! / Seique me veu un mal ollo!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 52). | *Non digas que estás de morte, / nin que te veu un mal ollo* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323).

Esta expresión recóllea Noriega [VEUME UN MAL OLLO, ou TOMOUME UNHA MEIGA!: Me aojaron (NV)].

544. **ver unha bruxa** [alguén] COL. [Dise cando as cousas saen mal ou alguén ten un comportamento estraño.]

[Úsase en pasado e xeralmente nas construcións nin que me/te... vise unha bruxa!, parece que me/te... viu unha bruxa! ou seique me/te... viu unha bruxa! Ás veces, omítese a palabra “bruxa”.] *Pasándolle unha mau polo biquiño, / [...] tratei de sonsacala lle dicindo: / vaia rapaza, seique algunha / te viu hoxe, Catuxa, / pra que dunha zoupada tan cativa / te sentises* (M. Leiras, LPOC, 1888, 262). | *Pasándolle unha man polo biquiño, / saltei: vaia, Catuxa, / tamén seique te veu algunha bruxa, / pra mancarte en zoupada tan cativa* (M. Leiras, LPOC, 1888, 264). | *Asús! Arrenégote Xudas, i el parece que me mirou hoxe unha bruxa, pois xa me eskuencia das pitas* (Xaquín M. Saavedra, A Monteira, 1890, 124).

Noriega Varela, en NV, recolleu unha expresión moi parecida (VEUME UN MAL OLLO, ou ¡TOMOUME UNHA MEIGA!: Me aojaron). Como se ve, no primeiro texto de Leiras, omítese a palabra “bruxa”, tal vez por temor a pronunciar esta palabra. Estaríamos, pois, diante dun caso de eufemismo.

545. **vir** [u.c.] **á chola** [a alguén] COL. Recordar involuntariamente [esa cousa]. *Nunca o tal fixera, / nin cal soupen caer antes caera, / que á chola tales cousas me viñeron / [...] que todas mas custou poñerme dreito* (M. Leiras, LPOC, 1888, 263).

“Chola” é un sinónimo familiar de “cabeza”.

546. **vir** [u.p.] **a rego / vir** [u.p.] **ao rego** COL. Transixir, convencerse do erro en que estaba, atender a razóns [xeralmente, despois de moita insistencia ou moitos razoamentos por parte doutra]. [Tamén se usa con verbos como volver.] *Aos desleigados*

- que esquencen / a fala, que ti, no colo, / lles ensiñache, ao crialos, / midelles coa roca o lombo; / e, si non volven a rego, / déixaos ir; que os leve o mouro* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323). | *Xa verá, heino de facer vir ao rego* (X. Gayoso Veiga, CNX, 1973, 87).
 {Vir ô rego – Encarrilarse, volver al buen camino (FLP)} {Vir á rego – Entrar en razón (FLP)}
547. **vir** [u.p.] (aínda) **cega da corte** COL. Actuar con torpeza, sen desenvolvemento por falta de costume. *Ese aínda vén cego da corte, mais xa verá como logo che aprende.*
 {Inda ven cega d'a corte – Aun está torpe, aun trae el pelo de la dehesa (FLP)}
548. **vir** [u.p.] **ao mundo** Nacer. *Cal si non viñera nunca ao mundo, / xa non me lembrarán* (M. Leiras, LPOC, 313). | *Veu ao mundo, abreu os ollos, / mirou como era esta vida, / cerrounos, e deu ás ás* (M. Leiras, LPOC, 356).
- vir** [u.p.] **ao rego** > 546
549. **volver** [u.p.] **ao vezo** Reincidir nun hábito, xeralmente negativo. –*Cala con eso...! / –Pois... xa calei; pro, di, logo: / cando hemos volver ao vezo...?* (M. Leiras, 1930, 361). | *Muito cuidadiño con volveres ao vezo!* (V. Taibo, VTDA, 1956, 94).
VOLVER Ó VEZO, ou **VOLVER ÁS ANDADAS**: Ad pristinos mores regredi (NV).
550. **volvérense as tornas** Mudar en sentido oposto unha situación anterior. *Inda se han volve-las tornas; / inda algunhos han pagalas; / inda se han ver catro peixes / colgados da Mariscala* (M. Leiras, LPOC, 210).
551. **volverse** [u.p.] **un esguilfo** COL. Pórse moi delgada e desmellorada. *Dirían que non sabe, / ni-esquencelo, nin sufrilo, / e que, por eso, a coitada / se vai volviendo un esguilfo* (M. Leiras, LPOC, 360).
 Esta expresión recóllea Noriega entre outras [VAISE VOLVENDO UN ESGUILFO: Está tísico (NV)].
552. **xogar** [u.p.] **a vida** Arriesgar moito a vida, pór a vida en grave perigo. *Medio corpo ao señor Cura, / i-outro medio ao señor amo, / i-a vida ao Rei, que cha xoga / por menos dun triste ichavo* (M. Leiras, LPOC, 326).
553. **zugar** [unha árbore, unha planta] **en bon tarrón** Estar plantada en terra fértil. *Os nosos álamos mouros / [...] si en bon tarrón / certan zugar, logo medran* (M. Leiras, LPOC, 330).
 Esta expresión, con algunha variante, recóllea Noriega [ESTÁ BEN SENTADO, COME BON TERRÓN, TEN BOA MAI, ou ZUGA BON TETO: Así dicen “os brañegos” en presenza de un robusto árbol que esté plantado en terra fértil (NV)]. A forma normativa é “zugar [unha árbore, unha planta] (en) bo terrón”.

2.3.5. Locucións adverbiais

554. **a afeito** 1. Seguido, de maneira ordenada e sen deixar nada atrás, sen escoller. *Pacendo toda a tarde, ben a feito, / chegou dendes do fondo á cabeceira. / Á noite achouse farto, e, o rabo ergueito / e a quina ao ar; botou unha carreira* (Xosé Crecente, Codeseira, 1928, 279). 2. En cantidade, abundantemente. *Bágoas lle brincaban dos ollos a aquel don París príncipe, i os seus ao velo chorar tamén as botaban a afeito, pro non por iso deixaron de rillar nas roscas* (A. Cunqueiro, MEF, 1955, 106). {Á afeito – Seguido, sin interrupción, sin deixar nada (FLP)} {Vid. A estajo} Tamén en VLP recolle o noso autor esta locución (A afeito: a hecho. Seguidamente. Sin distinción). Como se pode apreciar, Manuel Leiras dá dous significados desta locución. A RAG, no seu dicionario, inclúe só o primeiro significado e as variantes “a feito” e “de a feito”.
555. **a arroliño** Dando voltas sobre si mesmo, rodando, a rolos. *Iamos roubarlle os figos e el botábanos o can e viña atrás, e nosoutros a arrolo polos soutos abaixo.* | *Por san Martiño andan as noces ao arroliño* (Lidia e Valentina, Irímia 664, xaneiro-2004, 16). Esta locución recóllea Leiras en VLP (Arroliño (á): Rodando). Ten relación con “ir a arrolo”.
556. **a baldros / a baltros** Dando saltos, a saltos. *Fomos todo o tempo a baldros por aquel camiño sen asfaltar e cheo de fochas.* {A baldros ou a baltros – A saltos (FLP)} Achamos moi escasa información sobre esta locución, mais cremos que está relacionada con *baltre*, *baltrear* e *baltreu*, palabras que recolleu Aníbal Otero en VSJP. Este filólogo traduce ao castelán *baltreu* por “salto”, *baltrear* por “dar tumbos” e *baltre* por “bache”. *Dar un baltre* sería ‘dar un tumbo un vehículo cualquiera al tropezar en un bache’. Daquela, a expresión *a baldros* ou *a baltros* podería ser sinónima da máis coñecida *aos tombos*.
557. **a bandeio** A un lado e a outro, a unha banda e a outra. *Saleu, dando no aire / fouciñadas a bandeio; / i-andivo con cen figuras, / e cen paradas sin xeito* (M. Leiras, LPOC, 1910, 301). | *Apareceu na pousada [...] mosiu Quay Pierre, espido de levita curta e estofado de encaixes d’Alençon a bandeio* (A. Cunqueiro, ACDS, 1956, 132). A palabra *bandeio* relaciónase co verbo *bandear*, que significa, segundo o dicionario da RAG, ‘facer que [unha embarcación, vehículo etc.] se incline cara a un lado’ ou ‘se incline ou mova alternativamente para un lado e outro’.
558. **a barullo** COL. Moito, abundantemente, en gran cantidade. *No tocantes aos traballos / da labranza ¡Santa Tecla! / eses médranche a barullo / como as ortigas nas leiras* (V. Lamas, AMDA, 1890, 363). {Á barullo. Âs cheas. Á pote. Á barrer. Á Dios dar} En abundancia (FLP)}
559. **a berros** Nun ton moi elevado, berrando. *Houbo vez / que, non podendo abagalos / me pidiu chorando, a berros, / que, pola Virxen do Carmio, / lle escachizase a cabeza* (M. Leiras, LPOC, 370).

560. **á boa fe** Con boa intención, con inxenuidade, sen malicia. *A xente faille preguntas e ela responde a todo á boa fé* (X. Ferro Ruibal, FRXN, 2009, 19).
 {Á boa fé – Á la buena fe, con ingenuidad y sencillez; sin dolo ni malicia (FLP)}
561. **a bolavento** Rápida e atropeladamente. *O monte ardía a bolavento e nada podíamos facer.*
 {Está *ardendo á volavento* – Está ardiendo todo, está hecho un volcán (FLP)}
 A forma que recolle o dicionario da RAG é “a balavento”.
562. **a cachón / a callón** Formando burbullas, con forza. [Úsase co verbo *ferver.*] *No lar o pote sarpullente / casricas verzas a cachón fervía* (Rosalía de Castro, RdCCG, 1863, 229).
 {Ferver á cachón, ou á callón – Hervir á borbollón (FLP)}
563. **a cada paso** Con frecuencia, constantemente. *Estaba entre eles [...] / a cada paso os fuciños / cun pano roxo limpando* (M. Leiras, LPOC, 1888, 266).
- a callón** > 562
564. **a carón** Moi preto. *Baixaba un raposo / raseiro por entre un trigo / de a carón* (M. Leiras, LPOC, 351).
565. **á carreira** Correndo; con rapidez, ás présas. *Dun brinco / apillouno...; e, tras dun valo, / foi, á carreira, gandilo* (M. Leiras, LPOC, 351).
566. **a comán** Preto, próximo, á man. *Ese sitio non me cadra a comán, así que non che podó ir.*
 {Cadrar á comán – Estar cerca (FLP)}
 Parece que o esperábel na comarca de Leiras sería “a comau”. A locución rexistrana Filgueira, Carré, Ibáñez, Eladio Rodríguez e Franco Grande nos seus respectivos dicionarios, mais coa forma *en comán*. Alén diso, recollen a variante *en comau* Valladares e Filgueira. Moito antes, Sobreira rexistraba *a comao*. O seu uso debe/debía ser, normalmente, co verbo “cadrar” ou similares (*estar, quedar, ser*). Velaquí un testemuño dunha loc. adv. antónima (*a descomán*): *Dician que o sitio cadra a descomán de Burgos* (D. X. Cabana, MDR, 1996, 250).
567. **a corpo cheo** De cheo, completamente. *Colleu cara ao galo dreito; / e, cando coidou que o tiña / pra cascarlle a corpo cheo, / fincou un xonllo na terra, / e deu o golpe* (M. Leiras, LPOC, 1910, 300).
568. **á cuesta / de cuesta** [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*.] **1.** Recollendo esmola para algún fin piadoso. *Cando na porta te atopas / con frades que anden de cuesta / ceiba o chito, si é que traba, / i-a vaca, si turra, ceiba* (M. Leiras, LPOC, 209). **2.** COL. Preparado para aproveitar calquera ocasión que se presente. *Ten coidado con esa xente que están sempre de cuesta e pódense aproveitar dun descoido.*
 {Andar de questa. Andar a questa} Andar a la que salta (FLP)}
 Como se ve, Leiras empregou na súa poesía a locución no sentido 1, que é o normal.
569. **a Dios dar** Con abundancia, en gran cantidade. *Así na eira empezaron / certo Xan, que no-era xan, / i-unha Marica, que tiña / de todo o bon a Dios dar* (M. Leiras, LPOC, 366).
 {Vid. Á barullo}
 A forma correcta é “a Deus dar”.

570. **a oito** En cantidade, abundantemente. *A ialma pedialle conforto e ventáballe mágoas a oito* (A. D. R. Castelao, RCODS, 1934, 367).
{Vid. A estajo}
Leiras non explica o outro significado desta loc. adv.: ‘seguido, sen deixar nada atrás e sen escoller’.
571. **a escachar** COL. Moito, ás gargalladas. [Úsase co verbo *rir*.] *Ao amencer, nos Remedios, / ao tornaren pró seu burgo, / ríanse a escachar, desfeitos* (M. Leiras, LPOC, 1910, 303).
572. **á escoita / de escoita** En disposición de escoitar [algunha cousa que interesa]; escoitando. *Abóndanlle pra honrarse, e pra que o honren, / a casiña onde emburullano a Veiga, / a fontíña onde máis cantan as mozas, / i-onde el sempre iba á escoita: a Fonte Vella* (M. Leiras, LPOC, 1912, 307). | *E logo qués que con dudas / eu de aquí agora me vaia / porque aí estean de escoita?* (M. Leiras, LPOC, 1884, 237).
573. **a estajo** En cantidade, abundantemente. *Eu levo unha fonda tristura na ialma [...] Pero río sempre, a estaxo, asta quedar sin folgo* (Johán Vilanova, 1934, TILG). {A estajo. A oito. A afeito} A porrillo, a tutiplen (FLP)
Non rexistramos esta locución no CORGA. No entanto, no TILG achamos dous casos de “a estaxo”, dous de “a destajo” e catro “a destaxo”. As catro variantes son claros castelanismos.
574. **a feixe** COL. **1.** Todo xunto, sen diferenciar. *Estes refráns [...] non van polo de agora en forma definitiva, van, coma quen di, a feixe, sin orden nin método, reservándome ordenar e compretar este traballo moi logo* (Pedro de Merille, RAMPM, 1906, 4).
- 2.** En moita cantidade, en abundancia. *Era o ano... (non sei cantos, / i-eso que houbera sardiña, / e raxo a feixe na praza, / pra levar pra enche-la tripa)* (M. Leiras, LPOC, 1895, 272).
{Vid. Ô chou chou}
M. Leiras emprega esta locución (exemplo 2) nun sentido diferente ao que explica en FLP (significado 1).
575. **a fio dreito** Directamente, ao dereito. *Vai ti alí, mais a fio dereito, que temos présa.*
{Ir á fio dreito – Ir en derechura (FLP)}
A forma normativa é “a fio dereito”.
576. **á forza** Contra a propia vontade, recorrendo a medios violentos. *Que non me chamen pró ceio; / que non vou, non sendo á forza* (M. Leiras, LPOC, 347).
577. **a fozar** COL. En abundancia. *Había alí comida a fozar e comemos coma abades.*
{A fozar – En abundancia (FLP)}
578. **a gusto** Con tranquilidade e satisfacción. *–Seique non andas a gusto / sin fregas! –Si; cal se deron / fai dous anos, pra ensinárvos / cortesía, no Convento...!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 302). | *Leváronme o meu filliño...! / Dios poña a quen mo levou / vintecinco anos dun lado, / i-a gusto cal me deixou!* (M. Leiras, LPOC, 211).
579. **á mau** Preto, ao alcance da man. *Colleu dos mistos a caixa / que nun recanto á mau tiña / i-acendeu un* (M. Leiras, LPOC, 1884, 239). | *Levaime a donde / poida ter á man, siquera, / pra espellarme, unhas pociñas, / entre os xuncos da ribeira!* (M. Leiras, LPOC, 350).
O normal na obra de Leiras é o “mau” do galego central e oriental. A forma normativa é “á man”.

580. **a mau tenta** De maneira intencionada. *Non vive hoxe no mundo home máis malo [...] nin ao que eu fixera a mau tenta mal de mellor gana* (A. I. Alvariño, IACO, 1962, 45).
 {Á mau tenta – De intento (FLP)}
 A forma normativa é “á mantenta”.
581. **a maus cheas / ás mancheas / ás maus cheas** Con fartura, con xenerosidade, en abundancia. *Sempre amor lle mostraron nos apretos / e consolos tiveron a maus cheas!* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291). | *Sempre amore mostraron nos atollos, / e consolos tiveron ás mancheas!...* (M. Leiras, LPOC, 1924, 295). | *Os que, roendo latín, sin o entenderen, / dan pró ceio boletas ás maus cheas, / vendo que hai pouca fe nas argalladas, / que aínda hoxe lles valen boas talladas, / bouran* (M. Leiras, LPOC, 316).
 As formas normativas son “a mans cheas”, “ás mancheas” e “ás mans cheas”.
582. **a medias** Non por completo. *Daba pena de que fosen, / tan rufo e majo, a correlo, / pero... caeralle a facha, / e non houbo máis remédeo. / I-anasárono no focho, / co bargo a medias cuberto, / pra que botase de fóra, / do pescozo, máis do tercio* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
583. **á noite / de noite** Durante a noite. *Non che volvo a vir de noite, / anque me día-lo ceio; / que vin andar unha cousa / no camposanto correndo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 29). | *Tan aqueladiño, nena, / me deixaches onte á noite / que, anque a morrer me puxera, / volvera a vir verte eu hoxe* (M. Leiras, LPCG, 1911, 59).
584. **á osma** En actitude de osmar, tratando de saber ou de se informar dos asuntos alleos, de maneira indiscreta ou só por curiosidade. [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *ir* e, a miúdo, cun complemento coa preposición “de”.] –*Que tes?... di..., anda dimo. / –Non quero!... que está Bernalda / coas compañeiras á osma* (M. Leiras, LPOC, 14-IX-1884, 237). | *Non vaíamos amolar á xente con problemas alleos, vellas á usma, vellos en silencio, lampazos nas orellas* (Xohana Torres, TXAMA, 1971, 207).
 {Estar un â osma – Estar uno al husmo (FLP)}
 O dicionario da RAG recolle “osma” e “osmar”, mais prefere “usma” e “usmar”. Noriega recolle ESTAR Ó TUSMO, ESTAR Á ESPREITA, ESTAR Á ESCOITA: Estar al husmo (NV).
585. **á paia** Só, sen compañía. [Úsase con verbos como *deixar* ou *quedar*.] *Morreulle a familia e quedou á paia.*
 {Quedar â paya – Quedar solo (FLP)}
 {Deixar â paya – Dejar solo (FLP)}
 Non achamos máis información sobre esta UF agás a que nos dá M. Leiras.
586. **á papuda** Con astucia e disimulo. [Úsase co verbo *axexar*.] *Eu vino axexándovos á papuda a algúns de vós, non sei que andará argallando.*
 {Papuda (asexar â): Mirar a lo zaino (VLP)}
587. **á porta** Preto, a pouca distancia no espazo. *Non quero vivir na vila, / na vila de Vilanova; / que, por moi santos que señan, / non quero frades á porta* (M. Leiras, LPCG, 1911, 25).
588. **a pote** COL. Con abundancia, en gran cantidade. *Onde hai amorodos dos esbedros a pote, é en Follante, parroquia de Masma* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 167). | *Deixaron beber a pote a todo aquel que desexase divertirse* (X. M. Lema, LSXMC, 2013, 122).
 {Vid. Á barullo}

589. **a poucos/pouco a pouco** Un pouco de cada vez ou de maneira continua, mais lenta. *Si a carta, que ás furtadelas, / puxo un día santo, a pouquiños, / puidera lerse...* (M. Leiras, LPOC, 360). | *As gavelas / foron facendo da palla, / que pró palleiro as neniñas / pouquiño a pouco levaban* (M. Leiras, LPOC, 1884, 240). | *Dicen que con raposadas, / cando non por forza, pensas / pouquiño a pouco ir logrando / facerte dona da terra!* (M. Leiras, LPOC, 318).
590. **a pufo** COL. Sen pagar, á custa doutro; sen ser convidado nin chamado. *Non sei como fai mais sempre vai a todo a pufo. / Viaxeiros que veranean a pufo* (1886, TILG).
{A pufo – A ufo, de mogollón, de gorra (FLP)} {Pufo (â): A ufo (VLP)}
Os dicionarios actuais non recollen esta locución.
591. **a rente / a rentes** Rozando a superficie de onde sae. *Con cortar a unlla máis a rente xa está* (Manuel Casado, CNMT, 1970, 65).
{Arrentes: Arrente: A raíz. A cercén (VLP)}
592. **á suiña** Con disimulo, silenciosamente, traizoiramente. *Está preparando un plan á suiña para cando chegue o momento de actuar.*
{Suiña (â): A la sordina (VLP)}
O dicionario da RAG define así “suiño -a”: *adx.* Que non se manifesta como realmente é por tentar enganar, traizoar ou facerlle mal a alguén.
593. **á tarde** Durante a tarde, entre o medio día e a tardiña. *Quen cho dixera onte á tarde, / cando, do cacho ao poleiro, / volteabas entre as galiñas / cacarexando tan teso!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
594. **a tempo** No momento oportuno, non tarde. *Á forza de xeito e voltas / ao cabo funa collendo; / prás nenas nohai com’ a maña, / certando a chegar a tempo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 8). | *O crego, / dendes da porta, baduando, / quixo ensiñarnos a todos, / que aquilo n’era un mercado; / pro dixo a tempo o do outro: / con estes bois eu non aro* (M. Leiras, LPOC, 1930, 279).
595. **a tutiplé** COL. En abundancia, sen medida, en cantidade. *Debes estar levantando pasta a tutiplé* (Susó De Toro, 1998, CORGA).
{Tutiplé (â): A tutiplén (VLP)}
Esta locución non aparece nos dicionarios actuais.
596. **a un pan i-on coitelo** Compartindo vivenda e comida. *Estiven un mes a un pan e a un coitelo na súa casa.*
{Estar a un pan y-ôn coitelo – Vivir juntos (FLP)}
Aparece en NV (ESTAMOS A UN PAN I A UN CUITELO: A pan y manteles).
A forma normativa é “a un pan e a un coitelo”.
597. **a unha** Ao mesmo tempo, de forma unida. *Cantas frebas ten meu corpo / tremando a unha estaban* (M. Leiras, LPOC, 321). | *E nin pensar en dir: arriba todos, / i-a unha remangarnos, / i-apillar aduaneiros e treidores, / e darlles o seu xusto cun vergallo!* (M. Leiras, LPOC, 329).
598. **a vao** En abundancia, en cantidade; sen parar. *Si ergo de pau / dende agora mesmo para sempre calas / que te deixo teso bourándote a vau* (X. M. Pintos, PVAGG, 1853, 107). | *Quedan, tamén, para inzar / pulgas ¡a vao! nas lareiras* (A. Noriega, NVAM, 231). | *Por San Xoán, zreixas a van* (DDNG, 557).

- {Á vao – En abundancia (FLP)}
 A locución vese escrita, ás veces, con ‘v’ e, outras, con ‘b’. Aparece tamén en VLP: [Bao (á): A porrillo. A tutiplén. En abundancia.] e na gramática de J. A. Saco (Avau: de sobra). Como se ve polo terceiro exemplo, tamén hai a variante “a van”. Descoñecemos cal das tres variantes é a proposta como normativa, pois o dicionario da RAG non recolle ningunha delas.
599. **a varrer** COL. Con abundancia, en gran cantidade. *Cando hai moitas patacas, a xente di: / Hainas que se atan coa corda. Hainas a varrer. Hainas coma pedras* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 107). | *Cómese moi ben! [...] Carne a varrer; peixe a varrer, pantrigo a varrer* (Manuel Lueiro, LRSC, 1982, 81).
 {Vid. Á barullo}
600. **a vultuntún** COL. De calquera maneira, sen reflexionar, á toa. “Somos galegos e non nos entendemos”. *É unha especie de maldición prerromana. Miren un castro: cada casa orientada como lle cadra, ao vultuntún, sen plan de urbanismo* (X. Ferro Ruibal, CQFC, 1996, 39).
 {Vultuntún (á): Al tuntún (VLP)}
- a xeito 2 > 223**
601. **algún día** Outrora, antano. *Negruras, nada máis vexo, / colla pra baixo ou pra riba! / Negruras, soilo negruras! / Quen mo dixera algún día!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 9). | *Non sei como agora volves / cos contiños de algún día! / Pra que me entonzas tiveche / des que te fuche, esquencida!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 52).
602. **ao amencer** Cando comeza a aparecer a luz do Sol. *Ao amencer, nos Remedios, / ao tornaren pró seu burgo, / ríanse a escachar, desfeitos* (M. Leiras, LPOC, 1910, 303).
603. **ao anoitecer** Cando escurece, ao caer a noite. *Non sei que ten no badal / a campá da miña aldeia; / si a sinto ás doce, relouco; / si ao anoitecer, dáme pena* (M. Leiras, LPCG, 1911, 49).
604. **ao cabo** Finalmente, despois de todo. *Á forza de xeito e voltas / ao cabo funa collendo; / prás nenas no-hai com’a maña, / certando a chegar a tempo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 8). | *Moitas bágoas, moitos días / levei chorando daquela; / pro... consoleime; que ao cabo, / val máis... caída que cega* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27).
605. **ao chou chou** Sen un propósito previo ou determinado; sen escoller, ao acaso, á toa. *Non fixera nada ao chou chou, tiña todo ben pensado e planeado. | O poema que leu escolleuno abrindo o libro ao chou chou.*
 {Ô chou chou. Á feixe} A tun tun (FLP)}
 Non achamos ningún testemuño desta UF nin no TILG nin no CORGA, mais si numerosos de “ao chou”.
606. **ao dreito** Da maneira correcta, ben. *Dicen que as costureiriñas / non saben querer ao dreito...; / ¡ai, saben, saben...; non saben / querelas os galanceiros!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 42). | *Seica viche o lobo, nena, / pra tal tomárseche a fala? / dixo a unha pícara un mozo / porque pasaba calada, / sin pra el catar ao dreito, / nin prós que ao seu lado estaban* (M. Leiras, LPOC, 1888, 261).
 A forma normativa é “ao dereito”.
607. **ao fin** Ao final, ao fin e ao cabo, no fin de contas. *Canto traballiño temos! / I-ao fin ¿pra que, miña filla! / Pra vivir esgarecendo, / e morrer nunhas palliñas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 53).

608. **ao lombo** Sobre si, vividos. *Coa leña dos meus mals cargada ao lombo, / e levado da man do duro Tempo, / vou subindo a costaña* (M. Leiras, LPOC, 341).
609. **ao mesmo tempo** Simultaneamente. *Léveme o demo!, dixo el / ao mesmo tempo, ¡vin moito, / pro nunca a naide lle vin / preferir ao xastre un porco!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 249).
610. **ao millor** [Indica dúbida ou posibilidade. Utilízase co verbo en indicativo.] *Non bote naide por ela, / e menos, sendo cativo; / que, ao millor sal un... Peruxo, / que hai sempre algún escondido / i-amosa os cairos* (M. Leiras, LPOC, 351).
A RAG dá como forma normativa “ao mellor”. A nós parécenos un castelanismo de luxo, xa que temos numerosas formas de expresar o mesmo. A máis corrente é “se cadra”.
611. **ao outro día** Ao día seguinte. *Botouse a andar o bon do cura ao outro día prá aldea* (M. Leiras, OQTE).
612. **ao rabo** COL. Detrás, seguindo continuamente [alguén]. *Libreme Dios de congostras / e pontigos, pra ruala; / libreme Dios de mociñas / que ao rabo dous mozos traían!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 11). | *Estaba baril ao dreito / de arriba abaixo, recoiro!... / n'era milagre que ao rabo / levará un fato de mozos* (M. Leiras, 1895, 281).
613. **ao ras de** A rentes de, a carón de. *I-as patas collen prá s fúrneas, / ao ras das augas, en ringras* (M. Leiras, LPOC, 1903, 289).
O dicionario da RAG non inclúe esta forma que, coidamos, non é correcta. Débese dicir “a rentes de” ou “a carón de”.
614. **ao rebusco** Á procura do que caeu ao chan [nas vendimas, souts etc.]. *É bo recurso o botarse ao rebusco polos eidos alleos* (M. García Barros, GBCT, 1952, 201).
{Rebusco (andar ô): Andar al brusco (VLP)}
615. **ao relanxo** Dando rodeos, dando curvas, en zigzag. *Por un carreiro / que dun rego vai pra riba, / i-ao relanxo leva ao adro, / catro en conversa subían* (M. Leiras, LPOC, 1895, 273).
Coidamos que a forma normativa debe ser “ao relanzo”. Outras formas sinónimas son “en relanzo” e “ao remanso / en remanso”. Un testemuño da primeira destas formas é o seguinte: *Soñaba que vía / [...] un mundo de homes, [...] / no monte máis alto / do noso terreo / correr a xuntarse / pola mañán cedo, / uns ir en relanzo / outros en dereito, / de lonxe se vían / subindo e decendo / e como as mareas / opando e crecendo* (X. M. Pintos, PVAGG, 1853, 336).
616. **ao revés** Da maneira contraria ou oposta, ao contrario [de algo, do desexado, do que é costume etc.]. [Acostuma ir cun complemento con “de”.] *Nada sei / do que dempois barallaron; / pero com'el en dous verbos / quer faguer sempre os seus tratos, / i-ao revés, ela non sabe / senón andar carto a carto, / creio de min salirían / cal si trataran dos santos* (M. Leiras, LPOC, 373).
617. **ao son** [de alguén] Seguindo [alguén], facendo ou pensando [o que fai ou pensa alguén]. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *ir*.] *El anda a miúdo ao son dos máis, non ten ideas propias. | Insistiu en defende-la tarefa dunha “oposición*

- reonsable, na que non vaíamos ao son de ninguén*” (OCG, 2001, CORGA).
- {Irse ô son da xente. Irse ô son dos máis} Irse al hilo o tras el hilo de la gente (FLP)}
618. **ao son** [dunha música ou dalgún instrumento musical] Soando [esa música ou instrumento(s)]. *Si as cobras, que ao son da frauta / se amansan, falar souperan, / a máis de catro doutores / deixaran coa boca aberta!* (M. Leiras, LPOC, 220).
619. **aos catro ventos** En todas as direccións. *Debaixo dun castiñeiro, / que, coas súas longas canas, / abertas aos catro ventos, / cubría, máis do que conden / sete, ou oito, ou dez palleiros* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299). | *Ben que se ocupou [...] de airear aos catro ventos ata que punto eu estaba por el* (Puri Ameixide, NSE, 2013, 167).
620. **aos ombros** Sobre os ombros ou as costas. *Coa chaqueta posta aos ombros, / e cunha xostra su brazo; / pola portada da bouza / saliu da casa* (M. Leiras, LPOC, 369).
621. **aos tirapelos** COL. Discutindo, en desacordo [con alguén], a rifar. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*.] *Na casa daquel labrego anda a sogra e mais a nora a tirapelos* (Daniel Pernas, 1936, TILG). | *Xa están, como sempre, aos tirapelos, non parecen irmáns.*
{Andar ôs tirapelos – Andar a la greña (FLP)}
622. **ás apalpadas / ás apalpadelas** Apalpando, valéndose do tacto [xeralmente por causa da escuridade ou da falta de vista]. *Ás apalpadas / agarrándome ás hedras / [...] cheguei ata un curruncho* (F. Añón, PFAP, 53). | *Tiña que andar coas mans ás apalpadelas na lama en procura deles* (Silvio Santiago, OSR, 1976, 31).
- {Ás apalpadelas. Ás apalpadas. Ás tentas} A tientas (FLP)}
- Esta locución tamén a rexistra NV (IR ÁS APALPADAS, ou ÁS APALPADELAS: Tentare).
623. **ás cegas** Sen ver ou sen ollar [a cousa de que se trate]. *Cos camiños da túa porta / ás ceguiñas eu acerto; / mira si os levo eu andado / inda non hai mes enteiro* (M. Leiras, LPOC, 209).
- ás cheas** 2 > 226
624. **ás cuncas** Con abundancia, intensamente. *Que me queres, decir, dilo, / i-astra que comingo soñas; / pro tivécheme unha noite / chovendo ás cuncas á porta* (M. Leiras, LPCG, 1911, 34).
{Chover ás cuncas – Llover a cántaros (FLP)}
- Tamén aparece en NV (CHOVE ÁS CUNCAS: Lluve de Dios). Esta locución tamén se usa con outros verbos, non só con *chover*.
625. **ás escuras** 1. Sen luz ningunha, na escuridade. *Un misto...! A escaleira está ás escuras* (A. Fole, AFHNC, 1981, 19). 2. Sen información, sen entender nada, na ignorancia. *Do xeito que a teñen as dúas pragas / que a trillaron de todo; e medio cega / como está de vivir sempre ás escuras, / nin a axudarse a coitada ben acerta* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291).
Parécenos que o significado desta locución no poema de M. Leiras ten que ver coa segunda acepción, mais non descartamos que sexa coa primeira, por iso incluímos os dous significados; aínda que tamén pode ser que o poeta estea a xogar cos dous sentidos da UF.

626. **ás furtadelas** Ocultamente, sen ser visto, disimuladamente, sen que ninguén o saiba. *Si a carta, que ás furtadelas, / puxo un día santo, a pouquiños, / puidera lerse...* (M. Leiras, LPOC, 360).
- ás mancheas** > 581
- ás maus cheas** > 581
627. **ás pousas** Facendo descansos. *Se non podes doutra maneira, leva o balde ás pousas e así cánsaste menos.*
{Pousas (ás): Haciendo descansos (VLP)}
628. **ás revingueitas** COL. Á porfía, á competencia. *Non se atopaban en ningures que non houbese lería, e, decotío, andaban ás revingueitas sobor cal deles había quedar por riba do outro* (A. Goy Díaz, 1928, TILG). | *Hamos canta-los dous á revengueita cantares a Neptuno* (A. I. Alvareño, 1951, TILG).
{Ir ou andar ás revingueitas – Andar en competencia, á porfía (FLP)}
Noriega tamén dá conta, entre outros, desta locución [ANDAR Á REVINGUEITAS, ou ÁS REVINGUEITAS: A porfía, con emulación (NV)]. As formas normativas son “á revengueita” ou “ás revengueitas”.
629. **ás tentas** Apalpando, valéndose do tacto [xeralmente, por causa da escuridade ou da falta de vista]. *Tan pouco se vía, / nun carreiro, que ás tentas eu seguía, / que topei e de facha cunha moza, / esvaroume o pé dreito e de fuciños / caín derriba dela nunha poza* (M. Leiras, 1888, 262).
{Vid. Ás apalpadelas}
O dicionario da RAG non inclúe esta locución, mais si rexistra outras sinónimas (“ás apalpadelas”, “ás apalpadadas”, “ás atoutiñadas”).
630. **ás veces** Nalgunhas ocasións. *Deuma unha rapaza, e calo, / que no-han salir todas boas; / tamén ao raposo ás veces, / lle sal a galiña choca* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12). | *Estaba entre eles, máis tesó / que están ás veces os galos, / [...] un fillo dun bodegueiro* (M. Leiras, LPOC, 1888, 266).
631. **ás vinte uñas** COL. De gatiñas, apoiando as mans e os xeonllos, a catro patas. *Gustáballe traballala “ás vinte unllas”, e para facelo usaba uns tirantes cruzados axustados en catro puntos fixos co obxecto de mante-lo equilibrio e uns coxíns debaixo dos cotos* (Isidro Novo, 1997, TILG). | *Cando cheguei atopeino ás vinte uñas porque seica andaba á procura de algo que perdera.*
{Ás vinte uñas – A gatas (FLP)}
632. **ás voltas** [con algunha cousa ou con alguén] Dedicándolle tempo ou traballo [a algunha cousa ou a alguén]. [Úsase, xeralmente, co verbo *andar*.] *Mire, comadre, non vin / corre-lo camiño andado / pra andar cos santos ás voltas* (M. Leiras, LPOC, 372).
633. **así e todo** A pesar diso, a pesar de todo, aínda así. *Non haberá unha estrela? / Pero... non, non; que, así e todo / quero vela, quero vela!!!* (M. Leiras, LPOC, 336).
634. **cada hora** Constantemente, continuamente. *E cada hora ela, galana / coma un Sol, de min ao rente...!* (M. Leiras, LPOC, 336). | *–E non lle deu alivio? / –Que alivio nin que raio! / Si a zuruxano ela fora / cal eu cada hora lle mando...* (M. Leiras, LPOC, 370). | *Que me queda a min no mundo / si non te hei chuchar cada hora; / que me queda, que me queda, / que me queda, miña xoia!* (M. Leiras, LPOC, 216).

635. **cando menos** Como mínimo. *Si un crego, pola contra, pide a un probe / o que chama el ofrendas, sempre o move, / cando menos, a darlle algunha espiga* (M. Leiras, LPOC, 322).
636. **cara a cara** Fronte a fronte, diante, en presenza doutro e ao descuberto. *Sempre en tales casos é o primeiro, / como teña nomais un mal pertego, / pra pórse cara a cara do estranxeiro* (M. Leiras, LPOC, 17).
637. **cen veces** Moitas veces. *Moitiñas bágoas, moitiñas, / chorei doente daquela; / que, antes que verme auestada, / morrer cen veces quixera* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27). | *Xurei cen veces deixala..., / e non hai vez que a tropece / que pr'ela máis eu non mire, / i-onda ela máis non me chegue* (M. Leiras, LPCG, 1911, 41).
638. **coa boca aberta** COL. Moi sorprendido, abraiado. [Utilízase sobre todo cos verbos *deixar*, *estar* ou *quedar*.] *Si as cobras, que ao son da fruta / se amansan, falar souperan, / a máis de catro doutores / deixaran coa boca aberta!* (M. Leiras, LPOC, 220).
639. **coa ialma** Con todas as forzas, moitísimo. *Coa ialma quero un albre! Máis vello cá oliveira, / máis forte có carballo* (M. Leiras, LPOC, 415). | *Vólveos ti, miña Maíña!; / vólveos ti, miña Avogada!; / que eu sempre, pro sempre, sempre! / heivos de querer coa ialma!* (E. Lence Santar, LSPG, 1921, 73). Esta locución é frecuente na forma “con toda a alma”. A forma normativa é “coa alma”.
640. **coa léngua pequena** COL. En voz baixa; para si mesmo. *Foi ao maíno / sachar a unha veiga, / polo aire e a cara con que iba, de fixo, / súa sorte maldindo coa léngua pequena* (M. Leiras, LPOC, 1892, 269).
- Esta UF é sinónima da máis corrente *coa boca pequena*. Utilízase con verbos de lingua: *dicir*, *falar* ou, coma neste caso, *maldicir*. A forma normativa é “coa lingua pequena”.
641. **coa mau no peito** Con sinceridade. *Non se acanea unha folla; / todo esta noite está calmo; / ¡ai, quen poidera decire, / coa mau no peito, outro tanto!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 7). A forma normativa é “coa man no peito”.
642. **coma a galiña cos ovos** COL. Con moita cautela, con moita prudencia; devagar. *Si queres falar comingo / e queres non verme torto, / hasme de andar; ña pequena, / com'a galiña cos ovos* (M. Leiras, LPCG, 1911, 37). A expresión aparece en NV: ANDAR COM'A GALIÑA COS OVOS: Andar pisando huevos.
643. **coma caldo de ladrós** COL. Feito ás présas. *Este debuxo parece feito coma caldo de ladróns, así que faime un de xeito, e con vagar.* {Feito coma caldo de ladrós – Hecho á prisa (FLP)} A forma normativa é “coma caldo de ladróns”.
644. **coma nunha voda sin caldo** COL. [Ir a alguén] mal, [estar u.p.] mal. *Como nos foi? Foinos como nunha voda sen caldo.* {Vai como n-unha boda sin caldo – Vamos o estamos mal (FLP)} A forma normativa é “coma nunha voda sen caldo”.
645. **coma o demo** COL. Mal. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*.] *Que como ando? Pois non che ando nada ben, ádoche coma o demo.* {Anda com'o Demo – Anda mal (FLP)}

646. **coma un raio** COL. Moi rapidamente. *Deulle co eles un guiche, / [...] que, súpeto, coma un raio, / foise, agachou, e colleunos* (M. Leiras, LPOC, 358).
647. **coma un rigulete** COL. Moi ben, magnificamente. *Xa berra outra vez a Raposa, ceibe de atortoramentos, devecendo por chegar al cabo i dobrar como un rigulete pol caladeiro avesedo das Molas* (J. M. Martínez Castro, 2000, TILG). {Coma un rigulete – Como un gerifalte (FLP)}
O dicionario da RAG non inclúe ningunha variante de “rigulete”.
648. **como Dios manda** Como debe ser, da maneira correcta. *“Non volve o rego prá fonte, / nin prá mau a pedra solta”; / nin a ser como Dios manda / volve a que perde a vergonza* (M. Leiras, LPCG, 1911, 20).
Noriega Varela recolle o seguinte: Un depravado en las costumbres u obligaciones de su estado: NON É COMO DIOS MANDA (NV). A forma correcta é “como Deus manda”.
649. **da mau 1.** Coa man collida [á doutra persoa]. *Ora rastrón, ora en ben, / ora da man, ora ceibo, / todo astra a porta foi indo* (M. Leiras, LPOC, 368). **2.** Guiado por [algo ou alguén]. *Coa leña dos meus mals cargada ao lombo, / e levado da man do duro Tempo, / vou subindo a costiña* (M. Leiras, LPOC, 341).
No primeiro exemplo, vemos “man” e non “mau”, que é a variante dialectal do autor. A forma normativa é “da man”.
- de alma 2 > 244**
650. **de aquí en diante** A partir de agora. *Pedra sin fala fun sempre, / pedra que sin dó tripache; / pero heiche ser outra cousa / si no es millor de aquí en diante* (M. Leiras, LPCG, 1911, 11).
651. **de boca en boca** Transmitido oralmente; coñecido publicamente. [Úsase con verbos como *andar e correr.*] *Meterse na casa rectoral e pasar de boca en boca o conto de que viñera o cura novo, todo foi cousa dun istiante* (M. Leiras, OQTE).
- de cachete 2 > 246**
652. **de camiño** Ao mesmo tempo, aproveitando a circunstancia que se expresa. *Hai tres ou catro / que nunca ben se limparan / de pánxemas si ao San Campio / non se ofreceran, nin foran / de camiño que prós baños / iban a Foz...* (M. Leiras, LPOC, 371).
653. **de cerca** A pouca distancia. *Van moitos, moitos xunto ao tal croio, / que pró nacente fai cuase albogo, / pra ben de cerca podelo ver* (M. Leiras, LPOC, 327).
654. **de certo** Sen dúbida, con certeza. *As colorniñas da cara / eran de certo máis roxas / cás do seu dengue* (M. Leiras, LPOC, 1884, 245).
655. **de corazón** Con sinceridade ou verdadeiro sentimento. *Pro tal lembrei, en troques, seus consellos / de moitas e moi boas ensiñanzas; / e tan de corazón lle din en conta / de como honralo penso prauticándoas* (M. Leiras, LPOC, 321). |—Non vos quero esas, sabedes! Coidadiño! // *Esto non o decía de corazón* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 117).
- de cuesta > 568**
656. **de día** Durante as horas en que hai luz solar. *De día lévame a ialma, / de noite, lévame o corpo; / a ialma, tras do meu ceio, / o corpo, tras dos antoxos* (M. Leiras, LPOC, 214).
- de escoita > 572**

657. **de esmorga** COL. Divertíndose. [Úsase, xeralmente, con verbos como *andar, ir e saír.*] *Correuse que foran / aquela noite a cas Petos / de esmorga, cinco rapaces* (M. Leiras, LPOC, 1910, 303).
658. **de facha** De fronte, de cara. *Tan pouco se vía, / nun carreiro, que ás tentas eu seguía, / que topei e de facha cunha moza, / esvaroume o pé dreito e de fuciños / caín derriba dela nunha poza* (M. Leiras, 1888, 262).
659. **de fixo** Sen dúbida, con certeza. *Foi ao maíno / sachar a unha veiga, / polo aire e a cara con que iba, de fixo, / súa sorte maldindo coa léngua pequena* (M. Leiras, LPOC, 1892, 269).
660. **de fôra** Fôra. *Daba pena de que fosen, / tan rufo e majo, a correlo, / pero... caeralle a facha, / e non houbo máis remedo. / I-anasárono no focho, / co bargo a medias cuberto, / pra que botase de fôra, / do pescozo, máis do terciro* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
661. **de fuciños** COL. De fronte e boca abaixo; dando coa cara [contra algo, caendo, levando un golpe]. *Tan pouco se vía, / nun carreiro, que ás tentas eu seguía, / que topei e de facha cunha moza, / esvaroume o pé dreito e de fuciños / caín derriba dela nunha poza* (M. Leiras, 1888, 262). | *De dous lapos / foi de fuciños pra un rego / donde seus fumes calmaron / seique co fresco da iauga* (M. Leiras, LPOC, 1888, 268).
A forma normativa é “de fociños”.
662. **de gambernia** COL. De troula ou levando unha vida vagabunda e de disipación. *Quen poidera neste mundo / ser sempre un rapás das festas / pra andar ao lado das mozas / de bullanga e de gambérnea!* (E. Rodríguez, Folerpas, 1894, 171).
| *Todo o día de gambernia, / sin acougo en ningún sitio, / feitos unhos entrebertes* (E. Rodríguez, OCERG, 1927, 75).
{Andar ou estar de gambernia ou gamberna. Andar de gandaina} Andar á la gandaya (FLP)}
O dicionario da RAG inclúe só “andar de gambernia”.
663. **de gandaina** COL. De troula ou levando unha vida vagabunda e de disipación. *Calquera labor que estivera facendo deixábao [...] e ibase de gandaia, sin pensar máis que en se divertir canto poidera* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 127).
{Vid. andar ou estar de gambernia ou gamberna}
664. **de lado** En posición lateral. *–Inda!, así eu madre, ¡o preguntas! / lle contestou Niculasa, / que, de lado, nas teipoeiras / escaravellaba coa vara* (M. Leiras, LPOC, 1884, 242).
665. **de lonxe** Desde moita distancia. *Mentras tiven que lles dare, / viñanme a ve-los veciños; / i-agora, por no-atoparme, / torcen de lonxe o camiño* (M. Leiras, LPCG, 1911, 17). | *Como de lonxe se vexan, / aos maldizoados caciques / en moitas cousas semellan* (M. Leiras, LPOC, 330).
666. **de máis** En exceso, alén do debido. *Unha casiña hai mui branca / [...] a que [...] pra dormir / cando unha falcatruada / fai algún mozo, vai sempre, / ou si lle cerran a casa / cando de máis se entretén / si é que vai ve-la rapaza* (M. Leiras, LPOC, 1884, 238).
667. **de mala gana** A desgusto, sen gana. *A que postreira levou, / como quen de mala gana, / foi a mociña de Bras* (M. Leiras, LPOC, 1884, 240).

668. **de mau en mau** Dunha persoa a outra. *Había loitas, e pulos, / e xuramentos i-apertas, / pra de mau en mau pasaren / por enriba das cabezas / sacos con fabas e gra* (M. Leiras, LPOC, 1895, 278).

A forma normativa é “de man en man”.

de noite > 583

669. **de présa** Rapidamente, sen demora. *O tal fixeron na aira; / anque de présa, pra dar / dúas ou tres pertegadas / pra escabezar sete mollos / que ás cabeceiras quedarán* (M. Leiras, LPOC, 1884, 243). | *Esa roxa e galana boquiña / tes algo entreaberta, / pra poder folguexar, cal agora / che còmpre, de présa* (M. Leiras, LPOC, 363).

O dicionario da RAG non inclúe esta locución.

670. **de preto** Desde pouca distancia espacial. *Quen non vos veu ben de preto / ..non sabe / o que é a Mariña* (M. Leiras, LPOC, 1903, 288).

671. **de riba pra baixo** COL. Por todas as partes. *Vaia, muller, que fai falla / non ter vergonza, abofellas, / pra andar de riba pra baixo / co ise franxute!* (M. Leiras, LPOC, 375). |

A forma gráfica normal é “de riba para baixo”.

672. **de riola** COL. Dun lado para outro, a vagabundear. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *ir*.] *Que non me chamen pró ceio; / que non vou, non sendo á forza, / sin botarme antes, de noite, / pola aldea de riola, / astra que conmigo pegue / quen me requira... e me oia* (M. Leiras, LPOC, 347).

de seu 2 > 253

673. **de sufacto** COL. De maneira repentina, de súpeto, de repente. *Estaba tan tranquilo e de sufacto comezou a espirrar.*

{De sufacto. Sufautamente} De pronto, de improviso (FLP)}

Esta forma non aparece nos dicionarios actuais. Si recollen GVGH e Elixio Rivas (2001) “de sofauto”: ‘de sopetón’.

674. **de todo** Completamente, totalmente. *Hai unha nena na Chaira / que me ten tolo de todo. / Sei que ma cangou o demo! / Sei que me veu un mal ollo!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 52). | *Do xeito que a teñen as dúas pragas / que a trillaron de todo; e medio cega / como está de vivir sempre ás escuras, / nin a axudarse a coitada ben acerta* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291).

675. **de troula** COL. Divertíndose. [Úsase xeralmente con verbos como *andar*, *ir* e *sair*.] *Por te ver ¡moitas noitiñas / levei detrás do puxigo! / Por te ver, soio!, e ti mentras, / de troula polos muiños!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 44).

676. **día e noite / noite e día** Continuamente, sen parar. *Garda o pradiño que levas, / e gárdao ben, noite e día; / que, si unha volta che furtan, / hanche pancela outonía* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15). | *Día e noite tezo e tezo, / e nunca sallo de probe; / quixera verlles a moitas / o tear en que elas poñen* (M. Leiras, LPCG, 1911, 44).

677. **dunha noutra** COL. Dun asunto a outro. *Pro seguiron... dunha noutra... / e tumba, e dálle, e que tal... / i-alí mesmiño, nun aire, / fixolle ver o rapaz / que nada val unha nena / pra ben un chito tornar / dun abeiro, como o vente, / si é siquera medio can* (M. Leiras, LPOC, 366).

678. **dunha vez** Definitivamente. *Que agardan os probes, / que a fouce no-abranguen, / i-a súa, ben feita, / non fan dunha vez!...* (M. Leiras, LPOC, 309). | *A ver si a bordelades pra que tire / dunha vez e pra sempre coa piega!* (M. Leiras, LPOC, 1924, 29).

679. **en dous verbos** Con brevidade, resumidamente. *Nada sei / do que depois barallaron; / pero com'el en dous verbos / quer faguer sempre os seus tratos, / i-ao revés, ela non sabe / senón andar carto a carto, / creio de min salirían / cal si trataran dos santos* (M. Leiras, LPOC, 373). {En dous verbos – En dos palabras (FLP)}
680. **en par** De todo. [Úsase xeralmente referido a portas ou xanelas.] *Ben pode Mondañedo dende agora / [...] abrir en par as portas, pra que o vexan!* (M. Leiras, LPOC, 1912, 307). É máis corrente “de par en par”.
681. **en pés de la** COL. **1.** Sen facer ruído, silenciosamente. *María .. camiña en pés de la ata a porta da cociña* (Xavier Queipo, QXE, 2011, 70). **2.** Cautelosamente, prudentemente, con moito coidado, con moito tino. *Algún pecado .. debeu cometer o autor para que sobrevoen ou pasen en pés de la polo seu nome e mais a súa obra* (Suso de Toro, ELP, 24-II-2012). {Andar ou ir en pes de lá – Andar o ir en puntillas (FLP)} Noriega tamén recolle esta expresión [ANDAR EN PÉS DE LA ou EN PÉS DE MANTEIGA: Proceder con mucho secreto y recato (NV)]. Tamén existe a variante “con pés de la”.
682. **en renque** Ordenado en fila. *Foi / busca-la xente prá malla / dos dez medeiros que tiña / postos en renque na aira* (M. Leiras, LPOC, 1884, 244). | *Bidueiras xentiles e doncelas, / en renque a un lado e outro, / [...] van tirando dun barco de silencio / río arriba* (A. I. Alvariño, IADD, 1960, 149).
683. **en troques** Polo contrario. *Ni-un instante siquer fixen lembranza / do que, andando na escola, / no tocante a oraciós xa me ensiñaran. / Pro tal lembrei, en troques, seus consellos* (M. Leiras, LPOC, 321).
684. **entre luces** Ao amanecer ou ao anoitecer. *Si ques, neniña, gardarte, / n'agárde-la noite fóra; / que a lentura de entre luces / prás solteiras non che é boa* (M. Leiras, LPCG, 1911, 46). | *Estaba baril ao dreito / de arriba abaixo, recoiro!... / N'era milagre que ao rabo / levará un fato de mozos, / nin tampouco que entre luces / tobaran astra os máis cordos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281).
685. **máis da conta** Excesivamente, máis do conveniente. *Sempre os sus aires nos falaban / [...]; / do enrabexo do mozo, si a meniña / máis da conta lle fixo andar roldando* (M. Leiras, LPOC, 1899, 284).
686. **mal a gusto** A desgusto, á forza. *Xuntáronse, e de alí a un pouco dixo o señor: “Por causa miña non quero que esteñas mal a gusto”* (M. Leiras, OQTE).
687. **na engrellada** [alguén] COL. No momento en que está facendo unha acción, normalmente mala. [Úsase xeralmente con verbos como *apañar* ou *pillar*.] *Esta noite heite de ir vere, / déixame a porta achegada, / e cata que non te sintan, / nin nos pillen na engrellada* (M. Leiras, LPCG, 1911, 47).
688. **nin cru nin cocido** COL. De maneira ningunha. *Non o quero ver nin cru nin cocido, a ver se fica claro.* {Nin crú nin cocido – De ningunha maneira, por ningún concepto (FLP)}

689. **nin siquiera** [Úsase para enfatizar unha negación, equivale a “nin mesmo”, “nin tan só”, “até nin”.] *Nin siquiera quixo levar saco nin alforxa pró camiño* (M. Leiras, OQTE).
A forma normativa é “nin sequera”.
- noite e día** > 676
690. **non sendo** [Indica a exclusión, canto á participación na acción expresada polo verbo, do termo que segue.] *Todo frolece no maio, / todo co maio se alegra, / non sendo eu, malpocadiña, / que un meu pesar non me deixa!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 28).
691. **nun aire** Ao momento, en moi pouco tempo. *Todos a boquiña lle calaban; / porque era como o xoio, i-a calquera / nun aire lle amañaba el unhas papas* (M. Leiras, LPOC, 359). | *I-alí mesmiño, nun aire, / fíxolle ver o rapaz / que nada val unha nena / pra ben un chito tornar / dun abeiro, como o vente, / si é siquiera medio can* (M. Leiras, LPOC, 366).
692. **nun brote** Por xunto, en gran cantidade. –*Vaia que la coma esta / non a tivo xa fai anos... / [...] / Quen é o que a leva nun brote / por no- andar arromanando? / –Dou corenta ras por ela, / berrou un* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279).
{N-un brote – Por junto, por mayor, en un montón (FLP)}
693. **nun instante** Rapidamente, en moi pouco tempo. *Pois vou catar toxos, / pra, nun instante, a encaldada / poñer lista, e dala aos cochos* (M. Leiras, LPOC, 188430, 250).
A forma normativa é “nun instante”.
694. **nun mal esberrar** COL. En moi pouco tempo, nun instante. *Nun mal esberrar, armouse / a estarabouza do demo; / e fóra de poucos, todos / sangraban coma carneiros* (M. Leiras, LPOC, 1910, 302). | *Chamou polas sentinelas e vixilantes que apareceron nun mal esberrar* (Hixinio Puentes, 2000, CORGA).
695. **nun Xesús** COL. No instante, en moi breve espazo de tempo. *Vou buscar logo unhos toxos / pra nun Xesús a encaldada / poñer lista e dala aos cochos... / e dempois... cal apetece / xa lle amañarei o almorzo* (M. Leiras, LPOC, 1884, 249).
{N-un Jesus – En un periquete (FLP)}
696. **nunhas pallas** COL. Con carencia do máis básico, na pobreza. *Canto traballiño temos! / I-ao fin ¿pra que, miña filla! / Pra vivir esgarecendo, / e morrer nunhas palliñas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 53).
697. **o outro día** Hai uns días, recentemente. *Non quero, / que me sentiú a criada / cando salín o outro día / e por un nada n’a arma* (M. Leiras, LPOC, 1884, 237).
698. **pelo a pelo** Moito, abundantemente. [Úsase co verbo *suar*.] *Sudando peliño a pelo / cargado de herba prás vacas, / subiu o Bras do Pendello / polo camiño* (M. Leiras, LPOC, 1884, 235). | *Vin que suaba pelo a pelo, / e afroaba a esbagoar* (Xesús San Luís, 1954, TILG).
699. **poida que** [Indica dúbida ou posibilidade. Utilízase co verbo en subxuntivo.] *Van tres noites que non me abre / a miña escarapulida; / poida que lle entrase medo / de que lle entre eu na cociña* (M. Leiras, LPCG, 1911, 55). | *Si no-andiveras co-enredos / poida que algo máis ganaras!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 244).

700. **pola boa** Sen necesidade de usar a forza ou a violencia. *Non se apuraba por nada, era descansadiña, todo pola boa* (Emilio Araújo, 1996, TILG). | *Tratou de ir pola boa dicíndolle: Manoeliño, non me das unha castaña?* (F. Potel Pardal, 1911, TILG).
{Pol-a boa – Por buenas (FLP)}
Debe ser unha variante de “polas boas”, máis coñecida hoxe en día.
701. **pola contra** Polo contrario, ao contrario. *Si un crego, pola contra, pide a un probe / o que chama el ofrendas, sempre o move, / cando menos, a darlle algunha espiga* (M. Leiras, LPOC, 322).
702. **pola vella** COL. En cantidade, con abundancia. *Estaba uns meses, gañaba cartos pola vella e volvía marchar prá Habana* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 175). | *Regresei [...] para guichar dende a esquina. Había coches pola vella pero ningún sospeitoso* (Bieito Iglesias, BIMO, 1994, 179).
{Hay pol-a vella – Hay en abundancia (FLP)}
703. **polo menos** Como mínimo, aínda que non sexa máis que a cousa que se expresa. *Non viron que nos invernos / anda o gado, e anda a xente, / que lles sobra, da dentamia, / polo menos unha renque?* (M. Leiras, LPOC, 349).
704. **polo visto** Segundo parece, polo que parece, seica. *–Seica viche o lobo, nena, / pra tal tomárchese a fala? / –dixo a unha picara un mozo / porque pasaba calada [...]. / –Polo visto – saltou ela, / sin virar siquera a cara* (M. Leiras, LPOC, 1888, 260).
705. **por certo** [Úsase para pór algo en relación co que se dixo] *–N-hai outra xente na casa? / –Non señor: había un fillo / que traballaba... mais ese / vai na Cruña no servicio, / por certo ben contra lei / pro... adiante; mentras pillos / gobernen noso Concello / pagará o probe as do rico* (M. Leiras, LPOC, 1887, 254).
706. **por enteiro** Enteiramente, completamente. *Cando llelas pide o corpo, / non val andar con temperos, / e catro azoutas, di a vella, / séntanlles ben por enteiro* (M. Leiras, LPOC, 368). | *Ben dicen que nesta banda / sómo-los homes carneiros! / que si non..., dempois que o lume / cumprise o seu por enteiro, / xa andiveran as tías pedras / correndo a tódolos ventos...!* (M. Leiras, LPOC, 368).
707. **por forza 1.** Contra a propia vontade, recorrendo a medios violentos. *Dicen que con raposadas, / cando non por forza, pensas / pouquiño a pouco ir logrando / facerte dona da terra!* (M. Leiras, LPOC, 318).
2. Necesariamente, forzosamente. *Por que ha sobrar a unhos tanta, / habendo quenes nomais / teñen de mortos (si entonzas / non os manducan os cas) / os sete pés do fichoco, / que por forza se lles dá?..* (M. Leiras, LPOC, 311).
- pouco a pouco > 589**
708. **pouco máis ou menos** Aproximadamente. *Pasou pouco máis ou menos un ano desta maneira* (M. Leiras, OQTE). | *Botou a andar con ela asta poñerse pouco máis menos no medio do río, e alí parou a barca pra facerlle as garatuxas á rapaza* (M. Leiras, CDB).

709. **pra sempre** Definitivamente, indefinidamente. *Os que, roendo latín, sin o entenderen, / dan pró ceio boletas ás maus cheas, / vendo que hai pouca fe nas argalladas, / que aínda hoxe lles valen boas talladas, / bouran, e con razón: pan que se solta, / pan perdido pra sempre; e non ten volta!* (M. Leiras, LPOC, 316). | *Mais deulle co eles un guiche, / (porque os guiches son o deño!) / i-adiós pra sempre niñada* (M. Leiras, LPOC, 358).
A forma gráfica habitual é “para sempre”.
710. **pró seu colete** COL. Para si mesmo. [Úsase con verbos como *dicir* ou *pensar*.] *O barqueiro, que non tiña pelo de burro [...] así que a veu conoeculle a pinta e dixo pró seu colete: “esta é das miñas”* (M. Leiras, CDB). | *Dixen eu pra o meu colete: / esta nena que ben fala; / leve o diaño se non ten / estudantes de pousada* (A. C., DMVN, 1884, 182).
“Colete” é voz que ficou en desuso. Marcial Valladares, no seu dicionario, define esta palabra como ‘vestidura de piel’ e dáa como voz común a castelán e galego. Tamén rexistra “colete”, que define como “chaqueta”.
A forma gráfica normativa é “para o seu colete”.
711. **sin máis nin máis** Sen motivo, de repente, de maneira inxustificada e sen o pensar. *Dixolles en voz baixiña que, se algún escapaba, atizáballe un tiro sen máis nin máis* (A. Fole, AFLC, 1953, 104).
{Sin máis nin máis – Sin más ni más (FLP)}
A forma correcta é “sen máis nin máis”.
- sin xeito nin dreito** 2 > 291
712. **sobre todo** De modo principal, principalmente; de modo especial, especialmente. *Sin mentir, parecía, / sobre todo polos ollos, / ni-estarulados, nin musgos, / moi rasgados e moi mouros, [...] / unha gallega, gallega, / das que pinta Alfredo Souto* (M. Leiras, LPOC, 1930, 281).
713. **toda a vida** Sempre. *Anque treidor pra min fuche, / i-anque chore eu toda a vida, / non, home, non teñas medo / que malas pragas che eu pida!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 8).
714. **troque a troque** Sen ter que pagar máis nada [ao trocar ou permutar unha cousa por outra]. *Foi troque a troque, non foi preciso pagar máis nada.*
{Troque a troque – Taz á taz, pelo a pelo (FLP)} {Troque á troque – Taz a taz (VLP)}
715. **un si é non é** Un pouco. *Colleu cara ao galo dreito; / e, cando coidou que o tiña / pra cascarlle a corpo cheo, / fincou un xonllo na terra, / e deu o golpe ; mais deuno / un si é non é contra a zurda* (M. Leiras, LPOC, 1910, 300).
716. **unha miguiña** COL. Un pouco de tempo. *Así que alí se meteron, / i-o santeiro unha miguiña / descansou, colleu un xarro / e foi por auga prá pía* (M. Leiras, LPOC, 1895, 273). | *De alí a unha miguiña / volveu buscar Niculasa / [...] a gra* (M. Leiras, LPOC, 1884, 245).
717. **unha vez que outra** Algunhas veces, de vez en cando. *Alí estivo dando voltas, / i-unha vez que outra a cabeza / por trala porta asomando* (M. Leiras, LPOC, 1895, 277).

718. **xa ora** Claro que si, con certeza. *Di a verdade, Sabela, ¿píuxoche o pucho / dos dous cornos na testa?, deuche algún chucho? // Ti ¡xa ora!, da vila non contas nada; / pro como ás veces volves tan colorada...* (A. Noriega, NVAM, 219). | *Pola noite, ¡xa ora!, todo asusta*

(A. Cotarelo, CVAM, 1931, 199).
{Xa ora – Claro, ya lo creo (FLP)}
Trátase dun adverbio de afirmación que, inda que se ten grafado como dúas palabras, como nos testemuños que damos, na actualidade gráfase como unha soa palabra.

2.3.6. Locucións preposicionais

719. **á beira de** Nun lugar próximo a. *Chegaron á beira dun río donde viron que había que pasar nunha barca pró outro lado* (M. Leiras, CDB).

720. **a carón de** Ao lado de, xunto a. *Cargado de herba prás vacas, / subiu o Bras do Pendello / polo camiño que pasa / a carón da pumareda do tío Cosme* (M. Leiras, LPOC, 1884, 235). | *Unha casiña hai mui branca / mesmo a carón dun cabozo* (M. Leiras, LPOC, 1884, 238).

721. **a forza de** Polo feito (realizado intensa e repetidamente) de. *A forza de xeito e voltas / ao cabo funa collendo; / prás nenas no-hai com'a maña, / certando a chegar a tempo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 8).

722. **a lor de** Respecto de, a teor de. *Houbo algúns anos, poucos, que a lor da depresión se dera á bebedela* (X. Rábade, 2001, CORGA). | *E que hai? Como lle vai / tan cedo á beira do río? / Seica vén toma-lo frío / alor da calor que vai?* (G. Feixó de Araúxo, Entremés, 1671, 7).

{Á lor d'eso – Á ese tenor (FLP)}

Hai outra variante desta loc. prep. (“ao lor de”). O dicionario actual da RAG non inclúe ningunha das dúas formas.

723. **a piques de** A punto de, próximo a + VERBO. *Verse aldraxado i-a piques de ser zurrado sin que lle valla a un pra que o respeiten nin os anos, nin o non meterse con nadie* (M. Leiras, CSR).

724. **a poder de** Polo feito de realizar algo intensa e repetidamente. *Fuxindo do sol, sempre arrastrados, / i-a poder de rastrexo, a todo chegan, / e que todo che enliman, / cando todo no-adentan* (M. Leiras, LPOC, 332). | *Os de agora, que conservan a saúde a poder de réxime dietético, de hixiene e de sport, poderán faguer algús anos unha mala vida, mais o seu corpo logo cansa, e teñen que vir ás boas* (V. Risco, VRLeria, 1961, 88).

725. **a rentes de / ao rente de** Á beira, ao lado. *En Argomoso, e no Castro, / unha casiña hai moi branca, / mesmo a rentes dun cabozo, / e dunha vella cabana* (M. Leiras, LPOC, 1884, 243). | *E cad'hora ela, galana / coma un Sol, de min ao rente...!* (M. Leiras, LPOC, 336).

726. **ao lado de** Moi preto de. *Ola, Tresilla, –dixo el / sin máis poñéndose ao lado / dunha rapaza que tiña / como a mapola seus papos* (M. Leiras, LPOC, 1888, 267).

727. **ao pé de** Ao lado de. *Só lle queda / ir podrecendo, arrumbada, / no areal, ao pé das penas, / sin amarras i-esquencida...* (M. Leiras, LPOC, 352). | *Ao pé dun toxo que fora, / sendo contigo, velliña, / no monte, com'a laverca, / mañán o niño eu faría* (M. Leiras, LPCG, 1911, 42).

728. **ao redor de / arredor de 1.** Por toda a parte exterior de, dándolle a volta a. *Sigúiu pola carrileira / que ao redor vai dunhos prados* (M. Leiras, LPOC, 369). **2.** Na proximidade de, á beira de. *Xeme porque nunca pra el cataron / [...] non sendo cando [...] / [...] un estranxeiro, / dos que arredor de nós sempre usmearon, / quixo, ¡tolo!, poñernos cabeceiro* (M. Leiras, LPOC, 1887, 256).
- ao rente de > 725**
729. **ao son de** Moi próximo a, ao lado de. *Estaba un domingo de inverno un vellño medio envolto nunha xarga mendada, cunha monteira roñosa metida astra as orellas e con ambas maus fincadas na caxaca caída ao son das pernas estendidas* (M. Leiras, CSR).
730. **aos abrigos de** Baixo a protección de, abrigado por. *Des que un bocado i-us gotos / tomara a xente, aos abrigos / das cerrumes e dos toxos; [...] deron en coller pró corro* (M. Leiras, LPOC, 1895, 280).
- arredor de > 728**
731. **cara a** En dirección a, para. *Quen mora acó, na Mariña, / ten cara ao mundo as xanelas; / quen mora aló, na Montaña, / tenas... tamén, pero pechas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 54). | *Cara aos Samordás xa iban / cos seus carretos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 272).
732. **cas de** Á casa de, na casa de. *Cheguei a cas do Fidalgo, / pedindo a filla máis vella, / e deixáronme na porta, / sin dar-me fala siquera* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27). | *Correde aquela, rapaces, / que se arrancha con calquera; / pro non lixedes esoutra / que en cas do Abade goberna* (M. Leiras, LPOC, 210).
733. **dacabalo de** Coas pernas escarranchadas sobre o lombo da cabalaría que se monta, ou sobre outra cousa ou persoa. *Era un vispora dunha feira e habian de ir a ela, amo e ama, un dacabalo da egua e a outra dacabalo da burra* (M. Leiras, OQTE). A RAG prefere grafar así esta locución: “de a cabalo de”.
734. **debaixo de** Nun lugar inferior [con relación a alguén ou algunha cousa.] *Fóronse todos chegando / ás nenas que palicaban / debaixo dunhos carballos* (M. Leiras, LPOC, 1888, 266). | *Debaixo dun castiñeiro, / que, coas súas longas canas, / abertas aos catro ventos, / cubría, máis do que conden / sete, ou oito, ou dez palleiros* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299).
735. **depois de** Con posterioridade a. *O domingo á media tarde / depois de muda-los zocos, / meteu nun pano as tixeiras, / [...] i-enveredou pra Casolga* (M. Leiras, LPOC, 1884, 247). | *Por que friaxe e amargares / aló drento sempre deixa, / inda depois de morreren seus ecos?* (M. Leiras, LPOC, 339). A variante normativa é “despois de”.
736. **dendes de** Desde. *Pra que me dixeches, diaño, / que tiña cara de rosa...? / Dendes de entón, si te vexo, / dáme así coma vergonza!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 47). | *Estrou o demais por baixo / dendes do altar astra a pía* (M. Leiras, 1895, 274).
737. **derriba de** Na parte superior de [unha cousa ou persoa] e en contacto con [ela]. *Tan pouco se vía, / nun carreiro, que ás tentas eu sigúia, / que topei e de facha cunha moza, / esvaroume o pé dreito e de fuciños / caín derriba dela nunha poza* (M. Leiras, LPOC, 1888, 262).

738. **detrais de / detrás de** Nun lugar posterior con respecto a [algo ou alguén]. *Por te ver ¡moitas noitiñas / levei detrás do puxigo! / Por te ver, soio!, e ti mentras, / de troula polos miúños!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 44). | *Naquel burguiño de riba, / detrais daqueles loureiros, / como o demo non a torza, / hei de atopar eu achego* (M. Leiras, LPCG, 1911, 50). A variante normativa é “detrás de”.
739. **diante de** No lugar anterior a [algo ou alguén]. *Que che pasa, pequerrecho? / lle preguntei a un neniño, / galano coma unha estrela / que esfamado e cuase espido / diante dunha ruín cabana / atopei solo e xemindo* (M. Leiras, LPOC, 1887, 254).
740. **drento de** No interior de. *Estímote, rapariga, / como nunca estimei outra; / que te estimo... igual que estimo / a lama drento das zocas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 64). A forma normativa é “dentro de”.
741. **en canto de** En lugar de. *En canto de bater nil, / tronzou dous cardos tarrelos* (M. Leiras, LPOC, 1910, 300). | *En canto de dar-me medo, / deume aquel grande alivio* (M. Leiras, LPOC, 340). | *Os que asubían fano perfumado. Parez que en canto de vir de unha illa saíran dun frasco de albafor!* (A. Cunqueiro, ACVS, 1961, 16). Trátase dunha variante de “no canto de”, forma máis corrente.
742. **en par de** Xunto a. *Saleu primeiro un rapaz, / de foguetes, cun brazado; / cuase en par del, o mordomo, / coa mecha pra ilos tirando* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279). | *Anda a noite a máis andar... / I-en par do seu corazón / leva unha estrela a cantar...* (A. I. Alvaríño, IACAV, 1933, 77).
743. **enriba de** Nun lugar superior [en relación a outro]. *Onda eles, sentada / por baixo, a parenta, / nun brazo do escano / fíncando a cabeza, / i-as maus crucilladas / enriba das pernas* (M. Leiras, LPOC, 1892, 271). | *Había loitas, e pulos, / e xuramentos i-apertas, / pra de mau en mau pasaren / por enriba das cabezas / sacos con fabas e gra* (M. Leiras, LPOC, 1895, 278).
744. **entremedias de** Entre dúas ou máis cousas, entre un lugar e outro, entre un tempo e outro etc. *Des que lle a peta botaron, / naide máis foi á Frouseira; / sóilo Dios puxo froliñas / por entremedias das penas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 65). | *Pasábamos por entremedias deles e nin se decataban* (A. Cunqueiro, ACVS, 1961, 15).
745. **fóra de 1.** [Indica localización espacial no exterior de algo real ou imaxinario.] *Enredáchete con outros tales coma ti, e por eso no'ncontrache” –ao mesmo tempo que lle defregava as orellas e por elas o botaba fóra da casa* (M. Leiras, OQTE). **2.** A excepción de, agás. *Non teño lei a ninguén, / fóra da miña vaquiña, / que me dá un par de canadas / de leite tódolos días* (M. Leiras, LPCG, 1911, 28).
746. **lonxe de** A moita distancia de. *Mandouno rexentar un curato lonxe de alí tres ou catro leguas* (M. Leiras, OQTE).
747. **no tocante a** No que concirne a. *Ni-un instante siquer fixen lembranza / do que, andando na escola, / no tocante a oración xa me ensiñaran. / Pro tal lembrei, en troques, seus consellos* (M. Leiras, LPOC, 321).

748. **por amor de / por mor de** Por causa de. *Por amor dos seus dreitos anda o ruso / revolto prós cosacos; / pidindo libertades* (M. Leiras, LPOC, 329). | *Meteu nun pano as tixeiras, / a prancha e mais o recodo, / [...] dependurouno do moco / que leva sempre consigo / por mor de garda-lo lombo* (M. Leiras, LPOC, 1884, 247).
749. **preto de** A unha distancia pequena no espazo. *Calado seguiu pró pouso / que preto de alí cadraba* (M. Leiras, LPOC, 1884, 235).
750. **riba de** Nun lugar superior [en relación a outro]. *Nise chao espalecente / tremou a terra, bruando, / e riba dila quedando / van soilo roínas e mortos* (M. Leiras, 1930, 252).
751. **sobre de** Sobre, enriba de. *Chegado á ventá dun carto / que cadra sobre dun horto, / [...] estaba o meu Rosendiño* (M. Leiras, LPOC, 1884, 248).
752. **tras de 1.** Nun lugar posterior con respecto a algo ou alguén, detrás de. *No-hai como as noites de inverno, / no escano tras da cacheira, / habendo porco, e mais viño, / i-un compadre prá palleta* (M. Leiras, LPOC, 216). **2.** Con posterioridade a, despois de. *Tiven casa, pan e gando, / pro nunca tiven goberno, / e, tras de cen fuciñadas, / ben vedes como me eu vexo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 18). **3.** En busca de. *Puxen o fondo da hucha, / e fun correndo prá festa; / ai, cantas veces un corre / tras do que nunca un quixera!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 25).
753. **xunto a** Ao lado de, onda. *Indo pró muiño, mireime / xunt'á presa, no remanso... / Ai de min, cómo el me acaba! / Mazmida que vou quedando!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 57). Non é posíbel saber se estamos ante “xunto á presa” ou “xunta a presa”. No segundo caso, non sería unha locución.

2.3.7. Locucións conxuntivas

754. **agás que** A non ser que, a menos que. *Si ques ter algo de teu / fai en todo coma os cregos; / que nunca dan nada a naide... / agás que sexan consellos* (M. Leiras, LPOC, 213).
755. **a mais / e mais 1.** [Une palabras, frases ou oracións e expresa suma.] E, mais. *O pai a mais a mai do rapaz non querían que este casase con tal muller* (M. Leiras, CDB). | *No-hai como as noites de inverno, / no escano tras da cacheira, / habendo porco, e mais viño, / i-un compadre prá palleta* (M. Leiras, LPOC, 216). **2.** [Indica unha limitación ou oposición ao dito.] Pero, mais, con todo. *Porque me vexas calada, / non coides que eu nada peno; / tamén calan as ovellas, / e mais sinten o coitelo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 23).
756. **antes de** Mellor que. *Bota pra aló, cara zucia, / que cabo min non te quero, / i-antes de dormir contigo, / durmo co can no palleiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 44).
757. **antes (de) que / dinantes que 1.** Nun momento anterior a. *Púidenche ve-las orellas / antes de que me adentaras... / Xa podes toca-lo zoco...! / Quen te pareu que te lamba!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 36). | *E Dios vos vexa vir segundo cómpre / pra poderlle valer i-axiña erguela / dinantes que se fine de tristura* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291). **2.** [Indica preferencia] Mellor que. *Antes que verme aquestada, / morrer cen veces quixera* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27).

758. **ao tempo que** *Mientras que. Por eso renego eu das que entre cirios / dous cregazos no pórtico rezaban, / ao tempo que, cos dedos, das moedas / levando iban a conta, e mais gardándoas!* (M. Leiras, LPOC, 321).
759. **así que** *Logo que. Así que os queren as nenas, / así que as nenas os queren, / así que os queren as nenas, / a todo os mozos se astreven* (M. Leiras, LPCG, 1911, 34). | *Matouse por ter xugada, / carro, e chouza, e bes de seu; / i-así que a tivo lograda, / deulle a da morte... e morreu* (M. Leiras, LPOC, 357).
760. **astra que** [Expresa o momento en que se interrompe ou se realiza outra acción.] *Alí estivo dando voltas, / [...] astra que a ermida veu chea* (M. Leiras, LPOC, 1895, 278). | *Que non me chamen pró ceio; / que non vou, non sendo á forza, / sin botarme antes, de noite, / pola aldea de riola, / astra que conmigo pegue / quen me requira... e me oia* (M. Leiras, LPOC, 347).
As formas normativas son “ata que” e “até que”.
761. **de sorte que** *De maneira que, de modo que. –Mire, miña ama: millor / lle é botar todo revolto, / xa que o hai; e ¡Diolo garde! / –De sorte que sendo solos...? / –Nin us, nin outros me pintan* (M. Leiras, LPOC, 1884, 250).
762. **de xeito que** *Introduce unha consecuencia. –Millor / lle é botar todo revolto, / que así non turba o torresmo / nin os ovos dan arrotos, / nin o estómago se acupa. –De xeito que sendo solos / nin us nin outros lle pintan?* (M. Leiras, LPOC, 1884, 248).
763. **depois que** *Máis tarde que. Depois que os teus adormezan, / non me deixes, como poidas, / sin que, siquiera, te vexa* (M. Leiras, LPCG, 1911, 62).
A variante normativa é “despois que”.
- dinantes que** > 757
e mais > 755
764. **i-eso que** *A pesar de que. Tiña roscas tamañas / como unha roda dun carro, / i-eso que eran das de Meira, / feitas co azucre máis branco* (M. Leiras, LPOC, 1895, 280). | *Era o ano... (non sei cantos, / i-eso que houbera sardiña, / e raxo a feixe na praza, / pra levar pra enche-la tripa)* (M. Leiras, LPOC, 1895, 272).
A variante normativa é “e iso que”.
765. **inda ben non** *Inmediatamente que, así que, logo que. Inda ben no-abrín a porta / pasou un corvo grallando... / Nin que fora o demo ceibo / me dera medo tamaño!* (M. Leiras, LPOC, 209). | *Inda ben non tal dixera / cando zis zas de dous lapos / foi de fuciños pra un rego / donde seus fumes calmaron / seique co fresco da iauga* (M. Leiras, LPOC, 1888, 268).
766. **logo que** [Indica posterioridade no tempo.] *Estrou o demais por baixo / dendes do altar astra a pia; / logo que estrou, ben estrado, / púxolle aceite á torcida* (M. Leiras, LPOC, 1895, 274). | *Logo que alí chegou ela / vendo el que nin unha ialma / se procataba... colleuna / e tirouna... entre unhas pallas* (M. Leiras, LPOC, 1884, 240).
767. **mentras que** [Expresa que a acción ocorre ao mesmo tempo que outra] *En canto que. Mentras que canta que cantas, / andas de enriba pra embaixo, / ando eu, por tralas silveiras, / aqueloutrada, acorando!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 49).
A forma correcta é “mentres que”.

768. **non sendo que / non sendo si** [Indica exclusión.] *Vê-lo cachopo que eu teño, / pra colgar maízo á porta? / pois, igual que el, nada vales, / non sendo si algo che colgan* (M. Leiras, LPCG, 1911, 22). | *Por ben que as nenas che falen / por pan que días ás mulas, / non sendo que teñan solta, / non te fies delas nunca* (M. Leiras, LPOC, 209). As formas normativas son “non sendo que” e “non sendo se”.
769. **ora... ora...** [Indica alternancia ou distribución.] *Unhas veces... outras... Teño un galán tarabelas, / que parece anda coa lúa; / ora, non sal do meu rabo, / ora, nin de min se cuida* (M. Leiras, LPCG, 1911, 24).
770. **pra que** [Indica finalidade.] *Teño veciña unha choia / que me ten sempre na léngua. / Que farei eu pra que cale, / ou nomais conte o que seipa?* (M. Leiras, LPCG, 1911, 56). A forma gráfica habitual é “para que”.
771. **por eso** A pesar diso, con todo. *Moitiño levo chorado / por ti, meu ben; ben o sabes; / pro, Dios che valla, por eso; / que inda de min te acordache* (M. Leiras, LPCG, 1911, 28). | *Foron aparecendo a maior parte das cousas. Moitas delas, por eso, perdéranse: unhas no fondo do mar, outras non se soupo onde* (A. López Ferreiro, LFAT, 1894, 199).
772. **por máis que** [Indica unha dificultade ou oposición que non impide o cumprimento do que expresa a propia oración.] *Canto falamos ás veces / sin pensar o que falamos! / pero, por máis que se fale, / non se fai de mouro branco!* (M. Leiras, LPOC, 349). | *De Mondañedo a unha légoa, / non curta, por máis que digan; / . nun monte que hai moi costento, / [...] un crego [...]* / *ten nun san Cosme unha mina* (M. Leiras, LPOC, 272).
773. **por moito que** *Aínda que. Por moito que te cuspiñes, / gata mamada do demo; / por moito que te cuspiñes, / eu, pra casar, non te quero* (M. Leiras, LPCG, 1911, 14). | *Es com 'os toxos do monte, / que, astra cando abeiro dan, / por moito tento que un leve / nunca deixan de espiñar* (M. Leiras, LPCG, 1911, 36).
774. **xa que** [Indica causa.] *Dado que, posto que. Mentras n'apádre-lo neno, / Farruco, non che perdono; / non che perdono ¡así morras! / xa que dixech que é doutro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 8).

2.4. Fórmulas

775. **agora xa foi** COL. [Expresa que unha cousa xa non ten remedio.] *Non cates pra min, nin chores, / que agora, nena, xa foi; / trata de ir armando o vrullo, / que é primeiro que os pregós* (M. Leiras, LPCG, 1911, 33). | *Ao chegar á pastelería decatámonos do noso erro. Está ateigada de xente. Puidemos encargar os pasteis antes de ir ao parque, pero agora xa foi* (Marilar Aleixandre, ABSF, 1999, 44).

A UF é bastante coñecida. O propio Manuel Leiras recóllea en RLP nunha versión máis longa (*agora xa foi, dixo a que empreñou*) cun sentido igual ao dos versos dos *Cantares gallegos* que citamos aquí, ou sexa, aplicado a unha moza que fica grávida. A versión máis coñecida é a que recolle AFG (*Agora xa foi, Marica non chores*), aplicábel a diferentes situacións.

776. **algo, algo!** COL. [Expresa asentimento ou que alguén acertou nun asunto, deu coa verdadeira dificultade, co fundamental.]
 {¡Algo, algo! – ¡Mucho, mucho! ¡mucho que sí!, ¡ahí le duele! (FLP)}
 A expresión achámola en varios cancioneros populares (*Algún día algo, algo, / agora, mal pocadiño; / que non me queren as nenas / porque vou acabadiño* (LPEDC, 61), mais parécenos mellor exemplo o que dá M. Valladares nos seus *Elementos de gramática gallega*. Velaquí a definición que dá co seu exemplo: “*Algo, algo*. Que es lo mismo que hirió usted la dificultad; puso usted el dedo sobre la llaga; manifestó lo que procede, lo que *debe hacerse* en el asunto de que se trata. *Don Fulano*, dice uno, por ejemplo, *socorre ós probes de fôra; millor sería socorrese ós do seu lugar* = [...] y contesta otro: *algo, algo*”.
777. **arda eu** COL. [Úsase para reforzar unha afirmación.] –*Vaia, non veñas con lerias, / ben sabes que as xudiasas / que ti me fas... non se fan... / –Pero a que vén esa palabra?... / Arda eu coma este cigarro / si a que vén sei, Niculasa!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 237).
778. **así Dios me + VERBO (, amén) / así eu... / aí eu seña de Dios** COL. [Úsase para asegurar unha cousa.] –*E si aos torrezmos o coiro / se lles quita e se desalan?... / –Non me lle prestan tampouco; / que, non hai ben oito días, / tomeinos por un antoxo, / e xiringáronme ao dreito!... / –Élle, así eu, moito conto co diaño da súa fraqueza!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 250). | *Tampouco o sei eu, así Deus me salve!* (A. Cunqueiro, ACVS, 1961, 79). | *Vaia, vaia, que así eu sexa de Dios como soubeches escoller ben. Mira que eu inda me teño por algo nichoso; pero aquí non hai máis que pedir* (X. Lesta Meis, LMXA, 1930, 235).
 {Vid. Así eu teña o ceoyo}
 As formas correctas son “así Deus me + VERBO (, amén) / así eu... / aí eu sexa de Deus”.
- así eu... > 778**
779. **así eu medre / aí eu medre e luza** COL. [Dise para reforzar unha afirmación.] –*Que fixen pra que así riñas? / –Inda así eu medre, tes alma!... / –En que me atopas noxante? / Como che colla esa vara!... (M. Leiras, LPOC, 1884, 237).* | *Dicen que fas coma os carros, / que, non os untando, cantan; / i-heite de untar, así eu medre!, / pero ha de ser coa aguillada!* (M. Leiras, LPOC, 212).
 {Vid. Así eu teña o ceoyo}
- así eu seña de Dios > 778**
780. **así eu teña o ceio** COL. [Úsase para asegurar unha cousa.] *Xúroche, así eu teña o ceio, que foi como cho contei.*
 {Así eu teña o ceoyo. Así Dios me... Así eu seña de Dios. Así eu medre e luza. Así eu. Así Dios me, amen – Á fe mía, por mi vida (FLP)}
 A forma normativa é “así eu teña o ceio”
781. **astra as tres vai a loita** [Expresa que, ao terceiro intento, se acadará o fin desexado.] –*Entón que?, desta vez vai? –Até as tres vai a loita.*
 {Hastr’as tres vai a loita – A las tres va la vencida (FLP)}
 As formas correctas son “ata as tres vai a loita” e “até as tres vai a loita”.

782. **astra que lle reluza o ollo ao gato** COL. Até a noite. *Abur, até que lle reluza o ollo ao gato.*
{Hastra que lle reluza o ollo ô gato – Hasta la noche (FLP)}
Supomos que se trata dunha fórmula de saúdo ou algún circunloquio popular. As formas normativas son “ata que lle reluza o ollo ao gato” e “até que lle reluza o ollo ao gato”.
783. **boca cala** [Úsase para lle dicir aos nenos que calen ou que non pregunten.] *Non digas nada, ti boca cala.*
{Boca cala: corta picos y callares (VLP)}
784. **bos días** [Úsase, desde a mañá até a hora de xantar, para saudar.] –*Bos días, aí, tía Lourenza.* / –*Santos e bos, tío Santiago.* / –*E como rixe esta xente?* / –*Gracias a Dios, vai andando* (M. Leiras, LPOC, 369).
785. **bota/botade pra aló!** COL. [Úsase para rexeitar algunha cousa ou alguén ou para mostrar incredulidade.] *Bota pra aló, cara zucía, / que cabo min non te quero, / i-antes de dormir contigo, / durmo co can no palleiro* (M. Leiras, LPCG, 1911, 44). | –*Din que sae cunha rapaza impresionante.* –*Bota pra aló!, co tímido que é ese...!, a ti enganáronte.*
Esta expresión recóllea NV (BOTA PRA ALÓ!: ¡Hazte allá!). As formas normativas son “bota/botade para alá” e “bota/botade para aló”
786. **bótalle/botádelle un can ao rabo!** COL. [Expresa que unha cousa xa non ten remedio.] *Deixaches pasar a ocasión e agora non lle hai que facer: bótalle un can ao rabo!*
{Bótall’un can ô rabo – Échale un galgo (FLP)}
787. **caíanche/lle... entrambos os ollos!** VULG. [Dise para expresar rexeitamento.] *Porque no-a quixen por sogra, / fadoume mal unha meiga; / ¡caíanlle entrámbolos ollos / antes que tal fada vexa!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 28).
788. **cando ben é** [Dise para expresar unha conclusión. Equivale a “ao final de contas” ou “despois de todo”.] *Por veces iamos saca-las mozas do lugar, por rir un pouco, e cando ben é quen rían eran elas, pero vaía* (J. L. Graña Muíño, GMJLC, 1995, 65). | *Ao que fun medrando, funme decatando de que [a madriña] quedaba sempre coas bágoas nos ollos. Cando ben é, ela fora quen me criara de cativiño, e máis netos non tiña...* (J. L. Graña Muíño, GMJLC, 1995, 47).
{E cando ben é – Y por lo visto (FLP)}
789. **cata o outro!** COL. [Exclamación de sorpresa ante unha reacción inesperada doutra persoa.] *Cata o outro! Non esperaba iso de ti.*
{¡Cata o outro! – Mira que ocorrencia tuvo, mira con lo que sale (FLP)}
790. **cegue eu** COL. [Dise para reforzar a veracidade dunha afirmación.] –*Pois, que acadulle; que a raiola / do sultán tamén ten termo...!* / –*E, no intre que lle durou, / tivo o que moitos non temos...!* / –*Cómame o cuzo!* –*Cegue eu!* / –*E sin pagar un mal censo!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 300).
791. **chova que neve** COL. [Úsase para indicar que algo se fará ou ocorrerá en calquera circunstancia.] *Moito me queren meus amos, / meus amos moito me queren; / por eso me tran descalza...; / descalza, chova que neve!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 46).

- Non está moi claro se “chova que neve” ten, no exemplo, un sentido literal ou é realmente unha UF. Ocorre isto último, con certeza, nos seguintes exemplos: *Que vidiña! / contar estrelas, reza-lo resario, / e laretar na pubela cos santos. / Chova que neve, sin unha ansia* (A. I. Alvaríño, IANE, 1961, 226). | *Vámonos indo, Amaro: temos tempo a volver cando acabemos co traídor do bispo, e que chova ou que neve arranaxaremos esto ás malas* (D. X. Cabana, MDR, 1996, 309). Noriega recolle esta UF: ¡CHOVA QUE NEVE! ¡Venga lo que viniere! (NV1928).
792. **coma quen dice** [Úsase para introducir unha aclaración, ou corrixir o que se dixo.] *No-o soñes, mentras teñas / coma quen dice, aforados: / medio corpo ao señor Cura, / i-outro medio ao señor amo* (M. Leiras, LPOC, 326). A forma normativas é “coma quen di”.
793. **cómame o cuzo!** COL. [Dise para expresar sorpresa ou admiración ou para reforzar unha afirmación.] *–Pois, que acadulle; que a raiola / do sultán tamén ten termo...! / –E, no intre que lle durou, / tivo o que moitos non temos...! / –Cómame o cuzo! –Cegue eu! / –E sin pagar un mal censo!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 300). Eladio Rodríguez dá “demo” como primeira acepción de “cuzo” (DEGC). Esta UF equivale, daquela, a “¡cómame o demo!”, da que damos un exemplo: *Eu non entendo nada, cómame o demo se entendo* (D. X. Cabana, FDT, 1990, 102).
794. **de Dios!** [Dise para pedir auxilio.] *–Que demo teis? –Ai de Dios! / Furtáronme o saco* (A. Fernández Morales, FMEP, 1861, 43). | *Acodide eiquí! Ah, de Dios! –berrei coma un becerro pelexando por saír* (E. Labarta, ContosLP, 1903, 139). {¡De Dios! – ¡Auxilio! (FLP)} A forma normativa é “de Deus!”
795. **de morte en fóra** COL. [Expresa que, excepto accidente de morte, se realizará un feito futuro.] *Non me enredes máis, que estou bermando e teño moito que facer. Con que, de morte en fóra, astra o dito* (M. Valladares, MVNM, 1880, 94). {De morte en fora – Salvo caso de muerte (FLP)}
796. **de vello/a gaitero/a** COL. [Utilízase para expresar que unha persoa con bastantes anos fai cousas que non son propias da súa idade ou que alguén xa non ten idade para algunha cousa.] *Cando morreu o meu xenro, fun para cabo da filla, por axudarlle a criar os meniños, e que puidera ir gañar un peso fóra da casa. Agora xa ves, de vella gaiteira* (D. X. Cabana, FDT, 1990, 82). {De vello gaitero – De viejo verde (FLP)}
797. **déixame/deixádeme de muíneiras!** COL. [Dise para facer que alguén deixe de molestar.] *Olla, a min déixame de muíneiras que xa che estou cheo desas lerias.* {Déixame de muíneiras – Déjame de enredos, no me vengas con historias (FLP)}
798. **demo, non digas!** COL. [Expresa sorpresa, admiración, estrañeza ou horror.] *–Ben sei que che lle pagaron pra que fixese propaganda deles! – Demo non digas* (J. M. López, LJMC, 1928, 152). | *–Que acontece, Pilara? –O neno xa se ri! –Demo, non digas!* (Fiz Vergara, VVPQ, 2023, 229). {E, demo, non digas – Y no lo digas dos veces, no lo digas mucho (FLP)}

799. **dese pau teño eu unha gaita** COL. [Dise para expresar a coincidencia co que lle sucede a alguén. Equivale a “a min tamén me acontece o mesmo”.] –*Sempre que queres ver algo no televisor vén o neno e xa temos lea porque el quere ver outra cousa... –Non é preciso que me contes, dese pau tamén che teño eu unha gaita.* {D’ese pau teño eu unha gaita – Algo de eso me pasa a mi (FLP)}
800. **diante Dios te/o... vexa** [Dise para expresar agradecemento.] –*Tome esta axuda. –Diante Dios a vexa, señora!* {Diante Diol-o vexa – Dios se lo pague (FLP)}
A forma correcta é “diante Deus te/o... vexa”.
801. **Dios (che/lle...) pague** (+ CD) [Dise para mostrar agradecemento.] *Dios che pague a túa esmola, / cariña de repinaldo!, / non che coidei que tiveses / corazonciño tan brando* (M. Leiras, LPCG, 1911, 7).
A forma correcta é “Deus (che/lle...) pague (+ CD)”.
802. **Dios me perdone** (+ CD) [Dí unha persoa para se desculpar por algo que dixo ou vai dicir e que pode resultar ofensivo.] *Non vou, e ¡Dios mo perdona! / á festa por ve-la Santa; / que vou por ver si tropezo / cun toleirán que me encarta* (M. Leiras, LPCG, 1911, 44).
A forma correcta é “Deus me perdoe (+ CD)”.
803. **Dios me/che... valla! / vállame/che... Dios!** [Expresa desexo de boa sorte.] *Canto máis bouran, máis calo, / que o ter razón vale sempre; / e, si non val, Dios me valla, / e bouren canto lles pete* (M. Leiras, LPCG, 1911, 42). | *Vállalle Dios, que tamén / a probe ten bos traballos / agora sobre os seus días! ...* (M. Leiras, LPOC, 370).
As formas correctas son “Deus me/che... valla!” e “vállame/che Deus!”
804. **Dios mío** [Expresa sorpresa, admiración, medo, susto...] *Que xistra corre, Dios mío! / E no-hai casiña cuberta, / i-estou mortiña de frío!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 27).
A forma correcta é “meu Deus!”.
805. **Dios queira** + CD [Dise para expresar o desexo de que algo ocorra.] *Dios queira que non atopos / nunca pra ti maus abertas, / e que, mal morto de fame, / te coman os cas i-as pegas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 10).
A forma correcta é “Deus queira + CD”.
806. **Dios te/o... críe pra boa fada** [Dise, sobre todos, aos nenos, para lles desexar boa sorte e felicidade.] *Cando se ve a un home ou a unha muller cun pícaro ou cunha pícara, débese dicir: / Dios che críe prá boa fada!* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 180).
{Dios te críe pra boa fada – Dios te de suerte (FLP)}
A forma correcta é “Deus te/o... críe para boa fada”.
807. **Dios te/o... garde** [Dise para saudar cando se encontran dúas persoas.] *Parada / se estivo astra que el lle dixo: / –Dios te garde, ai Niculasa [...]* // *–Que a ti te garde, bo peine, / que non che fai pouca falta* (M. Leiras, LPOC, 1884, 236).
A forma correcta é “Deus te/o... garde”.
808. **Dios te/o... vexa vir!** [Expresa o desexo de que alguén ou algunha cousa volva.] *E Dios vos vexa vir segundo cómpre / pra poderlle valer i-axiña erguela / dinantes que se fine de tristura / ou de fame esgareza* (M. Leiras, LPOC, 1924, 291). | *Deus te vexa vir, meu saco, seis maquías che rapo: dúas por te levar, dúas por te moer, dúas por te traer* (Xavier Lores Rosal, 1987, TILG).
A forma correcta é “Deus te/o... vexa vir”.

809. **dito e feito / meu dito, meu feito** [Dise para indicar que unha cousa ocorre ou ocorreu como se dixo e sen demora.] *Dixolle entón a ama: “Ai, señor, pois eu non llo teño... Véñase se quere pra xunto de min un pouco asta que lle pase ese frío”. Dito e feito. Xuntáronse, e dali a un pouco [...] (M. Leiras, OQTE). | Bouro tirouse antre iles, berrando: “Mato a sete e esfolo a catorce!” // E meu dito, meu feito. Chuza eiquí, chuza acolá, fixo un verdadeiro estropicio antre as feras (Eliseo Alonso, AER, 1981, 58). {Meu dito meu feito – Dicho y hecho (FLP)}*
- En VLP, Leiras recolle as dúas expresións sinónimas (“Dito e feito” e “Meu dito, meu feito”, ambas co mesmo significado, ‘Dicho y hecho’).
810. **díxomo un paxariño** COL. [Utilízase para obter información dos nenos facendo de conta que xa se coñece. Tamén se usa con adultos.] *Díxome un paxariño que é moito o que te quer (Florencio Vaamonde, 1925, TILG). | Apaxeándolle a crin ao burriño [...] espeteille: // así que, polo que me contou un paxariño, queres adeprender a cabalo... (X. M. Carballo, PACH, 1981, 62). {Díxomo un paxariño – Lo ha dicho el escardillo (FLP)}*
811. **do demo / pró demo** COL. [Dise para expresar repulsa ou negación dalgunha cousa.] *Anque te afogue unha pena, / nunca o sentir días a naide; / que do demo un toparías / que o teu segredo gardase (M. Leiras, LPCG, 1911, 25). | Traballo sempre sin folgo / astra das boqueadas; / mais... pró demo; que el, meu probe, / nin camisiña levaba! (M. Leiras, LPOC, 214).*
- A forma gráfica normal da segunda variante é “para o demo”.
812. **doille o ollo!** COL. [Dise para ponderar ou eloxiar algo.] *A Rosende de Pizcalla / [...] n’hai labrego que n’o chame / pra faguer paxeles novos. / E n’è milagre, abofellas, / porque amigos... ¡doille o ollo! (M. Leiras, LPOC, 1884, 247). | – Esta debe de ser a criada. –E mais tampouco é fea. –Doille o ollo! (Xesús Rodríguez López, RLXC, 1915, 36). {Vid. Zumball’o virillo!}*
- A forma normativa é “dóelle o ollo!”.
813. **doute ao deño!** COL. [Dise para expresar repulsa dalgunha cousa.] *Doute ao deño; / non habías de ir máis adiante, / cara de mama no dedo! (M. Leiras, LPOC, 1910, 300).*
814. **é certo** [Dise para engadir ou rectificar algo dito.] *Van moitos, moitos xunto ao tal croio, / que pró nacente fai cuase albogo, / pra ben de cerca podelo ver, e veno, é certo, mais no-adiviñan que é un daqueles que os celtas tiñan (M. Leiras, LPOC, 327).*
815. **e logo?** [Úsase para engadir énfase nunha interrogación, ao principio da frase.] *E logo que di, meu xastre? / Que hei de amañarlle de almorzo? (M. Leiras, LPOC, 1884, 250). | E logo qués que con dudas / eu de aquí agora me vaia / porque aí estean de escoita? (M. Leiras, LPOC, 1884, 237). | –Si Diolo quer penso de ir... / Xa lles mandei a forcada. / –E logo quedamos neso? / Descuidar podes, Colasa (M. Leiras, LPOC, 1884, 238).*

816. **é moito conto!** COL. [Utilízase para ponderar unha cousa ou para expresar admiración, sorpresa ou asombro.] *–E si aos torrezmos o coiro / se lles quita e se desalan?... / –Non me lle prestan tampouco; / que, non hai ben oito días, / tomeinos por un antoxo, / e xiringáronme ao dreito!... / –Élle, así eu, moito conto co diaño da súa fraqueza!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 250). | *Ai o neno de Fulano, disque che é moito conto, miña filla, o que sabe! Polo visto xa le de corrido no “papel da Cruña”* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 67).
{Eche moito conto – Tiene que le digan (FLP)}
817. **e todo** [Detrás dun adxectivo, xerundio ou participio, indica concesión.] *Probiño e todo, son rico, / que non son feixe de naide; / e moitos, que moito rumban, / non poden deso gabarse* (M. Leiras, LPCG, 1911, 18).
818. **e tumba e dálle** COL. [Dise para abreviar palabras ditas por outra persoa que non se queren repetir.] *Pro seguiron... dunha noutra... / e tumba, e dálle, e que tal... / i-alí mesmiño, nun aire, / fíxolle ver o rapaz / que nada val unha nena / pra ben un chito tornar / dun abeiro, como o vente, / si é siquera medio can* (M. Leiras, LPOC, 366).
819. **en boa hora o digas/diga i-o demo seña sordo** COL. [Expresa o desexo de que algo teña bo fin.] *Con tales múcaros non quero bromas: en boa hora o diga i o demo sea xordo, nunca nada me pasou; con esas cousas non quero eo muicas* (J. M. López, LJMC, 1928, 91). | *Ai, iso si que non, en boa hora vaia dito e que o deño sexa xordo. Xente do barrio! Arrenégote!* (V. Taibo, VTDA, 1956, 59).
{En boa hora o diga y-o Demo seña sordo – En buena hora lo diga (FLP)}
A forma normativa é “en boa hora o digas/diga e o demo sexa xordo”.
820. **ese/este ovo asado vai** COL. [Dise para expresar a perda dalgunha cousa que se esperaba.] *Agora xa é tarde, non lle hai que facer, este ovo asado vai.*
{Este ovo asado vai. Este pito asado vai} Este paxaro volo (FLP)}
821. **ese/este paxaro piou** COL. [Dise con respecto a alguén que xa morreu.] *Non o procures que este paxaro piou.*
{Este paxaro piou – Este ya murió (FLP)}
822. **ese/este pito asado vai** COL. [Dise para expresar a perda dalgunha cousa que se esperaba.] *Esperaches demasiado tempo e agora xa é inútil, ese pito asado vai.*
{Vid. Este ovo asado vai}
823. **fúngate, Xan, que es bon mozo!** COL. [Utilízase para lle facer ver a alguén que está enganado ou que é irreal o que di ou pretende.] *–Pois vou matricularme en cinco idiomas este ano. –Fúngate, Xan, que es bon mozo!*
{¡Fúngate Xan qu’es bon mozo! – Límpiate que estas de huevo (FLP)}
A forma normativa é “fúngate, Xan, que es bo mozo!”.
824. **gracias a Dios** [Dise para expresar alivio ou satisfacción.] *–Gracias a Dios que chegaron / as festas! –Xa me tardaban, / pra botar lonxe a tristura* (M. Leiras, LPOC, 1910, 298). | *–Bos días, ai, tía Lourenza. / –Santos e bos, tío Santiago. / –E como rixe esta xente? / –Gracias a Dios, vai andando* (M. Leiras, LPOC, 370).
A forma normativa é “grazas a Deus”.

825. **hai landeira** COL. [Dise para expresar contrariedade.] *Non o debemos facer sen llo consultar a el. Co xenio que ten o xefe, desta nos nos libramos! A que nos espera! Aquí hai landeira!*
 {Hay landeira – Buena la hemos hecho (FLP)}
 No apéndice do DEGC, achamos o que cremos ser a orixe desta expresión. Alí, defínese “landeira” como ‘Los restos incomedibles que dejan los cerdos cuando comen las bellotas. Por analogía se llama *facér landeira* a cualquier destrozo. Ej.: *as vacas entraron no leiro e fixeron landeira*’ (Láncara). “Landeira”, daquela, relaciónase con “landa” ou “landra”, como explica Anibal Otero en VSJP [LANDEIRA, f. Cosecha de landes: *Ano de landeira, ano de laceira* (hambre)]. “Landes”, segundo este mesmo autor, é o plural de “landa”, ou sexa, o froito do carballo.
826. **lástima fora!** COL. [Dise para expresar asentimento ou aprobación ou tamén contrariedade ou rexeitamento.] *Certo é que na súa casa tamén tiña que traballare –lástema fora!– pro éche unha cousa traballar no propio e outra traballar no alleo por unha triste soldada* (Aurelio Ribalta, RCAD, 147). | *A catro [...] que axustaran abrir unha gabia fonda e longa que lles levou máis dun mes e medio, non lles pagaron senón a mitá do axuste, porque sacaran bo xornal. Lástema fora. Para eso traballaron como lobos* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 142).
 {¡Lástima fora! – ¡Pues no faltaba más! (FLP)}
 O dicionario da RAG non inclúe o substantivo “lástima”.
827. **léveme o demo! / léveme o vello!** COL. [Dise para reforzar unha afirmación.] *Léveme o demo!, dixo el / ao mesmo tempo, ¡vin moito, / pro nunca a naide lle vin / preferir ao xastre un porco!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 249). | *Léveme o vello!, el decía / ao mesmo tempo, ¡éche moito! / ¡coma lles valera ... ao xastre / dábanlle palla e corozos!... / ¡I-unque alampe un... que se rule, / mentras atenden aos porcos!* (M. Leiras, LPOC, 1884, 251). | *–E leve o demo si ulila / non soupeche? –Non que logo... / e mais sin proba debías / quedarte, xa que a gardabas, / sin dar siquiera unha chinca... / –Abofellas! –Abofellas!* (M. Leiras, LPOC, 1895, 275).
 No segundo exemplo, “vello” por “demo” é unha modificación feita na edición de 1930. O sentido é o mesmo.
828. **libreme/te... Dios** [Expresa o desexo de se librar de algo negativo.] *Libreme Dios de congostras / e pontigos, pra ruala; / libreme Dios de mociñas / que ao rabo dous mozos traian!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 11).
 A forma correcta é “libreme/te... Deus”.
829. **madre que me pareu** COL. [Expresión de sorpresa, asombro ou admiración.] *En facer pandeiros [...] naida deste mundo me puxo o pé por diante. / Ai, home, non! / ¡I-en tocalo pandeiro? / ¡Nai que me pareu!* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 103). | *Ou, madre que me pariu!, ¿como puido ser iso?*
 {¡Ou madre que me pareu! – ¡Oh madre mía! (FLP)}
 A forma normativa é “madre que me pariu”. “Madre” é un tratamento de respecto que se lle dá á nai. A UF pódese usar tamén cos substantivos “mai” e “nai”.

830. **mala cegueira te/o cegue!** COL. [Dise para lle desexar mal a alguén ou para expresar desprezo.] *Mala cegueira vos cegue! Como non cumprades o que prometestes, xúrovos que mas pagades!* | *Mala cegueira a quen cegue os camiños!* (X. Ferro Ruibal, FRXP, 1992, 25).
 {¡Mala cegueira te cegue! – ¡Ciego te vea! (FLP)}
831. **mal será que** + VERBO EN SUBXUNTIVO [Dise para expresar confianza en que un posíbel feito negativo non se cumpra.] *Mal será que non se vaia / dando co algúns [galos], pra escollermos / un que ao seu lle leve as barbas* (M. Leiras, LPOC, 1910, 298).
832. **mau, marela!** COL. [Expresa sorpresa ou admiración.] *En poucas partes do mundo se atoparán peras pra compota, como as de péparo, de Riotorto. // Ai as peras de péparo! Mau!* (E. Lence Santar, EMELS, 1939, 165). | *–E vendeo un xato en noventa pesos. –Mau, quen nos impulsara; non lle viñan mal pra pagar a quen debe* (J. M. López, LJMC, 1928, 194).
 {¡Mau! – Sopla! / Mau, marela! – Id. (FLP)}
 A forma normativa é “man, marela!”.
- meu dito, meu feito** > 809
833. **millor dito** [Úsase para aclarar ou corrixir algo que se acaba de dicir.] *E de viño, ou, millor dito, / da mistura cacholana, / que por tal todas vendían?* (M. Leiras, LPOC, 1895, 276).
 A forma normativa é “mellor dito”.
834. **morra o conto!** COL. [Dise para mudar de asunto e pasar a falar doutra cousa.] *Boh, deixádevos de lerias e morra o conto, que o sabedes mellor ca min* (E. Blanco Amor, BAAE, 1959, 74).
 {Morr’o conto – No se hable más de ello (FLP)}
835. **na miña vida!** [Dise para expresar asombro ou incredulidade.] – *Pois [...] que suba / pra cabo das costureiras. / –Na miña vida!, pro están? –Están arriba, abofellas* (A. Noriega, POEX, 518). | *Unha enchenta de callos e viño do Ribeiro que na miña vida!* (X. Lesta Meis, LMXE, 1927, 131).
 {N-a miña vida – Exclamación de asombro (FLP)}
836. **nin arre nin xo** COL. *Nin unha cousa nin outra. O almorzo consistiu nunca conversa sobre os poemas do Saramago, que a Inés, en fin, nin arre nin xo* (Inma L. Silva, 2002, CORGA).
 {Nin arre nin xo – No adelanta ni atrasa; ni va ni viene (FLP)}
837. **nin dado nin gracias** COL. [Expresa que algo non merece grazas porque se fixo con axuda e favor alleos.] *Home, nin dado nin gracias, así tamén o fago eu, con todo o que o axudaron... Non ten mérito.*
 {Nin dado nin gracias – Ni grado ni gracias (FLP)}
 A forma normativa é “nin dado nin grazas”.
838. **(nin) mel nin fel** COL. *Nin unha cousa nin outra. Como é? Pois non é nin mel nin fel, eu procuraríaa outro, ese non che vai valer.*
 {Nin mel nin fel – Ni bueno ni malo, ni hace ni padece, ni va ni viene (FLP)}
 Aparece tamén en *Como falan os brañegos* [NON É MEL NIN FEL: El montañés que es buena tierra para sembrar nabos... (NV)].

839. **nin que** + VERBO [Introduce unha circunstancia que, se fose real, podería facer comprensíbel, factíbel etc. o que se mencionou, propuxo etc. anteriormente.] *Inda ben non abrín a porta / pasou un corvo grallando... / Nin que fora o demo ceibo / me dera medo tamaño!* (M. Leiras, LPOC, 209).
840. **non fai o demo bogada en que** [u.p.] **non meta camisa** COL. [Úsase para criticar a quen se entremete en todo.] *Como é!, non fai o demo bogada en que ese fulano non meta camisa! Con razón non hai quen o ature!* {Non fai o demo bogada en qu' él non meta camisa – En todo se mete, a todas partes llega (FLP)}
841. **non hai que se morrer! / non se morra!** COL. [Dise para se despedir de alguén.] *Sorte, rapaces, –dicialles unha vella–, non morrer [...] por aló* (A., A Monteiro, 11-I-1890, 116). {Consérvese. Regálese. Non se morra. Non hay que se morrer} **Á Dios** (FLP)} As dúas primeiras palabras (“consérvese” e “regálese”), consideramos que non son unidades fraseolóxicas. Alén diso, posto que o verbo “morrer” non ten uso pronominal, a forma correcta é “non hai que morrer / non morra”.
842. **non que logo** COL. [Exclamación de asentimento ou afirmación, xeralmente irónica.] *–E leve o demo si ulila / non soupeche? –Non que logo... / e mais sin proba debías / quedarte, xa que a gardabas, / sin dar siquera unha chinca... / –Abofellas! –Abofellas!* (M. Leiras, LPOC, 1895, 275). | *Heime casar, ¡non que logo!, / i heime de casar na aldea, / ¡miña nai!, porque alí moran / as poucas almas sinxelas, / que sacan o pan da boca / pra socorrer a pobreza* (A. Noriega, NVAM, 210). {¡Non que logo! – Pues non faltaba máis (FLP)}
- non se morra!** > 841
843. **non seña o diaño** (+ que + ORACIÓN) COL. [Expresa precaución ou temor de que algo suceda.] *Estaba no monte e facía falta buscala, que non fose o diaño que faltase como facía algunhas veces* (M. Leiras, OQTE). A forma normativa é “non seña o diaño (+ que + ORACIÓN)”.
844. **o que é** [Dise para lle dar énfase ao que vén despois.] No referente a. *Pra comer, / non sendo de herba ou de palla / prás bestas, o que é prá xente, / nunca outra vin nin soñara* (M. Leiras, LPOC, 1895, 276).
845. **ou a romana non ha dar o seu** COL. [Dise para reforzar unha afirmación.] *Ou a romana n'ha dar o seu ou desta vez o conseguimos.* {Vid. Ou as cabras n'han dar leite}
846. **ou as cabras n'han dar leite** COL. [Dise para reforzar unha afirmación.] *Ou non han dar leite as cabras, / ou n'ha ter fío o fouciño, / ou hoxe o galo do Coto / hase comer nos Muíños* (M. Leiras, LPCG, 1911, 11). | *No ano mil novecentos / trinteseis, que ás portas chama, / ou as cabras n'han dar leite / ou os do bienio nos salvan* (A. Noriega, NVAOCII, 1936, 92). {Ou as cabras n'han dar leite. Ou a romana non ha dal-o seu} O no ha de haber justicia (FLP)} A outra forma normativa é “ou as cabras non han dar leite”.

847. **pola luz divina** COL. [Úsase para reforzar unha afirmación.] *Pola luz divina que foi como cho contei.* {Pol-a luz divina – A fe mia (FLP)}
848. **por Dios** [Dise para expresar súplica ou xuramento.] *Calade, campas laionas; / calade, por Dios, calade; / calade, que se me acorda / cando se finou mi madre!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 17).
A forma correcta é “por Deus”.
- pró demo** > 811
849. **probe de min/nós** [Úsase para se lamentar ou queixar.] *Probe de min que non teño, / si caio, quen me a mau bote!; / probe de min que, si choro, / non teño quen me console* (M. Leiras, LPCG, 1911, 14). | *Irán ao canastro / roubárno-la anada? / Probiños de nós* (M. Piñeiro Groba, PGM, 1947, 98).
A forma normativa “pobre de min/nós”.
850. **que che/le... aproveite coma aos chitos a ferraña** COL. [Expresa un desexo negativo para alguén con desprezo ou indiferenza polo que esa persoa faga ou lle ocorra.] *Veu o godallo, e levoume / canta gra tiña na casa...! / Dios faiga que lle aproveite / com' aos chitos a ferraña!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 40).
A expresión recóllea Noriega en NV, aínda que, no canto dos dous substantivos, aparece cadanseu sinónimo (QUE LLE APROVEITE COM'O ALCACER ÓS CAS!): Mal provecho le haga). *A ferraña, ferraia, alcacén* ou *alcacer* é ‘orxo, aveja ou centeo que se sega verde, antes de que espigue, e que se utiliza como forraxe para os animais’ (RAG). *Chito* é palabra que aparece varias veces na obra de Leiras. Tamén a recolle Anibal Otero en San Xorxe de Piquín. É sinónimo de “can” ou “cuzo”.
Godallo é ‘bode’, ‘castrón’, mais no contexto do exemplo é ‘alguacil’ (Godallo: Bode. Alguacil (VLP)).
851. **que herba tripaches/tripou...?** COL. [Expresa asombro ante un comportamento de alguén.] *Non para pinta nos pousos; / non se pon maja aos domingos; / nin canta, nin dá parola, / cando lle toca o muíño: / e vaise a fío quedando / como as varas dun caínzo... / Que herba triparía a nena, / que astra quer perde-lo sino!...* (M. Leiras, LPOC, 360).
Unha expresión relacionada con esta recóllea Eladio Rodríguez [*Pisar mala herba un*, ponerse uno de mal humor (DEGC)].
852. **que + SUBSTANTIVO + nin (que) + raio** COL. [Úsase para enfatizar o rexeitamento ou a negación dalgunha cousa.] *–E non lle deu alivio? / –Que alivio nin que raio! / Si a zuruxano ela fora / cal eu cada hora lle mando...* (M. Leiras, LPOC, 370). | *Que folga nin que raios! Para estes todo o ano é festa* (V. Taibo, VTDA, 1956, 153).
853. **que te/o... leve o mouro** COL. [Úsase para mostrar rexeitamento ou desprezo.] *Aos desleigados que esquencen / a fala, que ti, no colo, / lles ensiñache, ao crialos, / midelles coa roca o lombo; / e, si non volven a rego, / déixaos ir, que os leve o mouro* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323).
Esta UF é unha variante de “que te/o... leve o demo”.
854. **que xuncras (+ VERBO)** COL. [Úsase como reforzo do que se di.] *Cando tropezo o teu can, / pónseme rosma que rosma; / ¿que xuncras ti lle fixeche / pra que xa non me conoza?* (M. Leiras, LPCG, 1911, 21). | *E que xuncras te voltou a traere por eiquí?* (A. Alonso Ríos, ARSA, 1979, 131).

855. **quen for vivo xa o dirá** [Expresa que xa se verá en que acaba un asunto determinado.] *Ti téntao que despois quen for vivo xa o dirá.*
 {Quen for vivo, xa o dirá – El que viva, lo dirá (FLP)}
856. **quen (me/che...) dera** (+ OD) [Expresa o desexo de ter ou de que suceda a cousa que se expresa.] *Atallo dos Pedregás, / quen me dera que falases, / pra che ouvi-los catro contos / pallaregos que ti sabes* (M. Leiras, LPCG, 1911, 35). | *Adiós, meu fillo querido, / meu filliño regalado! / Ai, quen me dera ir na caixa, / canda ti pró camposanto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15).
857. **quen te/o pareu que te/o lamba!** COL. [Dise a quen (ou de quen) non se desexa aturar.] *Púidenche ve-las orellas / antes de que me adentaras... / Xa podes toca-lo zoco...! / Quen te pareu que te lamba!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 36).
 Noriega rexistra a expresión, mais sen dar o significado: [QUEN TE PAREU QUE TE LAMBA! (NV)]. A forma normativa é “quen te/o pariu que te/o lamba!”.
858. **róncale o calleiro!** COL. [Utilízase para ponderar ou eloxiar algo.] *Aquela si que foi unha festa; roncáballe o calleiro!*
 {Vid. ¡Zumball’o virillo!}
859. **sabe Dios** (+ OD) [Úsase para ponderar a incerteza de algo.] *Só lle queda / ir podrecendo, arrumbada, / no areal, ao pé das penas, / sin amarras i-esquencida...; / astra que unha vaga veña. / I-a esbandalle, e co ela arrample / sabe Dios pra que ribeira...* (M. Leiras, LPOC, 352).
 A forma correcta é “sabe Deus (+ OD)”.
860. **seique manteigas coa ozquia do fuso!** COL. [Úsase para criticar ironicamente a quen é agarrado, pouco xeneroso.] *Seique manteigas coa ozquia do fuso! Non fai falta que te esmeres tanto, ho.*
 {¡Seique manteigas co-a ozquia d’o fuso! – ¡Eres bien tacaño! (FLP)}
 “Ozquia” ou “osquia” significa ‘amósega espiral que se fai ao fuso na punta delgada para que trabe nela a liña que se vai fiando’. A palabra aparece en VLP. A forma que dá a RAG é “ozca”. Esta institución non inclúe “seique” e si “seica” no seu dicionario, daquela, a forma normativa da UF supomos que é “seica manteigas coa ozca do fuso!”.
861. **si Dios (o) quer** [Dise para expresar a esperanza de que algo aconteza.] *–Si Diolo quer penso de ir... / Xa lles mandei a forcada. / –E logo quedamos neso? / Descuidar podes, Colasa* (M. Leiras, LPOC, 1884, 238). | *Os que ao teu mandado queden, / si Dios quer, han ser abondos, / pra relousarche a casiña* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323).
 A forma normativa é “se Deus (o) quiere”.
862. **son cousas** COL. [Dise para expresar solidariedade, manter a comunicación, suavizar situacións etc.] *–E logo? Xa non me conosco? –Nada ten de eistrano que non te conoza pois iñoraba que cambearas de vestimenta. –Sonlle cousas* (M. García Barros, GBEN, 2000, 118). | *–E iso? –Cala, hostia, non preguntes! Son cousas* (Manuel Guede, GOMV, 1988, 39).
 {¡Son cousas! – ¡Así es la vida! (FLP)}

863. **sopetea/sopeteade que hai prebe!** COL. [Utilízase para lle dicir a alguén que aproveite a ocasión.] – *Que cres que debo facer ante esta oportunidade? –Sopetea que hai prebe!, que cho digo eu!*
 {Sopetea qu’hay prebe, hom – Ayúdate, que hay ocasión (FLP)}
 O dicionario da RAG non inclúe o verbo “sopetear”.
864. **ten (moito) que (se) lle diga!** COL. [Dise para expresar admiración, sorpresa ou asombro.] *Eu casar, seique casaba, / si fora pra no-ir pra riba; / pero, casar prá Montaña..., / tenche moitón que lle digan!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 48).
 A forma “moitón” do exemplo é estraña.
865. **unha cor me/che... iba e outra me/che... viña** COL. [Dise para comentar a grande impresión que causou en alguén algunha cousa.] *E unha cor lle iba i-outra lle viña, e choraba que unha bágoa n’agardaba a outra, e partía o corazón oílo* (M. Leiras, CSR).
 A forma normativa é “unha cor me/che... ía e outra me/che... viña”.
866. **vai boa** COL. **1.** [Úsase para expresar que hai moita diferenza entre o que se di e o que realmente é, ou dá máis énfase a unha valoración.] [Úsase, a miúdo, co pronome de solidariedade (*vaiche boa!*).] *Parece que o número [...] transforma calquera dogma absurdo en verdade, calquera tolería en normalidade. Vaiche boa* (A. Tovar, TBAD, 2001, 53). **2.** [Úsase para expresar que hai moito tempo que ocorreu (ou debía ter ocorrido) algo.] *Eu xa debía estar na casa vai boa, pero non puíden. Descoideime. Fóiseme o tempo non sei como* (X. Lesta Meis, LMXA, 1930, 32).
 {¡Vaiche boa! – ¡Eso ya! (FLP)}
 Incluímos un segundo significado, aínda que non se recolle en M-c nin en FLP, mais si aparece en M-b, onde, despois de “¡Eso ya!”, está escrito con letra menos clara “Hacer tiempo”.
867. **vai/ide... a arrolo!** COL. [Exclamación con que se expresan malos desexos para alguén.] *Pois se pensan así, que vaian a arrolo! Non os quero ver diante!*
 {Vayan eles á arrolo – Vayan ellos a trompicones, enhoramala (FLP)}
 Cremos que se trata dunha fórmula de insolidariedade que contén no seu interior a locución adverbial “a arrolo”.
868. **vai/ide tomar o aire!** COL. [Exclamación de rexeitamento con que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar.] *Anda, vai toma-lo aire, / xa que eres aire, en dar voltas! / Anda, vai tomalo, e vaite, / váiteme axina da porta!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 63).
869. **vaia o demo / vaia o diablo** COL. [Expresa sorpresa, desgusto ou desagrado.] *Vaia o demo...! Eu non sei como lle non dá vergonza* (Ricardo Frade Giráldez, 1925, TILG).
 {¡Vaya o Diablo! ¡Vaya o Demo!
 ¡Vaya que vosté tamen! ¡Vaya con la ocurrencia! ¡que ocurrencia! (FLP)}
870. **vaia que + ORACIÓN** [Úsase para dar énfase a algo.] *Vaia que la coma esta / non a tivo xa fai anos... / [...] / Quen é o que a leva nun brote / por no-andar arromanando?* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279). | *Vaia, muller, que fai falla / non ter vergonza, abofellas, / pra andar de riba pra baixo / co ise franxute!* (M. Leiras, LPOC, 375).
871. **vaia que tu/vós... tamén!** [Expresa sorpresa, desgusto, desagrado.] *Vaia que vós tamén ¿como dicides esas cousas?!*
 {Vid. ¡Vaya o Diablo!}

O pronome persoal tónico de segunda persoa na comarca mindoniense é “tu”, mais a RAG prefere a forma occidental “ti”.

872. **val Dios que** + ORACIÓN COL. [Expressa que algo que se vai dicir é unha sorte.] *Val Dios que nunca tiveche / que limpar, como tes aire; / que, si o tiveras, xa o demo / podía vir temperarte* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12).
A forma normativa é “vale Deus que + ORACIÓN”.

vállame/che... Dios! > 803

873. **zas, que lostrega!** COL. [Dise para animar alguén a que faga algo, por ser

o momento indicado.] *Ai, home, zas que lostrega!*

{¡Ai, home, zas, que lostrega! – ¡Dale, hombre, que está en punto! (FLP)}

874. **zúmballe o virillo!** COL. [Dise para ponderar ou eloxiar algo.] *Que ben canta, zumbálle o virillo!*

{¡Zumball’o virillo! ¡Roncall’o calleiro! ¡Doill’o ollo} Está o es perfecto, acabado, superior; no hai quien se la empate (FLP)}

Noriega recolle a expresión sen a parte final: [ZÚMBALLE! ESO SI QUE LLE ZUMBA! (Requiebro intraducible) (NV)].

2.5. Refróns

875. **ao brazo colo i-á perna cama** [Aconsella que para cada mal se procure o remedio apropiado.]

{Ô brazo colo y â perna cama – La pierna en el lecho y el brazo en el pecho (FLP)}

Nicanor Rielo Carballo recolle, en LPEDC, o seguinte refrón: “perna ó leito e brazo ó peito”. A forma normativa é “ao brazo colo e á perna cama”.

876. **canta máis prisa máis vagar** [Desaconsella facer as cousas con présas, xa que xorden problemas e acábase máis tarde.] *Tanto desexo como tiña de me erguer cedo e mira para aí. Éche ben certo: canto máis présa máis vagar* (X. Lesta Meis, LMXA, 1930, 93).

{Canta máis prisa máis vagar – A mas prisa mas vagar (FLP)}

O propio Manuel Leiras recolle este refrón en RLP. A forma correcta en bo galego é “canta máis présa máis vagar”.

877. **donde hai lume hai fume** [Lémbranos que as cousas que se fan ou que suceden sempre deixan indicios ou sinais.]

Os dous partidos da coalición din que o choque pola reforma saldouse positivamente. Porén onde hai fume hai lume, máxime en forzas cunha historia tan distinta. A menos que unha parte ceda en aspectos esenciais (Manuel Mera, Nós Diario, 29-X-2021).

{Donde hay lume hay fume – Donde fuego se hace humo sale (FLP)}

A forma correcta é “onde hai lume hai fume”. Leiras non recolle este entre as coleccións de refróns que publicou (RLP), poida que por non consideralo refrón. Tamén existe a variante “onde hai fume hai lume”, entre outras variantes.

878. **máis val algo que nada** [Non se deben desprezar as cousas, aínda que sexan pequenas.] *Se nos regalan algo que serve para pouco ou se nos dá moito menos do que era de esperar, non hai lugar para o descontento.*

Sempre “vale máis algo que nada”. Non se humilla o que recibe algo inadecuado senón o que fai o regalo (Manuel Quintáns, 1995, CORGA).

{Máis val algo que nada – A falta de pan buenas son tortas (FLP)}

Aparece recollido como refrán no dicionario de Eladio Rodríguez: *máis vale algo que nada* (DEGC). As formas normativas son “máis vale algo ca nada” e “máis vale algo que nada”.

879. **non tódolos martes son días de Antroido** [Dá a entender que non todos son días de diversión ou de festa. Pódese aplicar a diferentes situacións co sentido de ‘non é o momento adecuado’.] *Non che vou, home; non todos os martes son días de Entroido. Têñoche máis que facer.*

{Non todol-os martes son días d’antroido – No hay orejas para cada martes (FLP)}

A forma preferente é “non todos os martes son días de Entroido”.

880. **o que unha fai fai un cento** [Lémbranos que a persoa que fixo unha mala acción é capaz de facer máis, e non debemos fiarnos dela.] *Anque cen cruces me poñas, / nunca máis fe che hei de dar; / que o que unha fai, fai un cento / si se lle certa a cadrar* (M. Leiras, LPCG, 1911, 38).

Pode tratarse do refrán completo ou dunha parte. Entre outros parecidos, temos o seguinte, que recolle Eladio Rodríguez: *Quen fai un cesto, fai un cento, se lle dan vimbios e tempo* (DEGC). Outro que podemos citar é

O que fai unha fai un cento se lle dan lugar e tempo.

881. **o que valeu e non vale, coma si nunca valera** [Lémbranos que o que conta é o presente, non as glorias pasadas.] *Só lle queda / ir podrecendo, arrumbada, / no areal, ao pé das penas, / sin amarras i-esquencida...; / astra que unha vaga veña. / I-a esbandalle, e co ela arrample / sabe Dios pra qué ribeira... // O que valeu e non vale, / coma si nunca valera!* (M. Leiras, 29-X-1921, 352).

As formas normativas son “o que valeu e non vale, coma se nunca valse” e “o que valeu e non vale, como se nunca valse”.

882. **pouco mal e ben xemido** [Dise para amoestar os que se queixan moito por un motivo de pouca importancia.] – *Pois mira ti que xuízo... ¡ofrecerlles ás mulleres o goberno [...]! Tenche colgantes a cousa! – Pouco mal e ben xemido! Xa te decatarrás ti do que é gobernar con xeito e responsabilidade* (LCMR, 1997, 180).

{Pouco mal e ben xemido – Poco mal y bien quejado (FLP)}

883. **quen se condena que non se condene** [Expresa que non se debe pensar mal.] *Pois se pensan así é problema deles, quen se condena que non se condene.* {Quen se condena que non se condene – Quien piensa mal, se equivoca (FLP)} Tamén a recolle Noriega [QUEN SE CONDENA, QUE NON SE CONDENE: No quieras envilecerte pensando mal (Honni soit qui mal y pense) (NV)].

Agradecementos

A César Cunqueiro, Lourenzo Fernández Prieto, José Luís Graña Muíño, Xesús López Valcárcel, Luís Miguel Lustres Blanco e Manel Monteagudo.

Apéndice I. Expresións non fraseolóxicas

Neste apéndice, incluímos aqueles casos do traballo de recollida de frases de M. Leiras que non consideramos fraseoloxía.

- {Abofé – A buena fe, ciertamente, de seguro, sin duda (FLP)}
- {Andar profano – Ostentar lujo y vanidad (FLP)}
- {Andar torto – Estar desganado (FLP)}
- {Bravo se lle da – Poco le importa (FLP)}
- {Bravo sei, bravo sabe – Que se yo, que sabe él (FLP)}
- {Cadrar conforme – Estar de acuerdo (FLP)}
- {Dar unha fungada. Botar unha fungada – Reprender (FLP)}
- {Está ceguiña. Está ceguiña de todo – No tiene malicia, no está maleada, está enamorada perdidamente (FLP)}
- {Facers’o morto – Hacer la mortecina (FLP)}
